



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 142

VII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 7 de outubro de 2008

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Dolores Villarino Santiago

ORDE DO DÍA

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

Punto único:

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 07/DEBA-0003 (31081)

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño.* (Páx. 3.)

Suspéndese a sesión ás once e cincuenta e sete minutos.

Retómase a sesión ás catro e trinta e tres minutos.

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Quintana González (BNG)* (Páx. 22.), *Sr. Rego González (S)* (Páx. 29.) e *Sr. Núñez Feijoo (P)*. (Páx. 35.)

Resposta do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño.* (Páx. 44.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Quintana González (BNG)* (Páx. 54.), *Sr. Rego González (S)* (Páx. 58.) e *Sr. Núñez Feijoo (P)*. (Páx. 60.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Contrarréplica do presidente da Xunta: *Sr. Pérez Touriño.* (Páx. 62.)

A señora presidenta comunica o prazo de presentación para as propostas de resolución, que será ata mañá, día 8, ás once do mediodía. Así mesmo, informa de que a Mesa lles distribuirá aos grupos parlamentarios as propostas admitidas, e suspende a sesión. (Páx. 65.)

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

Ábrese a sesión.

Non se lle dará lectura á orde do día, como é tradicional, por estar publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 619, do 3 de outubro do 2008.

Non se xustificou ningunha inasistencia.

Entramos na orde do día, de punto único.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):

Señora presidenta, señoras e señores deputados, en xuño do 2005 a maioría dos galegos abriu as portas ao cambio político na nosa terra e encomendáronme presidir un goberno de progreso, introducir en Galicia unha maneira nova de gobernar e desenvolver durante catro anos un proxecto de avance e modernización do noso país.

Asumín o compromiso con ilusión e dedicación plena, sin regatear sacrificios. Empeñei a miña palabra en convertirme no presidente de todas as galegas e de todos os galegos, calquera que fose o seu voto ou as súas circunstancias persoais. Administrei a confianza que depositaron en min co único propósito de servir a Galicia, de antepoñer os intereses do país a calquera consideración de tipo partidario: Galicia, e só Galicia, como norte da miña acción de goberno.

Superadas as tres cuartas partes da lexislatura, comparezo nesta Cámara para dar conta da transformación experimentada polo país neste último trienio. Un cambio, señorías, tranquilo, meditado e responsable; pero tamén un cambio intenso e profundo, que rexenerou as institucións e as prácticas políticas, que vitalizou a nosa sociedade, removeu os

obstáculos que freaban o avance e puxo os alicerces dunha Galicia plenamente incorporada ao século XXI.

Foron, señorías, tres anos valiosos, porque Galicia agrandou a súa dotación de capital humano, do capital físico e do capital tecnolóxico do país. Temos, en definitiva, unha Galicia máis forte, con máis musculatura e con máis peso; unha Galicia mellor preparada que hai tres anos.

Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis próspera. A renda media das galegas e dos galegos alcanzou este ano, por primeira vez na súa historia, os 20.000 euros por habitante. Medrou en tres anos máis do 11% en termos reais; nese mesmo período a masa salarial da comunidade autónoma creceu notablemente por riba da media estatal. No último trienio, o noso poder adquisitivo, o dos galegos e das galegas, achegouse 7,3 puntos á renda media da Unión Europea e 4,1 puntos á renda media española.

Temos, señorías, unha Galicia máis forte porque temos máis traballadoras e traballadores. No segundo trimestre deste ano, cando xa se sentían claramente con intensidade os efectos da crise económica, alcanzamos o maior volume de emprego da nosa historia: 1.200.000 ocupados. En tres anos creáronse unha media de oitenta postos de traballo cada día, e dous de cada tres novos empregos foron ocupados por mulleres. No último trienio a taxa de paro rebaixouse en 2,8 puntos, ata situala no 8,3% da poboación activa malia o repunte do primeiro semestre deste ano. Cando chegamos ao Goberno a taxa de paro estaba dous puntos por riba da media española; agora estamos dous puntos por debaixo.

Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis competitiva. O valor das exportacións galegas medrou nun billón das antigas pesetas no último trienio. Trátase dun incremento superior ao 50%. Contamos hoxe, señorías, cunha economía máis aberta, máis internacionalizada, que a economía española, pero tamén máis competitiva, a xulgar pola evolución dos nosos produtos nos mercados estranxeiros.

Temos unha Galicia máis forte, señorías, porque temos unha Galicia con máis capital físico. En tres anos, o investimento en términos de formación bruta de capital creceu por enriba do 15%; 4,3 puntos por enriba do crecemento medio da eco-

nomía galega. O peso no PIB da capitalización alcanzou no trienio o 34,3%, 1,3 puntos superior ao do trienio precedente, o que reflicte sen dúbidas o proceso acelerado de capitalización do país.

E temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis accesible e máis vertebrada. Temos un país, señorías, en vísperas de abandonar definitivamente a periferia, unido a España, a Portugal e ao resto do mundo por cinco autovías, tren de alta velocidade, tres aeroportos e un reforzado e ampliado sistema portuario. Estamos a construír unha malla interna de comunicacións que está a mudar a fisionomía interna de Galicia, articulando plenamente o seu territorio. A nova cartografía do país recollerá un sistema de cidades unidas entre si todas por autovías e por AVE; todas as cabeceiras municipais situadas a menos de 30 minutos dunha vía de altas prestacións e un espacio perfectamente vertebrado.

Do ritmo, señorías, de realización, vou darlles simplemente un dato: en dezaseis anos do Goberno do Partido Popular puxéronse en servizo 27 quilómetros de autovía. Durante o meu mandato, e antes de que acabe este ano, abrimos 80 quilómetros de autovías libres de peaxe, e no ano 2012, no horizonte da próxima lexislatura, a rede autonómica de autovías libre de peaxe terase multiplicado por dez. Dos 27 quilómetros herdados pasaremos a 281 quilómetros de autovías libres de peaxe. *(Aplausos)*

Señorías, temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia que aposta pola innovación. Propuxémonos no horizonte do ano 2010 duplicar o número de investigadores e situar o gasto de I+D no 1,5 do noso PIB. Deseñamos e puxemos en marcha para lograr este obxectivo dous potentes instrumentos: o Plan galego de I+D+I e o Plan estratéxico de acceso á Sociedade da Información. Os primeiros resultados desa política, aínda parciais, son significativos e positivos. Nos dous últimos anos o emprego no sector das tecnoloxías da información e da comunicación –sector básico, estratéxico e de futuro– medrou nun 35% o número de empresas, que alcanzou xa o número de 1.500. Os servizos da sociedade da información xa acaparan perto do 12% do volumen de negocios do sector terciario da nosa comunidade, cunha achega á economía superior aos 1.500 millóns de euros. E paralelamente, señorías, en tres anos multiplicamos por 2,4 o financiamento da investigación nas nosas universidades.

Temos unha Galicia máis forte, señorías, porque a temos máis preparada, conscientes de que investir en educación é investir e comprar futuro. O gasto por alumno medrou nun 35%, ata situalo nos 6.200 euros por alumno. Aumentamos en 1.137 o número de profesores –e, por certo, convertémonos a volta ao cole na menos onerosa de toda España para as familias–.

Temos unha Galicia máis forte porque temos unha Galicia máis habitable. En tres anos impedimos a privatización da nosa costa coa Lei dos 500 metros. Desbotamos os encoros que amenazaban os nosos ríos. Iniciamos a rexeneración das rías. Devolvemos ao patrimonio público illas emblemáticas para o seu uso colectivo. Implantamos un urbanismo responsable e deseñamos, a través das directrices de ordenación do territorio, as coordenadas da Galicia do futuro. *(Aplausos)*

Temos, señorías, unha Galicia máis solidaria, porque un país máis solidario é aquel que se constrúe dende a infancia, garantindo a formación dende os primeiros anos da vida. En tres anos incrementamos nun 65% as prazas públicas en escolas infantís. Acadamos hoxe unha cobertura do 17,5%, procedíamos de apenas un 11%; o ano que vén alcanzaremos o 22% e no 2010 chegaremos ao 33% de cobertura, que é o ratio recomendado pola Unión Europea. No ano 2005 só 85 municipios dispoñían deste servizo, hoxe téñeno 166 concellos da nosa comunidade.

Un país máis solidario é aquel que facilita e favorece a emancipación de mozas e mozos, que lles abre oportunidades para desenvolver o proxecto de vida e lles facilita o acceso a unha vivenda digna a un prezo taxado. En tres anos iniciamos a construción de 11.539 vivendas protexidas, sumando a promoción pública e a concertada, e acometemos a rehabilitación de case 22.000 inmobles. Este ano puxemos en mans privadas 540.000 metros cadrados de solo para construírmos 4.000 vivendas protexidas nas principais cidades de Galicia.

Un país máis solidario é aquel que respecta e protexe os seus maiores e as familias máis vulnerables. En tres anos asentamos os piares do Sistema Galego de Benestar Social: Aprobamos un complemento de pensións non contributivas para máis de 50.000 familias; creamos unha rede de 55 centros de día e iniciamos o desenvolvemento pleno da Lei de dependencia, da que xa se benefician 10.800 persoas.

Un país máis solidario é aquel que reforza o dereito universal á saúde. En tres anos, señorías, eliminamos a débeda de 400 millóns de euros que asfixiaba o sistema. Establecemos novas prestacións do sistema público de saúde, pioneiras en todo o Estado. Recortamos nun 40% o tempo de espera cirúrxica e aumentamos o cadro de personal con 2.748 novos profesionais; unha cifra, por certo, superior a toda a ampliación realizada nos oito anos anteriores.

Señorías, temos unha Galicia mellor que hai tres anos, e temos en consecuencia un país máis forte, máis resistente, con máis confianza e con máis capacidade de resposta ás arremetidas da crisis que atravesa a economía mundial. Pero hanme de permitir que, antes de internarme na análise das turbulencias económicas, das súas repercusións en Galicia, e sobor de todo da forma en que este Goberno lle está a plan- tar cara, debulle os aspectos máis relevantes do traballo desde que asumín a Presidencia da Xunta e que avalan este diagnóstico.

Refirome, en primeiro lugar, a unha nova maneira de gober- nar. Propúxenme dende o primeiro momento da miña toma de posesión establecer un novo tipo de relación entre Gober- no e sociedade; unha nova maneira de entender a acción do Goberno, un novo estilo, que se asenta en tres principios básicos: a transparencia, o diálogo social e a cooperación institucional.

O primeiro destes principios é o que inspirou iniciativas inéditas na nosa comunidade como as leis de transparencia e de subvencións, o Rexistro de actividades e bens patrimo- niales dos altos cargos e a posta en marcha do Rexistro público de subvencións e convenios. (*Aplausos.*) E podo adiantarlles, señorías, que complementaremos este exercicio de transparencia e proximidade coa aprobación, no vindeiro Consello da Xunta dos xoves, do Proxecto de lei de publi- cidade institucional, e dispoñemos tamén, antes de que remate o ano, do Proxecto de reforma do Consello da Radio-Televi- sión Galega.

Esta lexislatura está a establecer un fito no impulso dunha nova cultura parlamentaria en Galicia. Só lles vou dar un dato: quen lles fala compareceu once veces diante desta Cámara nestes tres anos; o anterior presidente, tres veces en dezaseis anos. Despregamos unha intensa actividade legisla- tiva; promovemos corenta e nove novas leis, boa parte delas

destinadas a reorientar e reordenar actividades en sectores básicos do noso país.

Diálogo no Parlamento e diálogo coa sociedade. O primeiro que fixen cando fun elixido presidente da Xunta de Galicia foi apelar e convocar os axentes sociais e económicos. A ini- ciativa do diálogo social neste tempo foi un instrumento de extraordinario valor para crear un clima de confianza na nosa comunidade, para atraer investimentos, para mellorar as condicións laborais dos traballadores, para combater o desemprego e a precariedade, para incrementar finalmente a produtividade e a competitividade da nosa economía. Entre os moitos froitos derivados dese acordo polo diálogo social e polo emprego, o recentemente asinado Acordo pola com- petitividade. Por certo, ningún deses acordos foi tarefa doada, e o seu valor por eso é aínda maior. Como do máxi- mo valor son tamén o conxunto das leis aprobadas en mate- ria laboral, como consecuencia dese acordo social.

Transparencia e diálogo social e tamén unha nova maneira de entender a cooperación institucional. Seis meses despois da chegada ao Goberno asinábamos coa Fegamp o inédito e sempre reclamado Pacto local e inaugurábamos unha canle de diálogo permanente coas administracións públicas gale- gas. Outro trato, outra relación, outra concesión. O Pacto local supuxo en tres anos un incremento dun 42% na parti- cipación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autó- noma a través do Fondo de Cooperación Local.

Cooperación cos concellos e cooperación e diálogo co Goberno de España e o seu presidente. Un diálogo, por certo, esixente; un diálogo leal para aumentar as cotas de autogoberno da nosa comunidade. Nesta lexislatura acorda- mos coa Administración central transferencias en ámbitos cruciais como a sanidade, o benestar social ou o medio ambiente. Hoxe xestionamos o Hospital naval de Ferrol e liberámonos da débeda que esmagaba a nosa sanidade públi- ca grazas ao financiamento que conseguimos pechar co Estado. Hoxe contamos con máis de 60 millóns de euros adi- cionais para saldar o déficit histórico acumulado no país en materia de servizos sociais. Hoxe a xoia da corona dos nosos parques naturais, o Parque nacional das Illas Atlánti- cas, é xestionada desde e para Galicia. (*Aplausos.*)

Porén, pola actitude pechada e inmovilista da dereita, Gali- cia non puido avanzar no seu autogoberno a través da refor-

ma do seu Estatuto de autonomía. Quen lles fala, en nome da maioría que sustenta a acción do Goberno, só puxo daquela unha condición: lograr un estatuto de primeira; un estatuto nin un milímetro por debaixo do resto das comunidades; un estatuto que tiña que ser de todos e para todos; un estatuto que, respectando os límites constitucionais, outorgase ao pobo galego o máximo nivel competencial, o máximo recoñecemento identitario e os instrumentos necesarios para garantir novos dereitos e maiores niveles de progreso e benestar social.

Señorías, confío plenamente en que o pobo galego, a través do seu mandato nas urnas, relanzará na vindeira lexislatura este proxecto, un proxecto que –queroo reafirmar na Cámara hoxe unha vez máis– constitúe hoxe unha aspiración irrenunciable do presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Un diálogo esixente e leal –decía– co Goberno de España para garantir o investimento do Estado en Galicia. Por esa vía, o Goberno que presido conseguiu nos últimos catro exercicios que fluíse cara ao noso país un caudal de recursos como nunca fluíu na nosa historia, señorías. Dende que asumín a Presidencia da Xunta, durante catro exercicios orzamentarios consecutivos, o Estado destinou a Galicia o 8 por cento do seu investimento. Trátase dun esforzo de reequilibrio e de cohesión inédito, que se traducirá certamente, o ano que vén, en máis de 2.000 millóns de euros para realizar os grandes proxectos estratéxicos que o país demanda. Só convén lembralo para as memorias fráxiles, 1.000 millóns de euros é o dobre que o consignado nos últimos orzamentos do Partido Popular, cando gobernaba con maioría absoluta aquí e alá. *(Aplausos.)*

Nos tempos do “Goberno amigo”, señorías, o investimento por habitante situábanos 25 puntos por debaixo da media do Estado. Hoxe, hoxe, estamos exactamente en 33 puntos por riba desa media. Un diálogo esixente e leal co Goberno de España para lograr un sistema de financiamento autonómico xusto, eficiente e solidario.

A ninguén se lle escapa que estamos a afrontar un dos asuntos capitais e cruciais para o devenir da nosa comunidade: a revisión obrigada, polas súas insuficiencias, do actual modelo de financiamento económico. Estámolo a facer –o quero resaltar– dende a transparencia e o diálogo cos grupos da Cámara, e invítolles a seguir buscando xuntos unha posición

consensuada e de país que reforce a nosa entidade negociadora.

A postura de Galicia é clara e coñecida. Así lla transmitimos ás forzas parlamentarias da Cámara e ao Goberno do Estado. O novo sistema debe garantir e compatibilizar a autonomía financeira e a suficiencia de recursos para a prestación dos servizos, a corresponsabilidade á que aspiramos e queremos e a necesaria solidariedade. O novo modelo debe ter en conta os factores diferenciais que encarecen a prestación de servizos na nosa comunidade: a dispersión da poboación e o avelentamento demográfico nomeadamente. E debe, en definitiva, garantir máis recursos para o exercicio de todas as nosas competencias. Neste sentido –subrayo– quero salientar un avance, que o Ministerio de Economía se pronunciase xa co conselleiro de Economía a prol de incrementar a ponderación dos baremos que reflicten a nosa singularidade, e tamén que o novo sistema se vaia a incluír a totalidade dos servizos públicos que as comunidades prestan aos seus cidadáns, contravindo criterios procedentes doutras comunidades.

Señorías, se houbera unha balanza para medir o peso institucional dun país, eu non albergo dúbidas de que certificaría o incremento do noso peso e presenza na esfera internacional. E o quero dicir, unha boa parte dese peso crecente débemollos aos nosos emigrantes. Esa é a razón pola que, dende que asumín a responsabilidade de gobernar o país, marquei o obxectivo de cambiar a política de favores pola política de dereitos, porque os nosos emigrantes son cidadáns de pleno dereito, e por iso me comprometín e impulsei o cambio normativo necesario para que poidan votar en urna. Puxemos en marcha, ademais, un programa de axudas asistenciais para atender aquelas persoas en situación de precariedade económica, duplicando cuantía e número de beneficiarios. Nunha iniciativa tamén inédita logramos que o Goberno arxentino adscribise unha obra asociada ao Hospital do Centro Galego de Bos Aires, o que nos permitiu o que non estaba conseguido, garantir a viabilidade económica e, polo tanto, as prestacións sanitarias para miles e miles de galegos residentes en Arxentina. Doutro xeito, o Hospital estaba condenado a esmorecer, como o estaba tamén o Hospital Casa Galicia de Montevideo, co que asinamos un convenio para modernizar e renovar os seus equipamentos e garantir así a asistencia sanitaria que presta a máis de 21.000 galegos e galegas residentes en Montevideo.

Apostamos por afondar nas relacións cos descendentes dos nosos emigrantes en Galicia, para o que impulsamos bolsas de estudos na nosa terra, tanto universitarios como agora, por primeira vez en España, señorías, de formación profesional de grao superior.

Abrimos en Bos Aires a primeira delegación oficial da Xunta de Galicia no exterior. E podo anunciarlles que neste mes abriremos a nova delegación en Montevideo e no ano 2009 a sede en Bruxelas, porque esa é a forma de defender, con transparencia e institucionalmente, a Galicia, ao país, á Comunidade, no exterior; lonxe, por certo, de Florianópolis varias. *(Aplausos.)*

O cambio, señorías, é patente na nosa acción exterior. Intensificamos as relacións coas institucións europeas, onde por primeira vez Galicia asiste aos consellos de ministros e se escoitou, por certo, o idioma galego. Estreitamos lazos cos países irmáns de Latinoamérica e Portugal. As relacións co país veciño fortalecéronse coa constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial co Norte de Portugal. Comunidade pioneira no ámbito ibérico e europeo, Vigo convértese así na capital da eurorrexión e podemos iniciar unha cooperación de segunda xeneración.

Abrimos as portas, ademais, a comunidades fronteirizas nos cumios entre España e Portugal. Foi alí, en Évora, en Badajoz, en Braga, onde acadamos o compromiso de ambos estados de concederlle ao AVE Vigo-Porto a mesma prioridade cá conexión con Lisboa. E foi tamén neses cumios –e concluyo– donde se decidiu reforzar a cooperación científica e tecnolóxica e sentar as bases do futuro Laboratorio Internacional de Nanotecnoloxía de Braga, un centro de vanguardia e de referencia mundial dirixido por un investigador das nosas universidades.

Educación, innovación e progreso social.

Señorías, saben que nos comprometimos a incrementar o presuposto educativo nun 20% nesta lexislatura. En só tres anos incrementamos o orzamento nun 25,5%, 5,7 puntos máis que o Goberno do PP en catro anos. O compromiso pois, a falta todavía dun orzamento, está máis que cumprido. Demostramos así a nosa convicción de que a educación é o maior investimento de futuro, garante da igualdade de oportunidades e a fonte de competitividade nun mundo cada vez máis global.

En materia educativa, señorías, foron tres anos útiles. Estendemos o programa de gratuidade de libros de texto a todo o ensino obrigatorio; del beneficiáanse este ano 165.000 familias. Así é que se explica que a volta ao cole sexa a menos gravosa de toda España. Ampliamos o servizo de comedores escolares. Tres de cada catro centros de infantil e primaria, máis de 60.000 alumnos, acceden a este servizo.

En colaboración cos concellos decidimos abrir –tamén nunha iniciativa inédita e inexistente– os centros fóra do horario escolar. Facilita ademais a conciliación da vida laboral e familiar. Do éxito desta iniciativa reciente dan conta os datos: 700 centros de 175 concellos participan nel.

Adiantamos, por certo, o límite para establecer a normativa de acompañamento no transporte escolar. Sólo basta recordar que no ano 2004-2005 tiñamos solamente 69 rutas cubertas; co Goberno actual, a totalidade das que o precisan: 2.012 rutas en toda a Comunidade Autónoma. *(Aplausos.)*

Útiles, señorías, para renovar o equipamento tecnolóxico e a incorporación das novas tecnoloxías ás aulas. Investimos en tres anos o 90% máis que en toda a lexislatura anterior. Aprobamos 23.300 axudas de 300 euros ás familias con menos recursos para a compra de ordenadores. E nos centros educativos pasamos de ter un aula con ordenadores a ter ordenadores nas aulas. En tres cursos, duplicamos os equipos informáticos da rede de centros públicos. Tiñamos un parque de 30.000 ordenadores –32.000 exactamente– e agora temos 68.000. Cando chegamos ao Goberno, a ratio era de 12 alumnos por ordenador. Hoxe estamos no ratio requerido por todos os analistas expertos: un ordenador por cada 5 alumnos.

Propoñémonos, señorías, –e así o comprometo– que neste curso o 100% dos institutos de Galicia estarán cableados e con acceso a internet en todas as dependencias. O meu compromiso é que no ano 2010 todos os centros de primaria de Galicia teñan tamén acceso a internet en alta velocidade. Todas estas accións, señorías, significan que hoxe os ordenadores, as pizarras electrónicas ou os videoproxectores xa non son artigos de luxo, no mellor dos casos, almacenados nun aula, senón que son instrumentos de uso cotián incorporados na formación dos nosos mozos e mozas. Significa, por outra parte, situar a Galicia no grupo de cabeza entre as autonomía con maior implantación das novas tecnoloxías.

E foron tamén tres anos útiles para unha deuda histórica da nosa comunidade: a aprendizaxe de linguas estranxeiras. O alumnado galego pode empezar a aprender a primeira lingua estranxeira, por primeira vez, dende os tres anos, grazas aos programas de anticipación que puxemos en marcha; este curso son xa máis de 800 os centros de ensino infantil que ofrecen esta opción. Ademais, saben que incrementamos a posibilidade de estudar con beca –tamén nun programa inexistente–, con máis de 4.300 bolsas para estadias no estranxeiro nos tres últimos exercicios. Fixemos un grande esforzo, e o vamos a seguir facendo, coas seccións bilingües, das que se benefician na actualidade 10.000 alumnos.

E finalmente quero sinalar un dato en materia educativa, Galicia hoxe está na cabeza do grupo de autonomías con índices máis baixos de fracaso escolar –si, a partir de aí, podemos discutir por qué e cómo–, e concretamente seis puntos por debaixo da media española. É un dato bo, pero non me sinto –e o Goberno non se sente– todavía satisfeito. O obxectivo que perseguimos é seguir reducindo os índices de fracaso escolar e o abandono temperán ata lograr situarnos proximamente na media da Unión Europea. Tamén nos esforzamos no obxectivo de mellorar o índice de poboación con estudos postobrigatorios, e impulsamos a matriculación na Formación Profesional. Presentamos o II Plan Galego de Formación profesional 2008-2011, como saben. Vai a ser un instrumento de gran importancia para ordenar esta materia estratéxica da nosa oferta educativa, a sempre esquecida e olvidada FP, co establecemento de mecanismos de colaboración con empresas e coa necesaria adaptación da FP ás necesidades precisas do mercado laboral.

Por último, non quero deixar de referirme ao ensino universitario, porque o Goberno que presido apostou igualmente pola Universidade. A mellor proba do que digo foi a decisión de incrementar os recursos destinados ás universidades por riba do que sinala o plan de financiamento vixente establecido para o período 2005-2010.

Eses fondos medraron un 50% en tres anos. Neste curso último investimos 140 millóns máis que no ano 2005. O gasto por estudante, señorías, medrou en Galicia o dobre que no conxunto do Estado durante o período 2004-2006. O financiamento público das universidades alcanza hoxe en Galicia o 0,77% do PIB, 11 décimas máis que a media estatal. Se temos unha ratio baixa e unha posición non doada na rela-

ción de financiación pública todavía, hai que preguntarse o que sucedeu anos atrás co financiamento universitario.

A miña decisión é manter e incrementar ese compromiso e ese esforzo; nos vindeiros orzamentos do Goberno galego así será. Inxectaremos fondos adicionais para que as universidades non paguen a crise. (*Aplausos.*) Porque o que sucede, señorías, e o debemos saber todos, de seguir co modelo vixente, as universidades recibirían o ano que vén 4 millóns de euros menos que o ano anterior. Non obstante, a nosa decisión está tomada, incrementaremos en 11 millóns de euros o presuposto do ano próximo, o que supón máis de 15 millóns que o que nos obriga o plan vixente.

Porén, cremos necesario reformular canto antes o sistema de financiamento vixente, e así o faremos no primeiro semestre do ano próximo. O novo modelo, cuxa revisión –como digo– se adiantará á primeira parte xa do ano que vén, debe incorporar necesariamente obxectivos de competencia científica, de eficiencia na docencia, de inserimento laboral, de internacionalización e de transferencia de tecnoloxía que actualmente non previstos e que lastran o financiamento e o funcionamento das nosas universidades.

Señorías, atopamos unha sanidade pública galega descapitalizada en recursos económicos, humanos e dotacionais. Esa situación, por certo, inducía a que moitos cidadáns tiveran que buscar axuda fóra do sistema público sanitario. Servía, por certo, tamén, como elemento crucial que aínda segue na intención de moitos de deslexitimar o sistema público sanitario da nosa comunidade.

O endebedamento, señorías, superaba os 400 millóns de euros; o período medio de pago das facturas situábase nos centros en 142 días; o pago obrigado dos intereses de demo-gravaba cada ano con 10 millóns de euros; as fundacións hospitalarias estaban en creba técnica; a transparencia nos procedementos de contratación era inexistente, só un 5% das compras se facían por concurso público.

Diante deste panorama, lamentable, o que fixemos foi o seguinte: Sneamos a sanidade con 413 millóns de euros, aca-dando nos último orzamentos, xa no 2006, unha débeda esixible de cero euros. Inxectamos case 23 millóns de euros para sanear as fundacións hospitalarias que integramos no sistema. Incrementamos o orzamento sanitario nesta legisla-

tura un 43%; un esforzo que supera o feito nos nove exercicios anteriores por parte da maioría popular. *(Aplausos.)* Reducimos o período de pago aos provedores de 142 a 56 días, e hoxe realizamos mediante concurso público integrado o 45% das compras hospitalarias.

En canto aos recursos humanos ¡que decir! Durante quince anos, señorías, nunca houbo unha oferta pública de emprego na sanidade. Non había emprego estable e os contratos eran precarios; os efectivos eran escasos e nulas as necesidades de previsión. ¿Que fixemos? No ano 2006 ofertamos 3.084 prazas, e este ano convocaremos, como está comprometido, 1.400 para consolidar o emprego en enfermería, auxiliares, celadores e persoal de cociña. Señorías, unha vez rematada esta oferta, a taxa de estabilidade no Servizo Galego de Saúde elevárase ata o 96%, unha das máis altas de España. Incrementamos en só tres anos o número de efectivos reais en 2.748 prazas, unha cifra –como digo– superior, tamén en personal, aos oito anos anteriores de exercicio do Partido Popular.

No ámbito asistencial, un modelo descoordinado, actos clínicos illados, escasamente racional e pouco eficiente. Tivemos que dar, señorías, un xiro copernicano, de raíz, de fondo, ao sistema público sanitario.

Este é o obxectivo do Plan de atención e mellora da atención primaria 2007-2011 acordado cos sindicatos e coas sociedades médicas, dotado cun orzamento de 63 millóns de euros, que vai supoñer un incremento de 1.061 novas prazas en todos os niveis profesionais da atención primaria, da porta de entrada ao sistema sanitario público. *(Aplausos.)*

Señorías, puxemos tamén en marcha un Plan integral de mellora da eficiencia hospitalaria e da xestión dos tempos de espera. Non estamos todavía satisfeitos en casi nada da nosa acción, porque queremos ir a máis, estamos obrigados a ir a máis. Pero señorías, hai que decir tamén que recortamos o tempo de espera cirúrxica, de 137 días cando herdamos o sistema, a 84 días, con datos de decembro de 2007. Ampliamos o abano de prestacións sanitarias con iniciativas pioneiras en España moitas delas: o Programa de saúde bucodental para nenos e nenas hasta os 14 anos, o Plan de atención integral da saúde da muller, o Plan sobre drogas, o Plan de saúde mental, os coidados paliativos nos sete grandes centros, a vacinación conta a meninxite ou as tecnoloxías da información e da comunicación.

Quero tamén mencionar, para concluír o aspecto sanitario, que estamos na tarefa de ampliación e renovación profunda das infraestruturas sanitarias galegas que estamos a levar a cabo, recollidas no Plan director de infraestruturas 2008-2013, unha tarefa de gran calado e envergadura, a ninguén se lle pode escapar. Tiñamos un déficit e unha obsolescencia profunda en moitas áreas de infraestruturas do noso sistema sanitario, nomeadamente no sur, en Vigo e en Pontevedra. Durante ese período remataremos a construción de dous novos grandes hospitais, en Vigo e en Lugo, o Hospital Único en Pontevedra, as grandes obras de reforma e ampliación dos hospitais de Ourense, A Coruña, de Ferrol, de Santiago, do Salnés, da Costa da Morte e da Barbanza, ademais da creación de 66 novos centros de saúde e obras de ampliación noutros 22.

Estamos introducindo, e non se nos esquecerá nunca que ese debe ser o norte de actuación, o que respecta a dereitos dos pacientes. Creamos a figura do Vicevaledor do paciente; establecemos o dereito á segunda opinión médica; aprobamos a Lei da saúde, que recolle un auténtico código de dereitos dos usuarios, regulando, entre outros, o dereito á intimidade, ao acompañamento, á confidencialidade e á información.

Señorías, foron, en suma, tres anos de profundo cambio, mellora e renovación no sistema sanitario público, que caminaba por si só, tal e como viña, a un colapso financeiro, profesional e asistencial. *(Aplausos.)*

Poderíamos decir o mesmo case, *mutatis mutandis*, señoras e señores deputados, se falamos –como vamos falar– dos servizos sociais que recibimos hai tres anos, caracterizados pola fragmentación, pola desigualdade territorial e por uns niveis de protección que situaban, con todos os indicadores recoñecidos, unha vez máis a Galicia no furgón de cola de España. O noso reto foi construír un Sistema Galego Público de Servizos Sociais. O desafío no que estamos é configurar unha rede de protección social, articulada desde os principios de igualdade de oportunidades, de equidade e reequilibrio territorial, e orientada a mellorar as condicións de vida dos nosos cidadáns.

O Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, do que forman parte xa 261 concellos, obviamente de todos os cores políticos, foi a fórmula escollida para lograr

unha xestión áxil, moderna e eficaz destes servicios. Entre os seus obxectivos para o ano 2008 atópase o de crear 1.351 novas prazas en 38 centros de atención á dependencia. A través da Sociedade Galega de Servizos Sociais, o Goberno autónomo e as Caixas de Aforros poranse en marcha este ano seis novas residencias e asumírase a xestión doutras dúas. En total, 1.000 novas prazas residenciais.

Quero referirme tamén a esa radical transformación que neste trienio experimentou o Sistema Galego de Benestar, co deseño, ampliación e implantación da rede de atención pública á terceira idade e á dependencia. Isto comprende basicamente a Rede Galega de Centros de Día, o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, o Programa de axuda no fogar e a Teleasistencia.

Hai tres anos, señorías, non existía un só centro de día na rede pública. Na actualidade contamos xa con 30 centros, que ofrecen máis de 90 prazas, cifra que nos achega ao obxectivo para esta lexislatura, consistente no ano 2009 en ter 55 centros operativos e 2.200 prazas para persoas maiores.

Outra novidade valiosa e positiva desta lexislatura é a posta en marcha da Rede Galega de Centros de Alzheimer, que en menos dun ano de existencia conta xa con 7 equipamentos de atención diúrna que ofertan 204 prazas. A rede debe complementarse no ano 2009 con 6 novos centros.

No ámbito específico da implantación da Lei de dependencia, na actualidade presentáronse 50.105 valoracións, das cales están realizadas o 90%. Das persoas valoradas, máis de 28.182 teñen o dereito xa recoñecido ás prestacións que a lei marca. Destas, 10.800 xa teñen asignado un recurso específico para garantir a atención da súa situación de dependencia, e concretamente 7.212 xa se benefician das diferentes libranzas da dependencia, que establece pagas mensuais —como saben— que van desde os 500 aos 1.300 euros. *(Aplausos.)*

A construción desa Galicia social e solidaria pasa, sen dúbida, tamén polo esforzo da loita contra toda forma de exclusión social, a loita contra a pobreza. Ao chegarmos ao Goberno había, como en case todo o déficit social, un dato demoledor: un 14,8% da poboación galega, uns 130.000 fogares, estaban en situación de risco, de pobreza, especialmente no medio rural, coas mulleres como as principais

afectadas. A combater esta situación vai dirixido xustamente o II Plan galego de inclusión social 2007-2010, e, dentro del, as chamadas Oficinas de Igualdade e Benestar.

Nos últimos meses, puxéronse en funcionamento 11 oficinas en toda Galicia, que prestan servizo a máis de 200 concellos xustamente para batir e combater as situacións de exclusión. Así mesmo, saben que máis de 50.000 persoas —o 70% delas, por certo, mulleres— percibirán antes de que remate este ano a paga única que complementará as súas pensións coa aportación autonómica. Beneficiaranse deste complemento autonómico os perceptores de pensións non contributivas. Saben que o complemento desa paga única de 200 euros significa unha dotación de 10 millóns de euros para poder acadar ese obxectivo aprobado na Lei de orzamentos pasada.

Señorías, queremos un transporte público que ten que ser o que non é ata agora: un transporte atractivo, un transporte fiable, un transporte alcanzable por todos os cidadáns. O transporte público ten que desempeñar un papel fundamental, debe ampliar a seguridade, mellorar e abaratar a mobilidade, desconxestionar as áreas urbanas, reducir as taxas de polución e contaminación acústica e, en definitiva, ceder o paso ás persoas, que son as únicas propietarias do espazo e da praza pública. *(Aplausos.)*

Esas consideracións, señorías, son as que inspiran o novo transporte metropolitano de Galicia que vimos de presentar hai poucos días. Este plan, este programa, permitirá duplicar en cinco anos o número de usuarios do transporte público, ata chegar aos 225.000 diarios, así como retirar da circulación 56.000 vehículos das nosas estradas.

Trátase dunha proposta, en definitiva, señorías, que imos implantar de acordo cos 56 concellos das áreas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol. Unha proposta atractiva e fiable para responder a unha demanda intensa que ten hoxe a nosa cidadanía: a esixencia dun sistema de transporte que permita de maneira integral, en toda Galicia, en todas as súas áreas urbanas, superar os problemas de mobilidade e a conxestión nas grandes áreas urbanas do país.

Catro vectores, rapidamente os enuncio.

O primeiro deles estriba no establecemento dunha política nova tarifaria. Unha nova política tarifaria que significa

unha tarifa úniza zonal para toda Galicia, para todas ás áreas urbanas. Significará, entre outras cousas, que o prezo do usuario frecuente dese servizo verá rebaixada a tarifa nun 52%. Utilizando as novas tecnoloxías dispoñibles, implantaremos unha tarxeta de contacto única para o transporte metropolitano na comunidade, que permitirá ademais os transbordos e que será válida para todas as áreas que configuran o sistema.

O segundo consiste na mellora da coordinación entre as redes urbanas e interurbanas. Crearanse os puntos de transbordo metropolitano urbano cando a demanda así o requira, o que debe permitir incrementar a funcionalidade e a eficacia das liñas.

A mellora da oferta de transporte.

Estableceranse en cada área metropolitana corredores de altas prestacións para aqueles servizos máis demandados, para aqueles percorridos máis empregados polos cidadáns.

E, finalmente, melloraremos as infraestruturas de transporte metropolitano: marquesiñas, mellora da información ao usuario, creación de plataformas exclusivas para o transporte público e os intercambiadores necesarios. Lles anuncio que o Goberno galego asumirá o 80% do custo de funcionamento do transporte metropolitano. Para ese fin habilitaremos a consignación orzamentaria de 15 millóns de euros para reducir as tarifas nas cantidades que precisei, e a esa cantidade hai que sumar outros 5 millóns para mellora das infraestruturas do transporte.

Este é o plan, o programa, do novo transporte metropolitano, que quedará implementado nos próximos meses coa colaboración leal e activa que estamos tendo dos concellos das áreas metropolitanas e dos operadores de transporte, cos que firmaremos os correspondientes contratos programa.

Señorías, non é posible construír unha Galicia social, esa que soñamos, se non somos capaces de conseguir un acceso razoable á vivenda a un prezo digno e taxado.

Cando aprobamos nesta Cámara a Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, fun consciente de que estábamos a dar un gran paso histórico no camiño do cumprimento dun auténtico mandato constitucional. Coa lei de medidas

urxentes demostramos que se podía facer política de vivenda pensando nas persoas e que a política de vivenda podía ser, e é, un poderoso instrumento de cohesión social. Esta é a lei, ademais, que vai a dar un gran balón de osíxeno a un sector fortemente afectado pola actual crisis inmobiliaria e que ten en conta a realidade e as demandas dos concellos. Sobre todo, por enriba de todo é unha lei que facilita o acceso a unha vivenda digna ás familias e individuos con rendas medias-baixas e aos máis novos da nosa comunidade.

O establecemento por lei dunha porcentaxe do 40% da reserva do suelo nos concellos de máis de 20.000 habitantes para vivenda protexida e a un prezo taxado representa un avance decisivo cara á constitución dunha sociedade máis xusta. Como avance constitúe a posta en marcha de 33.351 vivendas nestes tres anos. Desas vivendas, 10.280 corresponden á colaboración entre a Administración e o sector privado; outras 1.259 foron construídas directamente pola Autonomía e 21.992 foron rehabilitadas.

Estamos a poñer a disposición do sector da construción, como dixen, 540.000 metros cadrados de solo residencial para a edificación dunhas 4.000 vivendas protexidas nas grandes áreas urbanas de Galicia. E como saben, esta ofensiva complétase coa próxima adxudicación do Plan sectorial de solo residencial de Galicia. Trátase dunha iniciativa pioneira no Estado, coa que poderemos cualificar solo residencial nos concellos polo interese supramunicipal do mesmo. Esta decisión permitiranos, antes do ano 2017, cualificar máis de oito millóns de metros cadrados como solo residencial en toda Galicia, fundamentalmente nas zonas de máis elevada demanda, o que permitiría erixir nese período 45.000 novas vivendas protexidas, mobilizar investimentos por 5.200 millóns de euros e crear un elevadísimo número de empregos. Trátase, polo tanto, dun plan que contribuye de maneira decisiva a crear cohesión e igualdade no seu territorio.

O Goberno está a impulsar tamén novos marcos e novas orientacións no eido da política cultural. Un dos principais obxectivos acometidos no trienio, como saben, señorías, consistiu na redefinición do proxecto da Cidade da Cultura. Nesta fase última, próxima a constituírse a correspondente fundación, involucramos as grandes empresas de país no redeseño e na xestión do complexo cultural. O noso propósito é converter o Gaiás nun proxecto estratéxico que sitúe a

Galicia nos grandes circuítos internacionais da cultura e que sexa unha palanca motor da cultura da nosa terra.

Logramos a elección da Torre de Hércules como candidata española ao Patrimonio da Humanidade. Temos posto en marcha o Plan de delimitación e protección dos camiños de Santiago, un instrumento imprescindible para lograr a súa ampliación como patrimonio da humanidade. Iniciamos o proceso para declarar bens de interese cultural 48 xacementos megalíticos espallados por todo o país. Integráranse na rede galega de patrimonio arqueolóxico. Así mesmo realizamos os traballos de delimitación previos á declaración individualizada como BIC dos 45 principais conxuntos de petróglifos da provincia de Pontevedra, aos que seguirán no futuro os das outras provincias.

Son tamén iniciativas importantes ese Plan da lectura; a posta en marcha do Plan galego das artes escénicas; a creación dos premios nacionais da cultura; a preparación e organización dos investimentos necesarios, con carácter integral, de todas as consellerías integradas do Plan de investimentos para a celebración e organización do próximo Xacobeo Galicia 2010.

Señorías, convirán comigo –espero– en que, como decía Ramón Piñeiro, unha das grandes realizacións do pobo galego é a nosa súa lingua, a lingua propia de Galicia: “Froito da loita do espírito por fornecer á súa propia identidade colectiva da expresión verbal xenuína”, a mesma que nos dá, como decía o mestre, “conciencia da nosa identidade e da nosa unidade”. (*Aplausos.*)

Hai un ano, máis ou menos, nesta mesma tribuna empraizaba á oposición a regresar ao consenso necesario en materia lingüística, aquel que nos permitiu aprobar unanimemente o Plan de normalización lingüística, un consenso, así o creo, que é o reflexo dunha amplísima maioría social. Lamento ter que dicir que no tempo transcorrido non foi posible. E, dende logo, teñan a convicción, como eu a teño, de que non foi posible por falta non precisamente de vontade do Goberno que presido. Primeiro, o Partido Popular rachou o consenso ao rexeitar o decreto que asegura unha maior presenza e promoción da lingua propia de Galicia no ensino non universitario. O mesmo decreto en cuxa negociación participou e cuxo articulado, con carácter previo, apoiou por ser plenamente coherente co Plan de normalización, ata que, por motivos nunca aclarados pero sempre intuídos, á hora de

votar o fixo en contra. Logo converteuse no altafalante de grupos minoritarios que importan a Galicia falsas polémicas alleas á realidade do país, caracterizada sempre polo respecto e a convivencia entre linguas.

Non obstante, quero reiterarlles o ofrecemento. Volvan ao consenso, deixen fóra das leas partidarias a nosa maior creación como pobo. Trallemos xuntos na creación dunha Galicia plurilingüe, diversa e tolerante.

Defendo, como presidente, unha Galicia como é a súa xente, respectuosa e defensora das dúas linguas, galego e castelán, castelán e galego, que enriquecen o noso patrimonio e a nosa común visión do mundo. (*Aplausos.*)

Galicia sufriu desgraciadamente a despreocupación durante anos e anos pola preservación do seu patrimonio natural, por unha ocupación razoable do territorio, pola sustentabilidade da nosa actividade económica e pola explotación dos nosos recursos naturais. Esta situación, señorías, deu un xiro copernicano nos tres anos que levamos gobernando. Primeiro, porque o Goberno que presido converteu en obxectivo do país a posta en valor do territorio como un escenario económico, como un espazo de convivencia e como un patrimonio que convén preservar. Segundo, porque presentamos unha perspectiva integral da acción política. Unha acción que en cada medida, en cada lei, en cada actuación, se enmarca nunha estratexia definida de desenvolvemento sustentable.

Quero, sen pretensión de exhaustividade, referirme a algunhas desas iniciativas, as máis senlleiras, para ilustrar o profundo cambio de perspectiva, de acción e de dirección.

Hai un ano e medio promovemos a lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral, unha norma que garante, señorías, un desenvolvemento urbanístico sustentable e ordenado na franxa costeira. Con esta lei evitamos nada máis e nada menos que se estragara irreversiblemente unha das partes máis emblemáticas do noso territorio. (*Aplausos.*)

Esta medida, que como saben supuxo a suspensión preventiva de novos desenvolvementos urbanísticos en terreos situados a menos de 500 metros do mar, quedará derrogada o ano vindeiro, cando xa sexa superada polo Plan integral de ordenación do litoral, no que estamos traballando.

Paralelamente, asumimos o reto de abordar unha das grandes tarefas pendentes do país: a ordenación do territorio para deseñar a Galicia do futuro. Certamente houbo, en tres décadas de autogoberno anteriores, algunha convocatoria extraordinaria para superar esta materia. Así, a Lei de Ordenación do Territorio do ano 1995 recollía o mandato de elaborar as directrices. Non obstante, os gobernos do PP non compareceron ao exame do mandato legal, que só se cumpre agora coa chegada do novo Goberno.

Este ano aprobamos e sometemos a exposición pública as Directrices de Ordenación do Territorio. É a primeira vez, polo tanto, que se constata a vontade política de converter a ordenación do territorio nunha liña estratéxica da acción do Goberno. É a primeira vez, señorías, que Galicia conta cunha folla de ruta, cun libro que define entre todos o modelo do país, o modelo territorial que necesitamos. As directrices inclúen 197 determinacións para lograr unha maior cohesión social, un maior equilibrio territorial e unha dinámica económica sustentable a través da potenciación das áreas urbanas e da consolidación dun sistema policéntrico de cidades.

As directrices, pois, definen os ámbitos óptimos de infraestruturas, servizos e equipamentos; consolidan unha rede de vilas que han de servir de base para a extensión dos servizos a todo o territorio; contemplan a planificación con criterios de supramunicipalidade, de cara a conseguir unha maior eficiencia.

Señorías, nese marco a concepción integral do deseño das infraestruturas é imprescindible para construír esa rede. Precisamente, como documento marco de planificación integral xurde o Plan Director de Estradas de Galicia, que diseña o desenvolvemento da nosa rede viaria, ou anticípaa, ata o ano 2020. O obxectivo é desenvolver unha rede viaria funcional, eficiente, ao servizo da cidadanía e do desenvolvemento do país. Este plan xa foi publicado no *Diario Oficial de Galicia*, está en fase de información pública, prevé un investimento de 16.000 millóns de euros e permitirá actuarmos sobre as tres cuartas partes da rede autonómica. Deste xeito, a rede de estradas de alta capacidade multiplicarase por máis de catro nos próximos catro anos, pasando, señorías, dos 149 quilómetros que temos agora a 624 quilómetros de rede de alta capacidade. Así mesmo, a rede de autovías sen peaxe multiplicará por dez a súa extensión, para pasar en catro anos de 27 a 281 quilómetros.

Todas estas actuacións nos deben permitir mellorar as comunicacións cos territorios que rodean Galicia, a accesibilidade dos portos, os aeroportos e redes de ferrocarril, co que supón esto de intermodalidade.

Señorías, quero confirmar e reafirmar que no ano 2012 Galicia poderá ver como o eterno déficit de infraestruturas que determinou en gran medida a nosa condición de periferia é substituído por unha rede de comunicacións por estrada e ferrocarril que estará á altura dos territorios europeos máis avanzados. (*Aplausos.*) O 2012, señorías, será –esa é a miña palabra e garantía– o ano da alta velocidade en Galicia e será tamén o ano en que vexamos enormemente melloradas as nosas conexións por estrada coa Meseta e con Portugal. Un país, por certo, co que mantemos unha estreitísima colaboración, na que teño un empeño persoal, para o desenvolvemento dese outro gran proxecto en marcha que é o tren de alta velocidade entre Vigo e Porto, comprometido para o ano 2013; conexión, por certo, que se verá potenciada co enlace Vigo-Ourense, por Cerdedo, directo, liña á que en ningún caso renunciamos.

O esforzo conxunto e solidario do Goberno central e do Goberno da Xunta fará posible que nese ano 2012 as sete grandes cidades galegas estarán unidas por autoestrada e por autovía, en canto se culminen os enlaces Santiago-Ourense, Lugo-Santiago e Lugo-Ourense. A Autoestrada do Atlántico, de peaxe, a auténtica columna da fachada occidental, proxectarase cara ao mar a través dunha serie de autovías e vías de alta capacidade que proporcionarán, no horizonte de catro anos, un acceso novo en alta capacidade e unha autovía, áxil e seguro, a todas e cada unha das rías galegas, dende Bares hasta A Guarda, nun esforzo investidor que supera os 1.300 millóns de euros. (*Aplausos.*)

En paralelo á AP-9, esa columna vertebral que será ampliada –non o dubiden– no contorno das cidades –Rande incluído, coa súa ampliación–, estase a configurar en paralelo unha nova espiña dorsal do noso país, unha nova alternativa de comunicación paralela á anterior. Esa nova espiña dorsal une Ferrol con Lugo, con Ourense e con Portugal, como unha autovía libre de peaxe e que estruturará e permitirá un eixo novo norte-sur de desenvolvemento e organización da Galicia interior, da Galicia rural. O debuxo completarase coa mellora da accesibilidade cara ao este, coas autovías de conexión coa Meseta e a Transcantábrica, que facilitará os

accesos aos mercados da Unión Europea a través de Asturias, Cantabria e o País Vasco.

Saben que esta última semana –o saben ben– vimos de inaugurar unha obra de enxeñería senlleira como a Ponte dos Santos. Dous de cada cinco quilómetros desa autovía do Cantábrico, en Galicia estarán en servizo antes de que remate este ano. Non fai falla que lles lembre que ao chegarmos ao Goberno os galegos non podíamos percorrer nin un só quilómetro da mesma, nin cando as anteriores eleccións xerais do ano 2004 estaba contratado nin un solo quilómetro desa autovía. (*Aplausos.*) A realidade, señorías, que perciben as galegas e os galegos –teño a convicción– é que se avanza cada día co ruxir das máquinas pola xeografía de todo o país. Quen teña oídos e ollos o pode ver e escoitar, casi a podemos tocar coas mans; e nos vai a permitir, por primeira vez na nosa historia, unha auténtica malla de infraestruturas de comunicación que dará comunicación tamén aos enclaves portuarios, aos portos exteriores en construción, de Ferrol e da Coruña no norte ou de ampliación do de Vigo no sur, que serán auténticas portas de entrada dos tráficos procedentes de América e cara a Europa.

Ese deseño dunha Galicia vertebrada complétase con tres aeroportos que deben intensificar, sen dúbida, ese traballo en rede que ofrecerá a Galicia unhas posibilidades de transporte ata o de agora descoñecidas.

Señorías, non quero deixar de mencionar unha política central –non o foi nunca, desgraciadamente, foi dende que hai o Goberno que presido–: a loita contra os accidentes de tráfico, un obxectivo central e de país. Por iso promovemos o primeiro Plan galego de seguridade viaria de toda España, do que xa temos posto en marcha o 80% das iniciativas. Un plan pioneiro que debe contribuír, aínda que sexa modestamente, a ir diminuíndo o número de falecidos nas nosas estradas. O obxectivo é alcanzar o 40% de diminución.

En tres anos, señorías, investimos máis de 300 millóns de euros en iniciativas encamiñadas directamente a reducir a sinistralidade. Admito que todo esforzo é pouco nesta materia, ¡claro que si! Non pode haber satisfacción ningunha mentres as estradas continúen cobrándose vidas. Pero é certo que eses recursos supoñen un 83% máis do que se tiña investido na lexislatura anterior. As cifras de falecidos nas estra-

das galegas vanse reducindo, no que vai de ano, por encima do 32%; no caso dos motoristas, por enriba do 50%.

Señorías, hoxe lles podo anunciar, precisamente, como unha medida extraordinaria, que imos a colocar máis de 120 quilómetros adicionais de dobre bionda para a protección de motoristas. Estes 120 quilómetros adicionais, como ben digo, súmanse aos máis de 80 quilómetros lineais que xa estamos colocando –e hai que decilo–, fronte aos cero quilómetros do Partido Popular. (*Aplausos.*) Cero.

Outra das iniciativas, o imposto do transporte público alternativo. Non quero deixarme de referir, por exemplo, ao Noitebús, que se está a consolidar como unha alternativa de transporte nocturno en zonas de ocio nun sector que paga coa súa vida dramaticamente este problema. O levan empregado xa máis de 250.000 mozos dende a súa posta en marcha no verán do ano 2006. De feito, este verán triplicouse o número de usuarios, hasta alcanzar máis de 60.000.

Son medidas, sin duda, decisivas as tomadas polo Goberno de España. Modificación do Código penal, implantación do carné de puntos e reforzo potente –como comprometía o ministro do Interior co presidente da Xunta– dos medios humanos e materiais da Garda Civil en Galicia. Ese esforzo, sin duda, será baldío se non logramos unha concienciación social ampla, colectiva, porque esta é unha loita de toda a sociedade e, dende logo, non debe ser nunca, de agora en diante, o traballo dun partido, nin tan sequera dunha parte da sociedade; por eso convoco a todos, en particular á oposición, a incorporarse sen fisuras neste obxectivo de país.

En Galicia houbo, durante moitos anos, unha falta de atención ao medio, á preservación dos nosos recursos naturais. Saben ben as súas señorías, sei que o sabe toda Galicia, que un dos principais activos cos que conta a nosa comunidade son as nosas rías, ese grande tesouro natural e tamén económico co que gañan a vida miles e miles, centos de galegos e de galegas. A preservación das rías debería ser un dos puntos centrais da acción de calquera Goberno.

Teño que lamentar unha vez máis que esto non fora así e que solamente recibimos unha situación de negligencia e abandono prolongada durante demasiados anos, que estivo a piques de conducirnos á perda dunha parte irrenunciable do

noso ecosistema e do noso patrimonio natural. Non falo do accidente do *Prestige*, falo de algo máis de fondo, que é o abandono e a falta de cumprimento de todas as normativas europeas, que, como saben, nos ten producido ameaza de sanción sobre Galicia e España por parte da propia Unión Europea.

Este Goberno, dende o primeiro momento, comprometeuse á recuperación destes espazos. Por eso puxemos en marcha un Plan de saneamento integral das rías, que ten unha visión de conxunto, que define actuacións e contempla os recursos económicos necesarios para afrontar os problemas de contaminación das rías e as súas repercusións sociais, ambientais e económicas.

O noso obxectivo é mellorar a calidade das augas, diminuír a carga microbiolóxica nas zonas de produción de moluscos bivalvos que tantos e tantos problemas nos están a dar. Estamos a falar, señorías, dun investimento de máis de 650 millóns de euros na construción real e efectiva de 35 estacións depuradoras e actuacións de saneamento. Desas edares, desas grandes edares, 10 están en plena obra, outras 10 xa foron contratadas, e os proxectos das únicas 3 restantes atópanse en tramitación por problemas de solo. Estamos a falar, tamén, do saneamento integral dos núcleos de poboación máis pequenos, aqueles de máis de 2.000 habitantes. Un programa que ten un esforzo adicional de 286 millóns de euros. Con él damos resposta a un mandato europeo, á directiva que foi reiteradamente incumplida polo anterior Goberno e a piques estivo —como digo— de causarnos importantes multas á cidadanía galega.

Esta ofensiva por unha Galicia sustentable ímola completar coa aprobación de dous documentos estratéxicos: a Lei integral de residuos de Galicia, que está en trámite parlamentario, e o novo Plan de residuos 2008-2016, que debemos de aprobar previsiblemente xa no primeiro trimestre do ano. Medidas que, en definitiva —politicamente o quero dicir— abordan por primeira vez unha visión integral e a fondo da problemática dos residuos, que rexeitan a incineración e promoven a compostaxe, en liña exactamente coas directivas e as prescricións máis avanzadas da Unión Europea.

O vindeiro ano aprobaremos a ampliación da Rede Natura 2000, o Plan de ordenación dos recursos naturais e do medio físico dos espazos nela integrados, e declaramos seis

novos parques naturais: Ancares, Pena Trevinca, Caurel, Macizo Central, Xurés e Corrubedo-O Son. (*Aplausos.*)

Señorías, dentro da aposta pola sustentabilidade —quizais única garantía para un crecemento económico inclusivo e estable— representa un papel central, sin duda, a política enerxética. O Goberno galego aposta decididamente pola diversificación enerxética a través das renovables. O noso obxectivo, recollido na Estratexia Energías, é que Galicia dispoña de 125 megavatios de biomasa, ademais de 30.000 metros cadrados de paneis solares térmicos e de 200 toneladas de biocombustibles por ano. En definitiva, unha potente acción buscando a diversificación e a sustentabilidade do noso modelo, pioneira en España.

En canto á enerxía eólica, en breve coñeceremos os adxudicatarios dos 2.325 megavatios sacados a concurso público, que permitirán uns investimentos directos e inducidos de 5.500 millóns de euros, a creación de máis de 3.000 empregos ata 2012, e sobor de todo e por enriba de todo, que responden a un proxecto de país e ao fortalecemento do núcleo industrial da nosa Comunidade Autónoma.

Podo anunciarlles tamén, señorías, que pasado mañá o Consello da Xunta, o xoves, dará luz verde ao Proxecto de lei polo que se crea o canon hidroeléctrico.

Señorías, Galicia está avanzando e progresando. Nesta lexislatura, e máis alá dos momentos de grave dificultade económica global que estamos a vivir, Galicia puido empezar a recoller os froitos dunha nova estratexia económica que implantamos ao chegar ao Goberno.

Nos últimos anos, Galicia avanzou pola senda da converxencia con España e con Europa, é indiscutible. Espero ter ocasión no debate posterior de afrontar o tema. Galicia apretou o paso do crecemento. Tanto é así que nos anos 2006 e 2007 ocupamos, señorías, as primeiras posicións entre as maiores comunidades con crecemento de toda España e moi por riba do crecemento rexistrado en toda Europa. Ese liderado, escasamente frecuente na nosa historia, por non dicir descoñecido, permitiunos reducir as diferencias cos territorios máis avanzados. O noso PIB pasou do 81,7% da media ao 84,6% só en dous anos. Indica unha converxencia de tres puntos por bienio. Galicia foi a terceira comunidade autónoma que máis avanzou na senda da converxencia, é dicir, en renta e en benestar dos nosos cidadáns. (*Aplausos.*)

O forte dinamismo económico converteuse nunha auténtica e intensa creación de emprego. Só lles vou dar un dato, señorías, Galicia tiña, a mediados do ano 2005, cando iniciamos a tarefa de goberno, 1.113.400 persoas ocupadas. Hoxe, tres anos despois, temos 1.200.800 ocupados, e eso é exactamente o máis importante volume de emprego e de ocupación laboral da historia da comunidade.

A taxa de paro, malia o repunte da crisis do primeiro semestre, atópase nos mellores niveis de hai 25 anos. Sitúase por primeira vez 2,1 puntos por debaixo da taxa española, sempre estivemos por enriba. O índice de paro feminino, que hai tres anos superaba o 15%, está hoxe no 10,7%. Son 4,5 puntos de redución nesta lexislatura, crisis incluída.

Galicia, é indudable, creceu máis e xerou máis emprego neste trienio. Os datos reflicten así –e me importa máis ca o anterior– unha mellora substancial no nivel de vida dos cidadáns. O quero resaltar por un minuto, porque é moi importante. Os prezos clave creceron de forma significativa nestes tres anos, medraron un 3,4% de media anual. O encarecemento do petróleo, dos alimentos, das materias primas, no ámbito internacional repercutiron intensamente. Pero a alza dos prezos non se traduciu, señoría, nunha perda de poder adquisitivo nin para os asalariados nin para os pensionistas de Galicia, e eso é o que me preocupa. Os salarios medraron a un ritmo medio interanual do 4,1%, xa que logo, as nóminas dos nosos traballadores e traballadoras creceron sete décimas máis que os prezos. Os traballadores gañaron sete décimas anuais de poder adquisitivo. (*Aplausos.*)

E outro tanto, señorías, podemos dicir das pensións. O crecemento medio neste tempo foi do 5,8%, polo tanto, en síntesis, a mensaxe é clara. O poder adquisitivo de cada pensionista medio medrou en 2,3 puntos anuais, e as pensións baixas, por certo, todavía en maior proporción. Nesta lexislatura Galicia creceu e creceu o emprego, e os froitos dese crecemento e dese emprego tradúcense, como non pode ser doutra maneira, nunha mellora xeral das condicións de vida das galegas e dos galegos. Crecen os salarios, crecen as pensións e medra o emprego, ese é o mellor resumen, o que máis me gusta, deste balance económico.

O desenvolvemento empresarial require solo produtivo, por iso dedicamos un notable esforzo á súa promoción e creación, estamos xa a pór remedio á carencia histórica de solo

produtivo nas áreas de maior desenvolvemento económico de Galicia. Nos dous últimos meses, como saben, unha ducia de proxectos de parques empresariais recibiron un impulso definitivo, é o caso da Plisan, o caso do Parque tecnolóxico de Galicia, que xa superou un novo trámite administrativo, vai a ver culminada a súa aplicación; lémbrolle que a comenzos do mes de setembro foi xa licitada a redacción do proxecto de urbanización. Este proxecto de ampliación, por certo, fará que a primeira tecnópole galega duplique practicamente a súa superficie. Señorías, a medio prazo a oferta de solo en Galicia crecerá en 29 millóns de metros cadrados, pero o máis importante é que, a curto prazo, neste momento en adxudicación e en trámite entrarán en servizo trece millóns de metros cadrados, unha superficie que se corresponde –como digo– cos recentemente executados ou que están en obras, unha cantidade que sobrepasa amplamente a cifra deixada polo anterior Goberno ao longo da súa historia de gobernación en Galicia.

A innovación é a base da sociedade do futuro, a aposta por I+D é unha das prioridades do Goberno galego, como se pon de manifesto nos notables incrementos orzamentarios destinados á investigación, a desenvolvemento e innovación. Este instrumento do plan galego de I+D+I, que saben que conta cunha dotación de 800 millóns de euros ata o ano 2010, que a vimos mantendo orzamento a orzamento e que ten, polo tanto, o obxectivo de acadar un gasto de I+D ata o 1,5% do PIB no ano horizonte e de acadar un número de 10.000 investigadores. Se trata nada máis e nada menos de que duplicamos os que existían ao inicio da lexislatura. Nestes tres anos estamos a levantar unha sólida rede de centros de excelencia científica, de centros tecnolóxicos e de plataformas tecnolóxicas e cluster que son os que dan soporte á extensión e interpretación e á conxunción entre a Administración, as universidades e os empresarios do I+D.

O pasado 21 de xullo presentamos a rede de parques científicos e tecnolóxicos de Galicia. Estará formado por cinco parques, o xa falado Parque tecnolóxico de Galicia, tecnópole de Ourense, a cidade tecnolóxica de Vigo (Cítecvi), o parque tecnolóxico de Lugo e os parques tecnolóxicos e científicos de Santiago e da Coruña.

A rede irá ampliándose progresivamente ata o ano 2012. Significará nada máis e nada menos que a mobilización de 435 millóns de euros en 2 millóns de metros cadrados de

sólo tecnolóxico, que acollerá a máis de 500 empresas e supoñerá unha importante inxección de emprego. Pola súa banda, o plano de acceso á Sociedade Estratéxica da Información, dotado con 800 millóns de euros, tamén ata o ano 2010, permitirá, e o quero reiterar ou comprometer diante desta Cámara, que o ano que vén todos os núcleos de poboación con máis de 500 vivendas terán conectividade en banda ampla, e o obxectivo é lograr que no 2010 o 90% da poboación galega teña acceso a este tipo de servizos.

Como saben, Galicia sufriu durante moitos anos un proceso de desvertebración e desestruturación territorial, estoulles a falar dunha situación ben coñecida. O 88% do territorio concentra apenas o 37% da poboación e a renda per capita non chega dentro de Galicia, en boa parte do territorio, ao 85% da renda media do país. Temos, pois, un problema de converxencia interior, de converxencia con Europa e de reequilibrio e cohesión social interior. Por eso naceu un plan ambicioso, que o Plan de reequilibrio territorial 2007-2010 incluía actuacións en 254 concellos, cun investimento que supera os 3.600 millóns de euros. Pero xunto a eso, e tan importante como eso, que está de substrato soportando eso, son unha serie de políticas que son vitais e decisivas de maneira moi peculiar para o medio rural. Por eso a aposta polo fortalecemento do medio rural con políticas atractivas, capaces de fixar poboación vinculada a elas, constitúe o principal obxectivo da nosa actuación en medio rural.

A aposta polo futuro das zonas rurais ten unha das súas principais ferramentas no Plan de desenvolvemento rural: 1.500 millóns de euros. Este plan vai fomentar, está a fomentar, o relevo xeneracional coa incorporación de mozos e mozas á titularidade das explotacións agrarias. No que vai de lexislatura, por riba de 1.400. E o 51% do total desa incorporación, o quero citar, as mulleres, xa superan aos homes en novas incorporacións, o que demostra o cambio de tendencia nesa dirección. É un dato que é resultado directo das liñas como as axudas aos cotitulares das explotacións para a súa incorporación á actividade, e de medidas como a redución dun 20% na base de cotización no réxime especial.

Outra iniciativa vital nesa dirección é a posta en marcha do Plan de infraestruturas estratéxico do medio rural. No plano legal, aprobamos unha medida que considero de profunda transcendencia na súa ampliación e desenvolvemento, é a creación do Banco de Terras de Galicia, que está destinado a

superar esa eiva estrutural histórica, que á a insuficiencia da base territorial das nosas explotacións agrarias, que é a condición *sine qua non* para poder ter unha agricultura competitiva, unha condición imprescindible.

A valoración deste instrumento xa é altamente positiva. Lles podo dicir, señorías, que desde a súa entrada en funcionamento conseguimos incorporar 6.200 parcelas para o seu arrendamento, co obxectivo de diminuír costes e ampliar esa base territorial. Aprobamos a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que permitiu tomar medidas preventivas para loitar contra o lume. Ao mesmo tempo, serviu para pór en valor a aposta produtiva, ecolóxica e social do monte. Saben que estamos traballando —xa de maneira moi avanzada— no borrador do anteproxecto de Lei de montes de Galicia, que pretende marcar un punto de inflexión cara a unha liña política forestal nova en Galicia, que facilite a xestión sustentable do monte, a súa conservación, protección e restauración.

É por último —e moi importante neste momento, en calquera caso— estamos a dar un novo impulso ás relacións interprofesionais, á transparencia e á estabilidade na compravenda de produtos agrarios a través de iniciativas como os contratos homologados. Son, probablemente, a única alternativa á estratexia de fondo, especialmente agora no caso do leite, que está —como sabemos— sufrindo unha difícil conxuntura neste estratéxico sector. Só a incorporación no ámbito galego e español das industrias deses contratos de compravenda deben permitir, con outras miras complementarias, afrontar unha situación estrutural certamente complexa e difícil.

Xunto co medio rural, o medio primario galego, establecemos tamén unha política pesqueira e de recursos mariños que traballa no fondo e na mesma dirección.

No último ano entrou en vigor un novo marco de apoio comunitario. O novo Fondo Europeo da Pesca vai permitirnos investir máis de 1.000 millóns de euros no sector pesqueiro galego no período 2007-2013, e aí terá un papel moi importante a Lei de pesca, que será debatida tamén en breve neste Parlamento. A lei debe facilitar un instrumento áxil, sinxelo e flexible para xestionar o sector pesqueiro de Galicia, tendo en conta as persoas, a súa empregabilidade, e o respecto a unha pesca sustentable.

No último ano continuamos a traballar na orientación estratéxica dos sectores produtivos básicos. O Plan estratéxico da industria conserveira e o do sector dos produtos do mar conxelados en Galicia, que supoñerá un investimento maior de 300 millóns de euros, que presentaremos xustamente mañá mesmo. E mención especial merece, dende logo, o Plan galego de acuicultura, aprobado no Consello do 28 de agosto.

O novo plan é sustentable medioambientalmente, respecta integramente a Rede Natura, ofrece seguridade xurídica e garante a titularidade pública dos terreos fronte á especulación. (*Aplausos.*) A acuicultura, señorías, convértese nunha oportunidade para xerar riqueza e emprego en Galicia. De feito, teño que decirlles que o novo plan espertou o interese dos empresarios, que xa presentaron 19 proxectos entre ampliacións e novas instalacións.

A aposta no sector reflíctese tamén, igual que no medio rural, no esforzo por mellorar as condicións de traballo e de vida dos profesionais do mar. Estamos a mellorar o seguro de mal tempo, e en materia de salvamento e a loita contra a contaminación contamos, agora si, cun plan integrado de continxencias por contaminación mariña e a renovación e a ampliación constante dos medios e dos recursos postos á disposición da nosa comunidade.

Señorías, entro –e o deixei para o final– na parte da exposición que ten que ver coa resposta á crisis. Hai poucos días comparecía nesta Cámara para explicar a situación de Galicia neste momento de crisis da economía mundial e dar conta das nosas fortalezas para afrontala. Os periodistas me dicen que contabilizaron naquela intervención quince mencións da palabra “crisis” pola miña parte. Supoño que pretendía eu daquela resaltar a clara conciencia de que, indubablemente, atravesamos momentos ben difíciles, e non vou a ser eu quen minimize a gravidade da situación, señorías. Nin son inxenuo –nunca fun– nin moito menos irresponsable. Ese terremoto que tivo o seu epicentro na desfeita do sistema financeiro estadounidense, con especial incidencia no mercado hipotecario, estende as súas ondas, con maior ou menor intensidade, cada vez con máis, a todas as economías do mundo global. Xa non se pode negar a orixe e o epicentro da crisis, a sintomatoloxía e as causas da mesma, tanto tempo calada por inútiles debates establecidos pola oposición e hoxe recoñecidos por todos os analistas e todos os economistas.

A crise é profunda, señorías, porque sacude os alicerces mesmos do modelo conservador, do modelo neoliberal, levado ao paroxismo nos Estados Unidos. Asistimos á quebra literal e profunda daquelo que os expertos bautizaron como Consenso de Washington e que entre outras medidas neoliberais receitaba –como saben– a desregulación do mercado de capitais. Unha fórmula que deixaba ao capital especulativo liberdade para campar ás súas anchas por todo o globo terráqueo. Eso, a cobiza especulativa, a ausencia de regulación, está na xénese da crisis, ao restrinxir e cegar o crédito. Por iso, ao tempo que o Tesouro norteamericano trata de taponar o burato cunha multimillonaria inxección de recursos públicos, érguense voces en todo o mundo, dende posicións de progreso, que reclaman máis control e unha reformulación a fondo do sistema financeiro internacional. Por certo, entre elas, a da propia canceller alemá, Ángela Merkel. E porén, teño para min e quero dicir que ninguén definiu mellor que o presidente francés o que está a pasar. Nicolás Sarkozy, a quen ninguén poderá acusar de veleidades socialdemócratas. Sarkozy expresaba e recoñecía nunha sintética sentenza: *le laissez faire c'est fini*. Frase que moi ben poderíamos traducir ao galego como “acabouse o todo vale en economía”. (*Aplausos.*)

Poderíamos falar e falar, pero creo que abonda co dito que para resaltar a gravidade dunha tormenta que cuarteas as estruturas do sistema financeiro mundial e que traslada esa conmoción ao tecido produtivo dos diversos países. Por certo que se desprega a sombra da recesión sobre os países centrais da Unión Europea.

Inevitablemente, señorías, Galicia acusará o impacto. Estao a percibir xa no recorte da súas taxas de crecemento, na perda de pulso do seu mercado laboral. Coñezo as serias dificultades ás que nos afrontamos porque, como dixeran antes, non son nin inxenuo nin irresponsable. Engadiría agora algo máis, que nin son triunfalista nin catastrofista. A miña posición é a dun presidente de goberno que coñece e recoñece con meridiana claridade tres cousas: sei que sufriremos, sei que estamos mellor preparados para encaixar o golpe e sei que estamos reaccionando con anticipación e con contundencia. As tres cousas son verdade.

Sei que sufriremos porque Galicia non é unha illa. Non é posible desconectar a nosa economía do seu contexto nin mirar para outro lado mentres a tormenta aumenta nin escond

derse na autarquía. Felizmente, estes son datos cos que temos que traballar.

Sei tamén que despois de tres anos de impulso e de cambio, como ben acabo de relatar, Galicia está máis forte, ten máis resistencia e ten maior capacidade de resposta a unha crisis alimentada, señorías, por factores todos esóxenos á nosa comunidade autónoma. E sei igualmente que o Goberno anticipou e reaccionou con axilidade ao albiscar os problemas da desaceleración, xaneiro do 2008. Desde o primeiro momento, en xaneiro, erguemos barreiras de contención tomadas no Consello da Xunta de Galicia polo Goberno que presido, e gañamos tempo porque as luces da alarma prendéronse cedo.

Xa na miña comparecencia para explicar a situación económica expliquei que Galicia é hoxe menos vulnerable. Non é fruto, señorías, da casualidade que teñamos un factor diferencial positivo coas economías do noso entorno, e argumenteino. E nin os datos que imos recibindo nin os dos analistas económicos, ningún, foron quen de desmontar aqueles argumentos.

Galicia resiste mellor, señorías, en primeiro lugar, porque o seu ritmo de crecemento no último trienio foi superior ao da economía española e aos das economías occidentales. Xa que logo, a igual intensidade de freada, seguirá avanzando máis de présa o automóbil que circulaba a máis velocidade.

Galicia resiste mellor polos fundamentos da súa economía. Temos un crecemento sectorial máis equilibrado e máis diversificado, menos dependente do ciclo da construción. Pola elevada e crecente proporción que ocupa a obra pública en comparación coa nosa construción residencial. E porque soubemos, señorías, frear a tempo o boom inmobiliario que ameazaba con depredar a nosa costa. Porque temos un sector exterior que impulsa en vez de lastrar o crecemento; un sector exterior cun grao de cobertura superior en trinta puntos ao da media española. Porque o grao de endebedamento das empresas familiares galegas é máis baixo que o nivel español. E porque soubemos, señorías, sobre todo, dialogar dende o primeiro momento da lexislatura con empresarios e sindicatos e acordar con eles estratexias de emprego e de apoio á competitividade que xeran confianza no país, e a confianza é un activo económico de primeira magnitude.

En suma, resumindo, porque o patrón de crecemento da nosa economía traza elementos singulares que reforzan a situación de resistencia fronte ás dentadas desta crisis profunda e específica. (*Aplausos.*)

Os últimos datos de paro rexistrado difundidos todavía o pasado xoves corroboran esta análise. Déixenme advertir previamente que as cifras non son boas, obviamente, en plena crisis. Nunca me oirán decir que é positivo o incremento do desemprego, por mínimo que sexa, pero si é xusto constatar que no último ano o paro rexistrado medrou en España tres veces máis que en Galicia. E outro dato ben significativo, case a metade deses parados que crecen tres veces menos, que se rexistraron en Galicia nos primeiros nove meses, proceden a metade exactamente doutras comunidades autónomas. Afórrolles a interpretación dese dato que en si mesmo é tan elocuente.

O sólido fundamento da nosa economía concédenos unha ventaxa comparativa, pero esa constatación, señorías, non nos levou a cruzar de brazos. Xa en xaneiro adoptamos as primeiras medidas, non as vou a reiterar para non excederme no tempo. Medidas de dinamización de obra, medidas de reforzamento do financiamento empresarial e medidas de carácter social. En definitiva, aposta pola inversión produtiva, creadora de emprego; aposta polo apoio financeiro na medida das nosas posibilidades; e protección social e apoio aos máis débiles. Esa é a resposta, eso é o que importa, á hora de encarar unha situación de crisis.

Sin duda ocupa un lugar preeminente nese conxunto de medidas ese sustrato de Acordo pola competitividade. Volveremos a reunirnos e seguiremos relanzándoo para que ese sexa un proceso continuo, para manter vivo, para darlle tradución orzamentaria efectiva e real a ese Acordo pola competitividade, que ten que ser esa folla de ruta que guíe o esforzo concertado de toda a sociedade civil coa Administración para sacar adiante o país.

Señorías, señores deputados, señoras, a intensificación da crisis esixe da Xunta redoblar ese esforzo de contención, levantar novos diques que atenúen o impacto na nosa terra e atacar o problema nos dous grandes elementos –como dicía– que me preocupan e que nos preocupan, que é xenerar inversión e emprego, aumentando a protección social. E nesa liña, señorías, quero anunciarlles hoxe un programa de medidas

extraordinarias de apoio ao emprego e á actividade económica; un programa extraordinario de apoio, de medidas en dirección ao emprego e en dirección ao apoio da actividade económica. Terá unha dotación de 430 millóns de euros e ten como obxectivo incentivar a contratación de 20.000 traballadores no ano que vén. (*Aplausos*.) No marco dese programa extraordinario de apoio ao emprego e de apoio á actividade económica, as empresas galegas recibirán unha subvención de 10.000 euros por cada contrato indefinido que asinen cun traballador que leve máis de doce meses en paro, de tal forma que, a partir do mes de xaneiro, cada traballador que esté en paro terá detrás unha incentivación á empresa correspondente para que poda volver a reenganchalo, volver a contratalo, e tratar de paliar así a dificultade do emprego na nosa comunidade.

O programa, na súa vertente de fomento de emprego, dotado con máis de 78 millóns de euros, márcase catro obxectivos fundamentais.

Primeiro. Potenciar os incentivos á contratación, atendendo á calidade do emprego –sempre incentivar– e ao tamaño da empresa; especialmente as empresas con menos de dez traballadores, as Peme, que son as que están a sufrir con máis dificultades. Dar resposta ás necesidades dos demandantes de emprego agudizadas pola conxuntura actual do mercado de traballo, favorecendo a súa adaptación aos cambios. Facilitar a mobilidade profesional dos sectores máis castigados pola crisis –construción e afíns principalmente– a outros con necesidade de traballadores, ademais de potenciar aqueles sectores emerxentes con demanda de traballo e potenciar a competitividade dos nosos sectores estratéxicos, especialmente no sector da innovación, con peme e co emprego autónomo.

O plan comprende dez actuacións específicas que abranguen as distintas situacións posibles. Cito algunhas delas ademais do anterior que citaba.

Subvencionaranse os custos laborais daquelas empresas que ofrezan unha oportunidade de emprego de seis meses de duración a parados de longa duración, con máis dificultades de reinserción no mercado de traballo.

Os incentivos ás microempresas con menos de dez traballadores –as máis vulnerables, señorías, en tempo de crisis–

poden alcanzar o 60% do custe salarial en dous anos. A través de procesos formativos rápidos facilitaremos, como decía, o transvase de traballadores de sectores con dificultades a sectores emerxentes.

Ponse en marcha unha iniciativa para fomentar o emprego feminino especificamente, en tres áreas. Basicamente a economía social, a reincorporación de mulleres a actividades emerxentes procedentes de sectores maduros, como a conserva e o textil, e a integración en ocupacións actualmente excesivamente masculinizadas.

Tratamos e poñeremos en marcha a recolocación de traballadores que perderon o emprego no sector de extracción de minerais e pedra non metálica, como consecuencia de caída da actividade na construción.

E paralelamente implantamos programas de orientación e de análise de proxectos de autoemprego. Refórzase a formación continua cun programa, pois, de medidas extraordinarias de apoio ao emprego e á actividade económica. Ese programa inclúe ademais dúas potentes actuacións, señorías, na esfera financeira. Quedaría coxo se non fora complementado con esa segunda pata que vimos desde o mes de xaneiro lanzando, que é o apoio financeiro, co obxectivo de facilitar o acceso ao crédito e dinamizar o noso investimento.

Nesas dúas medidas, a primeira delas terá unha dotación de 150 millóns de euros. Ten por finalidade aliviar a carga de débeda que dificulta a actividade de pequenas e medianas empresas. É o froito dun convenio asinado coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, que será nestes días publicado no *Diario Oficial de Galicia* e que permitirá ás peme galegas acceder a préstamos subsidiados e avalados para reforzar o seu capital circulante, refinanciar o seu pasivo ou ampliar capital. Busca, en definitiva, acomodar a carga da débeda que lastra o funcionamento das peme ás previsións de ingresos, evitando desa forma problemas de tesourería.

A segunda liña consiste nunha liña de préstamos para inversión, financiada con 200 millóns de euros adicionais procedentes do Banco Europeo de Inversión. Poderán acollerse a esa vía as peme galegas que presenten proxectos de inversión dende 240.000 euros ata un máximo de 25 millóns de euros. Estes préstamos poden cubrir hasta o 50% do inves-

timento previsto. O seu tipo de xuro será o euribor máis medio punto e a Xunta poderá subvencionar dous ou tres puntos de interés. Aquí estamos a falar de pequenas e medianas empresas, como por exemplo o propio comercio. Estamos poñendo en marcha medidas concertadas no seno do Goberno para apoiar liñas de financiación específicas, xustamente un plan de financiación do comercio, nesa dirección.

Señorías, hoxe por hoxe, se sumamos as medidas extraordinarias, as que acabamos de anunciar, o importe total das axudas financeiras que a Xunta pon á disposición das empresas, estas alcanzan xa —o volume total de financiamento— os 1.572 millóns de euros. Máis de 1.500 millóns de euros que a Xunta pon en apoio financeiro, neste momento de dificultade, á disposición das pequenas e medianas empresas da nosa comunidade. Esa cifra duplica, máis que duplica, a contía do programa aprobado en xaneiro, 712 millóns de euros; e inclúe tamén unha ampliación de contía dos avais, pasando dos 330 millóns actuais a 500 millóns de euros, que serán incluídos nos orzamentos da comunidade o próximo ano. Estamos, polo tanto, en medidas laborais e medidas financeiras. En suma, se trata, coa conxunción das forzas de todo o Goberno, de preservar ese histórico volume de emprego que entre todos conquistamos. (*Aplausos.*) Ese é o obxectivo, manter ese emprego. Medidas, señorías —e remato—, que terán a súa versión nos presupostos da comunidade, que serán precedidos por tres criterios, xa llo adianto, austeridade no gasto, impulso do investimento produtivo e reforzamento da política social. Esas serán as tres prioridades que aplicaremos por enriba de todo na nosa comunidade para o próximo ano. Será, pois, un presuposto para dinamizar a economía, para protexer os máis débiles e para seguir dando unha resposta a situacións de dificultade.

Señorías, o balance que acabo de presentar, presenta un saldo positivo; os datos son testáns e incontestables. Galicia é un país mellor, máis próspero, máis forte, máis habitable que hai tres anos. As galegas e os galegos demostramos que podemos ser motores e titores do noso propio progreso. Recuperamos a vitalidade como sociedade, gañamos peso e presenza dentro de España, nos incorporamos á modernidade. Galicia avanza segura das súas forzas e sin complexos diante das dificultades.

O Goberno máis estable da nosa historia democrática traballa na culminación dun programa que merece a confianza

da cidadanía, e o presidente cumpre e responde dos compromisos adquiridos. Hai liderado, hai estabilidade e hai confianza; velaí os vértices básicos dun triángulo que permiten encarar con esperanza e tamén con realismo o inmediato futuro.

Non quixen limitar esta comparecencia a facer balance de tres anos. Falei do presente e das dificultades; do que fixemos e do que estamos a facer para reducir en Galicia o custo dunha crisis global que se expandiu por todo o mundo. E quero neste remate falar do futuro e das súas oportunidades. É certo que os froitos que acabo de glosar foron recollidos en tempos de bonanza económica. Nese mar en calma fomos quen de remar como máis forza, avanzar máis á presa que as economías do noso entorno. Agora, na marusía económica, demostraremos —non teñan dúbida— a mesma coraxe que os nosos homes e mulleres do mar para superar as severas dificultades que afrontamos. Soubemos estar ás maduras e sabremos estar ás duras.

Sei perfectamente que os avances deste trienio non supoñen un consolo para o traballador que perdeu o emprego, a familia que soporta unha hipoteca máis cara ou a ama de casa que sofre o encarecemento da súa cesta da compra. A eles, á comunidade que integramos todas as galegas e os galegos, quero pedirllas confianza no país, confianza no futuro e confianza no presidente que lles fala. Non apelo a unha confianza acrítica, cega e resignada; non lles pido ningún cheque en branco, senón a cambio un firme compromiso. Máis que nunca é necesario traballar unidos por Galicia. Por eso, como presidente de todas as galegas e de todos os galegos, quero invitar ao xefe da oposición, ao señor Núñez Feijoo, a encontrarnos, a unir as nosas forzas, a traballar xuntos no impulso das ideas e das propostas que poidan contribuír a que Galicia supere con forza e con decisión este presente.

Pola miña parte, o compromiso está aí, dedicar todo o tempo e as miñas enerxías, mobilizar todos os resortes á nosa disposición, afrontar as dificultades con determinación, restablecer as elevadas cotas de crecemento sen hipotecar o patrimonio, estender a protección social, e incluír a todos os galegos e as galegas no reparto de cargas e de beneficios.

O meu compromiso é convocar á sociedade galega para remar na mesma dirección. Aos axentes sociais, que xa deron cumprida proba do seu compromiso solidario —llo agradezo—.

Á sociedade civil que conforma a musculatura do país. Me dirixo tamén aos homes e ás mulleres desta terra, que sempre foron quen de vencer o desánimo e o pesimismo. Aos que pensan coma nós e aos que non pensan como nós.

O compromiso que teño é transformar os problemas en novas oportunidades; e o meu compromiso é antepoñer, por enriba de todo, Galicia a calqueira outra consideración. Apelo, en suma, á confianza en Galicia, á confianza no país e nas súas xentes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor presidente da Xunta.

Reanudaremos a sesión ás dazaseis trinta, catro e media da tarde.

Moitas gracias e bo proveito.

Suspéndese a sesión ás once e cincuenta e sete minutos da mañá e retómase ás catro e trinta e seis minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes señoras deputadas e señores deputados.

Reiniciamos a sesión.

Lle prego que ocupen os seus escanos e que garden silencio.

Moitas gracias.

Comezamos agora coa rolda dos grupos parlamentarios, empezando polo Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Quintana González.

Silencio, por favor.

O señor QUINTANA GONZÁLEZ: Señora presidenta, señorías, celebramos hoxe o que será o terceiro e derradeiro debate da presente lexislatura sobre o estado da Nación e do seu auto-goberno, o que nos ofrece unha excelente ocasión para facer unha avaliación das políticas do Goberno galego durante o trienio 2005-2008.

Cómprenos facer boa a ocasión para facer rendición de contas e valorar conxuntamente os acertos e as carencias das nosas actuacións pasadas, pero correspóndenos facelo sen apartar os ollos dos novos retos políticos que temos por diante, e de xeito singular sen arredarnos dos problemas que máis preocupan aos galegos e ás galegas, en especial todo o que se refire á crise económica que enfrentamos e ás súas consecuencias sociais.

Hoxe sometemos a valoración crítica a labor do Goberno galego, pero tamén é o momento de valorar o papel que se atribuíu ao partido da oposición parlamentaria na definición construtiva de alternativas. Obviamente, as responsabilidades do Goberno correspóndenlle ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego, pero o Partido Popular ten igualmente responsabilidades na gobernabilidade de Galiza e conta con abondosos recursos parlamentares para achegar propostas de solución aos problemas e aos retos da sociedade galega. Mal entendería, desde o meu punto de vista, o señor Feijoo o seu papel nesta Cámara se crera que ao Partido Popular unicamente lle corresponde gobernar os malestares reais ou ficticios da sociedade galega, e confío en que non se deixe entrapar por esa errada crenza que apunta que para a oposición, canto peor se poidan presentar as cousas, mellor serán os seus réditos políticos electorais. Pódolles asegurar que ao Partido Popular os accesos apocalípticos e o catastrofismo tremendista non lles van render ningún bo resultado, e o que é peor, a Galiza tampouco.

Galiza conta cun Goberno de coalición, un Goberno presidido polo señor Touriño e que ten dous referentes políticos, o do Bloque Nacionalista Galego e o do Partido Socialista. Desde as bancadas da oposición, se o desexan, poden perder todo o tempo que queiran en buscar ou en rexistrar diferenzas, xa que o PSOE e o BNG atenden a culturas políticas diferentes e, polo tanto, vannas poder atopar sen facer grandes esforzos intelectuais. Os cidadáns e as cidadás galegos saben das diferenzas e das afinidades ideolóxicas e políticas existentes entre as forzas que sosteñen o Goberno, pero ademais os cidadáns —o que é máis importante— saben que a acción da Xunta de Galicia se funda nun pacto de Goberno, nun programa de acción do que estamos a dar conta e que se está a cumprir nos seus aspectos substanciais, como se demostrou hoxe á mañá no discurso do presidente.

Señor Feixoo, acépteme un consello, non faga como a mala prensa deportiva, que só lle concede atención informativa ao

ruxe ruxe de vestuario e logo sempre se esquece dos resultados que os equipos logran no terreo de xogo. O que realmente valen son os resultados no terreo do Goberno, e unha gran maioría dos galegos e das galegas están satisfeitos con eses resultados, aínda que –como é normal– piden máis.

Hoxe en día, calquera acción de Goberno que quera ser eficaz no seu combate contra a recesión económica ten que facer da concertación de esforzos coas organizacións da sociedade civil un eixe central da súa estratexia. Sumar esforzos é un requirimento de eficacia das políticas económicas e sociais. É preciso, polo tanto, estender esa cultura da coalición e da construción de alianzas estratéxicas que ao Partido Popular e ao señor Feijoo tanto arrepío lle producen. Leva razón ese vello dito galés que nos recorda que para ser líder hai que saber tender pontes. E malia o seu paso pola COTOP, ata agora, señor Feijoo, vostede ten demostrado maior capacidade para impoñer peaxes que para tender pontes e sumar esforzos arredor dos intereses de Galiza. *(Aplausos.)*

Señorías, o Goberno galego é responsable das súas políticas económicas, pero non foron as políticas da Xunta de Galiza as que xeraron a crise global de sacode as economías dos países desenvolvidos. A crise financeira, enerxética e alimentaria, que converxen na primeira grande crise da globalización, teñen a súa orixe en estratexias económicas que exceden as competencias e capacidades do autogoberno galego e que están inspiradas en concepcións ultraliberais que, en todo caso, gardan grandísimas coincidencias doutrinarias coas políticas económicas do Partido Popular e ningunha veciñanza ideolóxica coas que promove o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

A crise evidencia o fracaso da economía, da especulación e do beneficio exprés; o fracaso dunha economía sen raíces; o fracaso da deshumanización dos mercados, que sempre acaban pagando os máis débiles. E contra ese modelo nós propomos e executamos outro, o da economía con raíces na terra; o da economía para a xente; o da creación de espazos de decisión nacionais controlados pola decisión democrática dos cidadáns; o modelo da utilización plena do autogoberno.

A crise é global, pero o autogoberno galego conta con recursos que nos dan marxen para actuar positivamente, para enfrontar a recesión e para minorar os seus efectos negativos sobre os sectores produtivos básicos da nosa economía.

Señorías, neste trienio aproveitamos as capacidades do noso autogoberno para deseñar e impulsar novas políticas económicas ao servizo do noso país e das nosas potencialidades e necesidades produtivas. Fixemos políticas económicas para un país e non unicamente para un mercado abstracto e tan global como alleo. O noso Goberno está decididamente comprometido coa extensión do benestar e o melloramento da calidade de vida dos galegos e das galegas. Mellora da calidade de vida que se traduce no coidado do litoral e no saneamento das nosas rías; na mellora da calidade da vida das familias galegas, asegurando, entre outras cousas, a gratuidade dos libros de texto e o acceso aos bens culturais. A mellora da calidade de vida facilitando a extensión do transporte metropolitano ou retirando as peaxes, como a de Rande, por certo, onde antes os goberno do Partido Popular unicamente miraron polos beneficios dos concesionarios.

Pretendimos no Goberno, e pretendimos, polo tanto, desde o BNG marcar especial énfase en construír no noso país un espazo de decisión propio, destinado a innovar estratexias económicas e non para traspoñer ou clonar acriticamente as políticas derivadas do eixe Madrid-Bruselas-Washington. Definimos así un novo marco de políticas económicas para forzar un cambio de rumbo con catro orientacións. A primeira, unha aposta decidida pola economía produtiva apoiando os sectores produtivos de maior potencial. Segunda, o deseño dun novo modelo de explotación dos recursos enerxéticos, privilexiando as posibilidades das enerxías renovables. Terceiro, o reforzamento do sistema galego de I+D+I, do noso acceso á Sociedade da Información e a Comunicación e das políticas de enriquecemento do noso capital humano, como base dunha innovadora economía do coñecemento, garantía de competitividade das nosas empresas. Cuarto, o impulso dunha nova economía de benestar e da creación cultural, apoiada na construción de vivenda como un ben social, ampliando o catálogo de novos servizos e equipamentos sociais ou na creación de novos produtos para a consolidación das nosas industriais culturais.

A nosa aposta pola revalorización da nosa economía produtiva ten no medio rural un dos seus mellores expoñentes. Para iso realizamos un importante esforzo orzamentario para desbloquear as actuacións de concentración parcelaria nas zonas con maior potencial de desenvolvemento, de modo que ao final da presente lexislatura se terán realizado 858 actuacións, que sumarán 100.000 hectáreas, fronte ás 35.000

hectáreas do período 2001-2005; e un investimento de 135 millóns de euros fronte aos 82 do período 2001-2005.

Non só concentramos máis terra, senón que implantamos democraticamente marcos legais que, dunha vez por todas, intentarán solucionar o abandono de terras sufrido durante os gobernos anteriores. Valentía política, valentía política, si, para pór en marcha o Banco de Terras e demostrar que é posible conxugar dereito á propiedade e utilización social da mesma.

A nova estratexia da Consellería de Medio Rural introduciu cambios substanciais nas políticas forestais de Galiza como a posta en marcha, antes de fin de 2008, das dez unidades de xestión forestal. No presente ano, arredor de 4.000 explotacións asinarán o contrato de explotación sustentable, e no período 2008-2013 prevemos que sumarán un total de 7.500 explotacións ás que se destinará un investimento de 120 millóns de euros, co obxectivo de mellorar a súa viabilidade económica mediante a produción de alimentos de calidade, garantindo prácticas respectuosas co medio ambiente. Porque a crise, señorías, tamén é a crise dun modelo de produción alimentario, e o noso obxectivo é utilizar o autogoberno para colocar a Galiza na dirección correcta.

Galiza conta cun potencial enerxético envexábel e para a súa explotación e xestión impulsouse unha das políticas transformadoras de maior calado no actual período. O Plan enerxético galego marca unha liña de ruptura substancial coa xestión dos nosos recursos enerxéticos por parte das administracións anteriores gobernadas polo Partido Popular, sentándose as bases para garantir o reinvestimento de parte dos beneficios provocados pola xeración de enerxía e introducíndose como criterios importantes, á hora de autorizar novos aproveitamentos eólicos, a participación pública e o desenvolvemento de proxectos industriais que xeren riqueza e emprego para o país.

A esa nova orientación obedece o novo decreto de regulación de aproveitamento da enerxía eólica; un decreto que non só enterra o modelo anterior, de inspiración colonial, para a explotación dos recursos enerxéticos de Galiza, senón que tamén establece un modelo de autorización transparente e non especulativo. Decreto cuxa aplicación vai permitir mobilizar entre finais do 2008, principios do 2009 e próximos anos, 5.000 millóns de euros, unha notable inxección de

recursos para dinamizar a nosa economía e facela menos vulnerable fronte á crise. Se estamos ante a crise da especulación enerxética, nós intentamos utilizar o autogoberno para poñer a capacidade enerxética de Galiza ao servizo da xente. *(Aplausos.)*

Señorías, na actualidade ninguén discute que Galiza debe apostar por un modelo competitivo baseado na diferenciación e na tecnoloxía. Os factores que máis inciden nesa mellora son o investimento en I+D+I, o uso das TIC e a aposta polo coñecemento, prioridades estratéxicas da nosa acción de goberno ás que atende o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, que suman investimentos de 800 millóns de euros e co que pretendemos como obxectivos prioritarios conseguir o liderado do sector empresarial no esforzo investigador e potenciar o investimento en recursos humanos. Estamos dando pasos decididos nesa dirección, e neste ano o Goberno vai a dedicar un investimento en materia de I+D+I que acada os 176 millóns de euros, un 138% máis que no ano 2004.

Unha economía do coñecemento que sexa quen de reforzar a nosa economía produtiva pasa necesariamente pola consolidación e extensión do Sistema galego de I+D+I e tamén por procurar un financiamento suficiente para as universidades galegas, no que ten traballado arreo a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria. Precisamos dun modelo de asignación de recursos que ten que desembarazarse da lóxica perversa do “toma e daca” orzamental que sacralizaron os plans de financiamento do Sistema universitario galego que asinou o Partido Popular, que cualifican como gasto o que debe de ser considerado como investimento, dentro dunha estratexia de desenvolvemento compartida polas universidades, as organizacións da sociedade civil e o Goberno galego. Estratexia compartida que simplificamos na rede de parques científicos e tecnolóxicos de Galiza, posta en marcha dende a Consellería de Innovación e Industria, cun investimento de 435 millóns de euros entre o 2008 e o 2012, e que collerán nas súas cinco localizacións 550 empresas e sumarán 6.600 empregos.

Este solo de carácter tecnolóxico complementase co desenvolvemento dunha política de solo empresarial estratéxica que, atendendo ás necesidades de solo empresarial, sexa capaz de buscar e tamén de contribuír ao reequilibrio territorial.

Dende o ano 2005, a Consellería de Vivenda e Solo xestionou case 42 millóns de metros cadrados de solo produtivo, o que supuxo un investimento total de 415 millóns de euros. Teñamos en conta que en dezaseis anos as administracións do Partido Popular xestionaron tan só 10 millóns de metros cadrados, cifra que contrasta cos case 18 millóns de metros cadrados construídos entre o 2005 e 2008, unha cifra histórica, sen precedentes no noso país, que vai xerar un importantísimo volume de obra pública, que contribuirá de xeito positivo a superar a recesión.

No ollo do furacán da crise atópase o sector da construción, que foi peza central do crecemento e expansión durante o anterior ciclo económico. Este Goberno, lonxe de preocuparse pola mengua de beneficios dalgunha inmobiliaria, utiliza o autogoberno para dotar de carga de traballo o sector e para asegurar o acceso á vivenda de todos os cidadáns, mesmo en tempo de crise.

Señorías, o balance da nosa acción en materia de vivenda apóiase en cifras que non admiten discusión. Sumamos no que vai da actual lexislatura un investimento público de 372 millóns de euros, executados para a creación de vivenda de protección oficial, a licitación de vivendas de promoción pública e a rehabilitación, que suman entre todas elas 37.400 vivendas protexidas ou rehabilitadas. Os esforzos realizados para a creación de solo residencial vanse ver notablemente reforzados co desenvolvemento do Plan sectorial galego do solo residencial, do que deu conta hoxe á mañá o presidente da Xunta. Para eso é para o que ten que server o autogoberno.

Señoría, estamos convencidos de que, canto maior sexa a igualdade e a cohesión social de Galiza, máis sostíbel será o noso crecemento económico e máis sólida será a economía produtiva. Por iso desde 2005 fixemos das nosas capacidades de autogoberno un instrumento para reforzar a cohesión social e territorial de Galicia, e hoxe en día o Sistema Galego de Benestar é un sólido sistema de prestacións e equipamentos de servizos sociais e unha solvente rede de solidariedade e de garantías.

Hoxe o Sistema Galego de Benestar, o que dará consistencia á normativa á Lei galega de servizos sociais, que xa iniciou o seu trámite parlamentar, exemplifica o novo tempo das políticas sociais en Galiza, pero tamén significa

a chegada para adaptación aos novos tempos, con novos servizos e programas como o transporte adaptado, a dotación de centros de alzheimer, a creación da rede pública de centros de día, o aumento das prazas residenciais, o incremento ata o 250% do Programa de axuda no fogar ou a posta en marcha do Plan de inclusión social. E no marco desta aposta por incrementar os recursos dos grupos sociais máis vulnerables inscribíase a proposta que se levará adiante con carácter inmediato do complemento autonómico das pensións máis baixas.

Señoría, é moito o que se leva avanzado e moito aínda o que queda por facer. No ano 2005, as diferentes prestacións e servizos sociais atendían algo menos de 30.000 galegos e galegas. Neste momento hai 50.000 persoas que están sendo asistidas polos distintos programas do Sistema Galego de Benestar, e cando remate a presente lexislatura, a cifra ascenderá a 60.000 persoas. Considero que este dato é un bo indicador dos nosos avances en materia de benestar e dunha maior cohesión social en Galiza.

Dixemos que queríamos colocar a Galiza por diante na aplicación da Lei de dependencia, e o certo é que, independentemente do trámite administrativo para o recoñecemento do dereito, a atención a moitos dependentes galegos xa é unha realidade dentro do Sistema Galego de Benestar. Neste momento levamos realizadas 46.409 valoracións, o 91% do total das solicitudes rexistradas. De entre elas, máis de 29.000 teñen dereito aos servizos e prestacións de atención á dependencia neste ano 2008.

Señorías, a aplicación da actual lei de atención ás persoas dependentes está a evidenciar a esixencia da fragilidade financeira que o sostén. Non quero entrar agora nun relato-río pedichón sobre o que o Estado ten que aportar ou non aporta, tempo houbo e haberá para elo. Quero intentar elevar o nivel de reflexión para que dende Galiza sexamos quen de propor á Administración do Estado un novo modelo de financiamento da lei que non só sirva para o noso país senón para o conxunto das comunidades autónomas do Estado; un novo modelo de financiamento baseado nos principios de estabilidade, suficiencia, respecto das competencias autonómicas, globalidade e determinación dos recursos a distribuír en función da realidade demográfica, social, económica e territorial de cada comunidade. Coa elaboración dun modelo de financiamento para o que convocarei aos grupos parla-

mentares nesta mesma semán, Galiza pode exercer o autogoberno e ademais dar exemplo ao conxunto do Estado. *(Aplausos.)*

Avanzar en benestar significa tamén avanzar en igualdade, na construción dun novo país no que a igualdade entre homes e mulleres sexa unha conquista permanente e unha condición indispensábel. Ao longo destes tres anos de Goberno temos ensanchado as fronteiras da equidade de xénero con iniciativas que loitan contra a violencia machista, con novas oportunidades para mulleres no seu acceso ao emprego e con novos servizos e axudas que facilitan a conciliación entre a vida familiar e laboral. A aposta pola extensión e mellora da educación infantil pública no tramo 0 a 3 exemplifica este compromiso.

No 2008, o noso orzamento neste ámbito acada os 42,8 millóns de euros, fronte aos 25,8 mobilizados no ano 2005. As galescolas exemplifican o noso compromiso cunha educación de calidade dirixida á primeira infancia. A rede galega de escolas infantís, as galescolas, contan no inicio deste curso con 73 centros, estanse a construír outros 20 e poderemos cumprir así o compromiso de que a finais do ano 2009 sexan 121 as que compoñen a rede.

A nosa aposta pola educación infantil e o Sistema Galego de Benestar, ademais de garantir un sólido catálogo de servizos para a ampliación da calidade de vida e da igualdade de oportunidades de todos os galegos e todas as galegas, é tamén —e convén telo en conta— un activo instrumento para a creación de emprego de calidade, que nos vai permitir prover no ano 2008 nada menos que mil novos postos de traballo.

Estas son algunhas das políticas e programas de actuación coas que nos estamos a enfrontar á crise económica, pero, señorías, a actual crise económica é, sen dúbida, algo no que o Goberno centra a atención, e o máis destacable é, sen dúbida, que o autogoberno, a capacidade da Xunta de Galiza para xogar un papel reitor na definición dunha estratexia económica nacional delimitando un espazo de decisións políticas propias, é na actualidade a mellor defensa que podan ter os cidadáns galegos contra a crise.

Ramón Villares, historiador e presidente do Consello da Cultura Galega, dixo non hai moito tempo nesta mesma sede

parlamentar que Galiza é unha nación porque foi un pobo capaz de crear unha cultura e unha lingua de seu. As nosas institucións de autogoberno están para protexer e potenciar a nosa identidade cultural e lingüística. Non se lle agocha a ninguén que un dos temas da axenda cultural do Goberno neste trienio foi converter o problema da Cidade da Cultura nunha oportunidade; mudanza que pasa fundamentalmente por poñer a Cidade da Cultura ao servizo de Galiza como nación cultural, ao servizo da súa lingua e das manifestacións culturais e artísticas que nos son propias. Esta é a oportunidade na que responsablemente estamos a traballar; unha oportunidade que cando gobernou o Partido Popular deixou pasar; unha oportunidade que agora, desde a oposición, non fan máis que tentar obstaculizar. Cúmprese unha vez máis esa decepcionante confirmación que nos di que, quen crea o problema, rara vez é quen de mudar para propiciar a súa solución. *(Aplausos.)*

Obxectivos centrais da nosa política cultural son o fortalecemento das nosas industriais culturais e a súa proxección no exterior. A eses obxectivos atenden a creación da Axencia Galega de Industrias Culturais, a Lei do libro e da lectura, o Plan galego da lectura ou o Plan galego de artes escénicas. Un exercicio de autoestima cultural e nacional que se ten convertido nunha besta negra para os deputados e deputadas do Partido Popular. ¿Que é o que tanto lles amola? Se atendemos ás súas declaracións, o que non lles gusta non é xa a nosa política cultural, o que parece que non lles gusta é a existencia mesma da cultura galega. *(Aplausos.)* Señor Feijoo, desengáñese, non se pode pretender ao mesmo tempo aparecer como defensor de Galiza e atacar frontalmente todos e cada un dos esforzos normalizadores que se realizan neste país. Polo camiño que levan, están a converterse en activos partidarios da eutanasia da nosa cultura e da nosa lingua. Cómprelles un radical cambio de rumbo se non queren tornarse en seres estraños na súa propia terra. *(Aplausos.)*

Todos. Todos. Todos. Todos e todas nós sabemos ben que é mentira que en Galiza exista un Estado de excepción lingüística no que se vulneran os dereitos dos galegos castelánfalantes. Non é opinable, é sencillamente mentira; unha mentira e un insulto á intelixencia dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Imos con sentidiño polo bo camiño e levamos o paso tranquilo e seguro que a xente agardaba de nós, dos grupos par-

lamentares que damos apoio o Goberno e dos partidos políticos que sustentamos o Goberno. Pero non estamos cegos nin xordos, e sabemos que hai moitas cousas que temos que facer mellor porque a xente nolo pide e nolo demanda, e este Goberno sabe escoitar e escoita con atención cando fala a xente. E procuramos aprender dela, porque temos moito que aprender das galegas e dos galegos.

Eu, dende logo, e o BNG, non estamos nin cegos nin xordos e eu escoito o que me di a xente. Escoito cando me din que hai que facer máis escolas infantís. Hai que facer máis escolas e facelas máis rápido, porque non chegan as prazas. Escoito cando me din que temos que facer máis centros de día e centros de Alzheimer e máis residencias; e facelas máis rápido porque fan falla e non hai alternativas. E nolo din sempre, ademais, os máis desfavorecidos, os que máis lles costa chegar a fin de mes coas débedas ou coa hipoteca. E porque teñen razón, imos redobrar esforzos, pero, dende logo, o que non imos a facer en ningún caso é aplicar receitas da dereita para a crisis económica: abaratar os despidos e baixarlles os impostos aos que máis teñen. *(Aplausos.)* Eso non o vamos a facer.

Si quero aproveitar esta intervención para reafirmar o meu compromiso de escoitar e atender sempre o que me di a xente. O que me gusta e o que non; o que estou de acordo e o que estou en desacordo; e facelo con respecto, porque é a obriga dun gobernante en democracia. Por eso sempre intento prestar atención tamén ao que di a oposición, sobre todo cando fala cando lle toca, aínda que teño que recoñecer que pouco se pode aprender dunha oposición que mesmo lle bota a culpa ao bipartito da crise financeira de Wall Street, pero o intentaremos.

Ao señor Feijoo gústalle decir que o bipartito é a nada, e eu teño que decirlle que vostedes perden continuamente as súas oportunidades e que non ensinan nada, porque, señor Feijoo, dende o meu punto de vista, o peor do que lle teño escoitado a vostede eiquí non é o que fixo no pasado, cando tivo abondosas responsabilidades de Goberno —eso, a fin de contas, xa non ten solución—, o peor é o que propón para o futuro, que nos anima a facer todo o posible por que siga na oposición o maior tempo posible. *(Aplausos.)*

Porque entendo que non lle guste ver que a educación pública medra en recursos e capacidades, en transparencia

e en compromiso democrático, porque condenala á miseria era e segue a ser o seu modelo. Unha educación privada ben dotada, con medios e recursos pagados con cartos públicos, e unha educación pública maltratada, pobre e espoliada. Eso foi o que deixou o seu Goberno e ese é o futuro que lles ofrece vostede todos os días aos galegos e ás galegas cando falan.

Entendo que non lle guste ver en Galiza que se volva construír vivenda pública accesible para todos, porque o seu modelo era antes, e o que é peor, segue a ser agora, “que teña vivenda quen poda pagala” e que os especuladores fagan, cantos máis cartos, mellor. Eso foi o que deixou o seu Goberno e ese é o futuro que vostede lle ofrece aos galegos e ás galegas cando fala.

E entendo, señor Feijoo, entendo que non lle guste ver á Xunta de Galiza e aos concellos colaborando no Consorcio para crear o Sistema Galego de Benestar, porque vostede xa o dixo ben claro hai ben pouco tempo: o que hai que facer cos cartos públicos é financiar as prazas baleiras da rede privada de centros de día. *(Aplausos.)* Vostede non engaña a ninguén. Vostede é claro e explica con toda claridade o que faría se volviera a gobernar.

E entendo que non lle guste ver cómo cumprimos con coherencia os nosos compromisos. Prometimos e estamos cumprindo a primeira aposta firme, decidida, polas políticas de igualdade, polas políticas de corresponsabilidade e polas políticas de loita contra o terrorismo de xénero. Cada galescola que facemos, a vostede parécelle mal, porque é un recordatorio de todas as que non fixeron vostedes. Cada dereito ao salario da liberdade que se lle recoñece a unha muller maltratada, a vostede parécelle mal, porque é un recordatorio do moito tempo no que vostede non fixo nada e mesmo o seu Goberno negaba a existencia do problema. Eso foi o que deixou o seu Goberno e ese é o futuro que vostede lle segue a ofrecer ás galegas e aos galegos.

Prometimos dignidade e normalización para a nosa lingua e estamos traballando dende o Goberno para cumprilo. E está-molo facendo dende o respecto e a tolerancia, sen caer en provocacións e sen deixarnos arrastrar polos seus intentos constantes de promover unha caste e especie de racismo lingüístico que non ven en ningún lado.

Deixe de inventar un problema, señor Feijoo, deixen de facer o ridículo, ou calquera día vámoslos ver saír nese serial surrealista que promove un medio de Madrid co esperpéntico nome de “Vítimas da inmersión lingüística”, e nos contarán nel como ten un amigo estudando nunha carísima escola privada de nome inglés para procurar, sobre todo e ante todo, que non quede contaminado polo galego. *(Aplausos.)* ¿A vostedes lles parece normal?

Prometimos rematar co despilfarro dos recursos naturais de Galiza impedindo esa caste de colonialismo enerxético ao que nos tiña acostumado o Goberno do señor Feijoo e o estamos cumprindo. Pero é triste comprobar que 4.000 megavatios concedidos por vostedes en concurso público, e con rendemento mínimo para Galiza, aínda non lle serviu para que aprenderan, e seguen a anunciar que farían o mesmo se tiveran outra vez a oportunidade. *(Aplausos.)*

Estamos facendo historia co concurso eólico, porque por primeira vez as galegas e os galegos asisten en tempo real e en directo a un concurso público transparente, aberto e rexido única e exclusivamente polos intereses do país.

Vostedes, señor Feijoo, secuestraron o vento, quitáronllo aos galegos e ás galegas para darllo a uns poucos, e nós lles estamos devolvendo o vento á xente para polo ao seu servizo. Vostedes queren parar o concurso eólico para ver se poden volver roubarlle o vento aos galegos e ás galegas para polo ao servizo dos de sempre. E para iso non lle importa recorrer aos peores xeitos de facer política aos que nos tiñan acostumbrados e que pensábamos que xa empezaban a deixar atrás: a mentira, a crispación e a manipulación. Ver que o vento se vai pór ao servizo dos galegos e das galegas saca o peor de vostede, señor Feijoo, e sinto decírllo. *(Aplausos.)*

Vivimos tempos duros e difíciles, e a xente o que espera de nós é que, dende a discrepancia e dende a diferenza, saibamos chegar a acordos nas causas que nos son importantes e que preocupan a todos e a todas.

Queda demostrado –polo menos así o intentaba nesta intervención– que o autogoberno é a mellor blindaxe que temos os galegos e as galegas para amortiguar os efectos da crise. Eu quero hoxe chamalos a todos e a todas a un novo esforzo conxunto para responder ás demandas da cidadanía e dotar a Galiza dun maior e mellor autogoberno, dun novo

Estatuto de nación que necesitamos e que queremos como galegos e como galegas.

Hai máis dun ano, os tres líderes das tres forzas políticas galegas non fomos quen de chegar a un acordo na reforma do Estatuto. As consecuencias desa falla de acordo son cada día máis visibles. Todas as comunidades autónomas teñen en marcha, aprobadas ou a punto de aprobar, reformas dos seus estatutos que melloran o seu autogoberno e que, sobre todo, dan unha base legal, un apoiatura xurídica, ás súas demandas de máis autogoberno e máis competencias. Mentras as outras comunidades afortalan o seu financiamento, a súa parte nos orzamentos do Estado e a súa posición política no Estado español coa forza da lei dos seus novos estatutos, nós semellamos resignados a xestionar unha posición máis débil e sometida ao albur, ao capricho ou á vontade do goberno que toque. Eu revélome diante desa resignación e digo hoxe eiquí que o acordo é posíbel e que a tarefa máis importante que temos por diante é dotar a Galiza dun financiamento, dun status e dunha posición fortalecidas que se apoiem na forza da lei dun novo Estatuto de nación. *(Aplausos.)*

Sei que conto coa vontade e co acordo do Partido Socialista neste obxectivo común, porque segue a ser un grande obxectivo deste Goberno e porque así o explicitou hoxe pola mañá o presidente da Xunta. Pídolle, señor Feijoo, que se sume a ese esforzo, pondo dende hoxe mesmo, sen esperar máis, as primeiras pedras do diálogo para que Galiza teña novo Estatuto na próxima lexislatura.

Dixen sempre que para retomar o diálogo a prol o novo Estatuto eran necesarios cambios no escenario político que propiciaran e fixeran posíbel o acordo. Segundo din, houbo cambios no seu partido. Parecen, según vostedes dixeron, mudar algunhas posicións que eu consideraba ultramontanas, que no seu momento limitaron, sen ningunha duda, a súa capacidade para chegar a acordos. Hai moi poucos días, en Castela-A Mancha, o seu partido foi quen de chegar a un acordo para a reforma do Estatuto que inclúe disposicións referentes á propiedade e aos dereitos da auga que non gustaron para nada ao Partido Popular en Valencia ou en Murcia.

Señor Feijoo, esta é a súa oportunidade para demostrarnos a todos que algo cambiou no Partido Popular, que agora si ten autonomía, coraxe política e vontade para chegar a acordos

que vostede sabe ben que é o que queren os galegos e as galegas. Agora é o momento de demostralo. *(Aplausos.)*

Hoxe, desde esta tribuna, ofrézcolles que comecemos mañá mesmo a traballar nun gran acordo nacional para trazar a nova fronteira do autogoberno de Galiza. Un acordo que pivota dende o meu punto de vista, e esa é a miña proposta, sobre cinco grandes principios.

O primeiro deles, cómpre reanudar con urxencia os traballos e facelo xa. Galiza no pode seguir perdendo tempo. Cómpre aproveitar o traballo feito e retomar a cuestión onde a deixamos. Temos moito camiño andado e propoño seguir andando. Trallemos no que queda de lexislatura nun texto de consenso. Se o acordo non fose posíbel nese tempo, asumamos o compromiso de levar nos nosos programas electorais a mesma proposta: pactar e aprobar un novo Estatuto no primeiro ano da vindeira lexislatura. Os cidadáns, cando vaian a votar, teñen dereito a saber a posición dos partidos sobre tan importante asunto.

Segunda cuestión. A nova fronteira do autogoberno de Galiza deberá de ser un novo Estatuto que recolla un modelo de financiamento propio e singular para Galiza; un modelo de financiamento que se axuste e responda ás nosas necesidades e demandas e que dea credibilidade a un ámbito competencial de máximos e blindado para que Galiza teña na súa man instrumentos para xenerar benestar, especialmente en momentos de crise.

Terceiro. A nova fronteira do autogoberno debe de ser un novo Estatuto que converta en lei o compromiso político de que as grandes infraestruturas pendentes estean operativas no ano 2012. É agora unha boa oportunidade de que a forza da lei devolva ás galegas e aos galegos confianza en que os compromisos e débedas pendentes co noso país se pagarán, sen ningunha duda, en tempo e forma.

Cuarto. A nova fronteira do autogoberno galego debe de ser un novo Estatuto cunha aposta firme e decidida pola incorporación dos dereitos sociais de cuarta xeración. O dereito por lei é unha oportunidade para facelo. O dereito por lei ao complemento autonómico das pensións; o dereito por el a percibir o salario da liberdade no caso da violencia machista; o dereito das traballadoras e traballadores á xornada laboral de 40 horas.

Quinto, a nova fronteira do autogoberno de Galiza debe de ser un novo Estatuto que recoñeza o carácter nacional de Galiza ao mesmo nivel que Euskadi e Cataluña, sen condicións nin vetos apriorísticos por parte de ninguén.

Señorías, os tempos duros e difíciles demandan respostas firmes e audaces para estos tempos incertos e complexos. Deixo enriba da mesa unha proposta ambiciosa e responsable que estou certo que servirá para fortalecer a confianza das galegas e dos galegos nos seus políticos e nas súas institucións, se somos capaces de deixar a un lado os nosos intereses persoais e partidistas, as nosas diferenzas e as nosas discrepancias.

É hora de sumar esforzos, de pórnos a traballar todos xuntos para que as galegas e os galegos afronten estes tempos de crise e dificultades coa certeza de sentirse cubertos fronte á adversidade. Agardo a súa resposta, no convencemento de que será positiva, porque eso estou seguro que é o que agarda e espera de nós o país.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Quintana González.

Silencio, por favor.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señor presidente da Xunta de Galicia.

Invitados que nos acompañan e tamén aqueles que seguramente nos siguen a través da televisión pública de Galicia e tamén de internet, un saludo para todos eles, especialmente para os que están fóra da nosa terra.

Teño a honra de intervir, señorías, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, para fixar a posición do noso grupo neste que a bon seguro será o último debate sobre o estado

da Autonomía na actual lexislatura. Fágoo tamén para rendir contas do noso labor no exercicio da responsabilidade contraída coa cidadanía como principal grupo que sustenta a acción do Goberno, labor que realizamos seguro que con pouco ruído, pero que modestamente estamos convencidos de que o fixemos coa cordialidade e firmeza necesarias para contribuír en todo momento a garantir a estabilidade do Goberno e a apoiar todas e cada unha das súas iniciativas para facilitar o cumprimento dos compromisos que temos contraídos cos cidadanos.

Fixémolo ademais, señor presidente, guiados pola súa orientación de búsqueda permanente do diálogo e do entendemento en todo aquilo que fose posible, polo que puxemos todo o esforzo e capacidade argumental en defender as nosas posicións, pero tamén en intentar entender as dos demais. Nunca consideramos como perdido o tempo adicado ao diálogo na búsqueda do entendemento e dos acordos, si ademais nunha parte moi considerable deles, das actuacións do conxunto dos grupos parlamentarios da Cámara e das iniciativas que o Goberno trouxo a esta Cámara, o diálogo fixo posible que fructificase en consensos e acordos relevantes.

Recórdolles, señorías, que máis do 47% das iniciativas lexislativas que o Goberno remitiu a esta Cámara foron aprobadas por unanimidade, e eso só se pode facer se no país temos un goberno que ten en conta o Parlamento, que pensa que o Parlamento é útil para mellorar a calidade da lexislación que remite á Cámara, e que ten vontade de diálogo e cooperación para buscar uns textos lexislativos que sexan útiles e sobre todo que teñan perdurabilidade no tempo.

Serviu tamén o diálogo, señorías, para que ningunha iniciativa fose rexeitada, das presentadas nesta Cámara, en base a ningunha maioría mecánica, sempre se fixo con propostas alternativas e, dende logo, cunha argumentación razonada, cuestión que non pasaba noutras épocas neste Parlamento, como vostedes ben saben, que se rexeitaban as iniciativas sen na práctica ningunha alternativa e coa argumentación única e exclusiva da maioría absoluta que sustentaba a acción do Goberno.

No seu discurso, señor presidente da Xunta, vén de render contas das medidas impulsadas por vostede e polo seu Goberno para dar cumprimento aos compromisos contraídos cos cidadáns, tamén dos resultados destas iniciativas, e por

suposto anunciou novas propostas para afrontar a coxuntura económica que estamos a vivir. Iso si, entendemos nós, alonxado de calqueira tipo de autocomplacencia ou triunfalismo, máis ben todo o contrario, moi pegado ao acontecer do día a día de todos os cidadanos do noso país.

Medidas para atender a crisis, e, desde logo, señor presidente, aos socialistas nos satisface especialmente que as medidas que vostede presentou teñan como orientación atender a aqueles que poden ter maiores dificultades durante esta crisis, que son as familias, que son os parados e que son, cecaís, aqueles que teñen menos poder adquisitivo, e aí é onde vostede encamiñou as medidas que presentou esta mañá.

Sen dúbida queda claro, señor presidente, que vostede e o seu Goberno sudaron e están a sudar a camiseta liderando un proxecto de cambio e modernización do noso país para o cal contan coa compañía activa da maioría dos galegos e das galegas. Así veu acontecendo hasta o de agora. Os galegos non se conformaron só con impulsar o cambio en Galicia senón que ademais se comprometeron con el, apoiándoo todos os días, facendo seguimento e apoiando todas e cada unha das iniciativas que puxo en marcha o seu Goberno, señor presidente. Queda tamén claro que co cambio impulsado polos cidadáns nas urnas iniciouse unha nova etapa na historia da nosa Autonomía, sen dúbida trouxo consecuencias positivas para a cohesión social e territorial de Galicia, así como para a modernización das súas infraestruturas e equipamentos. Tamén as trouxo para a súa normalización democrática e institucional.

Demostrouse que era necesaria, ao tempo que posible, outra política e outra forma de levala a cabo, un novo estilo que se asenta, como vostede afirmou, na transparencia, no diálogo social e na cooperación e na lealtade institucional. Demostrouse que a través do diálogo e do entendemento entre as forzas políticas era posible construír alternativas de Goberno útiles para Galicia e para os galegos, e separar no entramado institucional o lastre partidario que para as institucións representan, e que as mesmas deberían de funcionar, señor presidente, e así o fan, coa normalidade que o fai a sociedade galega todos os días.

A vida política no noso país, o noso entramado institucional, sufriu durante décadas, cecaís, demasiado lastre partidario, demasiadas consecuencias negativas para poñelas ao servi-

cio do conxunto dos cidadáns. Hoxe, felizmente, todo o entramado institucional da nosa comunidade autónoma funciona ao servizo e coa mesma normalidade que funciona o conxunto da sociedade galega todos os días.

O seu discurso, señor presidente, deixou claro tamén que nada que afecte a Galicia e aos galegos é alleo ao seu presidente, sexa de quen sexa o ámbito competencial, algo que antes non pasaba, sempre se miraba para outro lado. Porque neste país, señor presidente, señoras e señores deputados, houbo outras crisis, neste país houbo problemas serios, que afectaban aos galegos e ás galegas, e normalmente se solía mirar para outro lado, para outras administracións. Por certo, se sigue facendo tamén nalgúns comunidades autónomas do Estado español diante desta mesma crisis, porque para o señor Núñez Feijoo, en Galicia a crisis económica, Wall Street, os bancos, os problemas que pasan en Alemania e algúns outros países, pois teñen cecais o seu xérmolo na Xunta de Galicia e no presidente Touriño. Claro, para o presidente de Murcia, para o presidente de Valencia e para a presidenta de Madrid, todos os males acaban e empezan en Zapatero. (*Aplausos.*) Loxicamente, señorías, así é moi difícil entenderse. Por eso, señorías, os socialistas galegos, señor presidente, valoramos moito que vostede en ningún caso mire para outro lado diante de calqueira problema ou situación de dificultade que pode pasar o noso país ou calqueira dos seus cidadáns. Nos parece, e os socialistas defendemos hoxe, pero ¡ollo!, defendemos sempre que nada do que pasa en Galicia pode considerarse alleo para o seu Goberno, por eso nos parece especialmente feliz o seu comportamento diante desta crisis.

Foi o primeiro presidente dunha comunidade autónoma que adoptou medidas para facer fronte á crisis, encamiñadas no modelo de política económica que puxo en marcha coa súa chegada ao Goberno, pero medidas exclusivas para facer fronte á crisis que afecta a Galicia e aos galegos como afecta ao resto dos españois, ao resto dos europeos e á maioría dos cidadanos do mundo. Polo tanto, señor presidente, ese camiño é o que vostede tiña comprometido cos cidadanos e é o que felizmente sigueu, como demostrou no discurso desta mañá.

Os socialistas, como a inmensa maioría dos galegos, valoramos a súa aposta decidida polo diálogo social para poñer en marcha un novo modelo de política económica que servise

para que, partindo do feito –como vostede comprometera cos cidadanos– de iniciar unha nova etapa no noso país baseada na estabilidade, na confianza, aquí cumpre, señorías, lembrar de onde viñamos, non pasa nada por facelo e naide ten por que alporizarse, porque cecais recordar estas cuestións debería de constituír unha lección para todos. Hoxe, tres anos despois daquela Galicia que nos atopamos caracterizada por un modelo de política económica –como vostedes ben saben– baseado en salarios baixos, emprego precario e escasa produtividade; con dous puntos de paro por riba da media española e con altas taxas de precariedade no emprego; cun retraso dun ano respecto da media española na inserción laboral dos xóvenes e das mulleres e co dobre de taxa de paro feminino que na media española; cuns servizos públicos claramente deteriorados e moito máis orientados ao negocio que ao dereito dos cidadáns; cunha sanidade, señorías, contaminada polo virus da privatización; co abandono do ensino público e a potenciación do privado, xunto con forte debilitamento dos servizos complementarios; uns servizos sociais que nunca foron unha prioridade para a dereita, desgraciadamente, no noso país, que sempre os entendeu e enfocou moi encamiñados á beneficencia. Por este motivo Galicia contaba con taxas de atención para os maiores, para as persoas que tiñan problemas, por debaixo do 50% da media Española e cinco veces por debaixo da media europea. Eu creo que todas estas cuestións que os galegos saben é bo que as interioricemos todos, especialmente os responsables políticos, porque será moi positivo que naide teña a tentación de tentar levar o país outra vez a esta situación, cuestión que estou seguro que os galegos non van a permitir.

Non houbo nunca, señor presidente, señorías, unha política de vivenda de protección pública. A dereita tiña todo encomendado ao mercado, que, como o todo o mundo sabe, é especialista en garantir dereitos, especialmente o dereito da vivenda. Tiña como obxectivo principal, desde logo, o negocio sobre o dereito, e a política de vivenda pública no noso país sencillamente non existiu, por eso tiñamos os grandes déficits que tiñamos na política de vivenda na nosa terra.

Un novo modelo de política económica impulsado por este Goberno permítenos, señor presidente, como vostede afirmou esta mañá, crecer máis e ademais facelo mellor. É mais, vostede sempre afirma que a única maneira de crecer máis é facelo mellor.

Durante o ciclo positivo aproveitamos as posibilidades do noso territorio de xeito ordenado e sustentable para estar máis e mellor preparados nos momentos de crisis que estamos a vivir. Aproveitouse todo o noso potencial de crecemento para crear máis emprego e de máis calidade. Aquí sin duda que demos unha auténtica lección. Cando digo demos, señorías, falo do presidente, falo do Goberno, falo dos sindicatos, falo dos empresarios, loxicamente falo do brillante conselleiro de Traballo, a quen lle tocou sacar para diante esta tarefa. Pero falo especialmente, señorías, dos galegos e das galegas que fixeron ese gran esforzo de sumar todos, de tirar todos na mesma dirección, xunto coa iniciativa e o liderazgo do seu presidente e do seu Goberno, para facer fronte ao principal problema que tiña o noso país. Non solamente tiñamos pouco emprego senon que o que tiñamos era de mala calidade, sobre todo en comparación coa media española, señorías.

Houbo unha recupeación clara dos servicios públicos como a educación e a sanidade ou a propia protección social. Hoxe, señorías, naide poderá negar –porque isto é moi difícil facelo– que os galegos teñen máis dereitos que fai tres anos, e isto non o teñen porque o Goberno teña expresado un catálogo de dereitos, non se trata deso. É que detrais dos novos dereitos recoñecidos polo Goberno, si vostedes se fixan, sempre aparece un plan ou unha iniciativa lexislativa para garantir o disfrute real deses dereitos por parte dos cidadanos. Podemos poñer algúns exemplos sobre como o Goberno remiteu a esta Cámara a lexislación para garantir o disfrute efectivo deses dereitos para o conxunto dos cidadanos.

Por certo, empecemos pola sanidade, o dereito á sanidade, un sistema sanitario público e de claridade. Aí teñen ustedes a nova carteira asistencial cos novos servicios garantidos na Lei de saúde de Galicia. Aí teñen vostedes a nova carteira asistencial, pero garantida por lei, na Lei de saúde de Galicia.

Podemos ir á educación e vamos ver como os dereitos que o goberno recoñeceu aos cidadanos para o seu disfrute tamén os dotou de orzamento presupuestario, e eso, señorías, foi o que fixo posible que algo que parecía imposible, que nunca podía ocorrer na nosa comunidade autónoma, que os libros de texto fosen gratis e que os galegos e as galegas, as familias do noso país, pois tiveran que facer a carga menor do conxunto das familias españolas para iniciar o curso escolar, señorías, trátase de que o Goberno, cada vez que establece

un dereito, establece tamén as garantías orzamentarias e lexislativas para que os cidadanos poidan disfrutalo en plenitude. (*Aplausos.*) Así, señorías, poden ver que na educación non solamente son os libros de texto, é o acompañante escolar en todas as rutas, señorías, son as quince mil novas plazas en comedores escolares, algo que ten que ver tanto coa conciliación da vida familiar e da vida laboral; algo que ten tanto que ver con fortalecer a economía das familias so darlles máis e mellores servicios, máis servicios e de máis calidade.

Señorías, en política social o Goberno recoñeceu, sin duda, un catálogo de dereitos amplo, ¡xa era hora!, porque os avances que se tiñan producido en España na primeira etapa do Goberno de Felipe González, como vostedes recordarán, que tiñan que ver coa sanidade e coa educación, coas pensións, e todo o que tiña que ver coa protección social, señorías, en Galicia habían sufrido limitacións serías, porque para os gobernos de dereita nunca foi unha prioridade todo o que eran servicios públicos para atender os cidadanos, e especialmente aqueles que tiñan que ver coa protección social, coa atención ás familias e especialmente coa atención aos dependentes. Hoxe, felizmente, todos os catálogos de dereitos que teñen que ver coa protección social están recollidas na Lei de servicios sociais, que está a debate xa neste Parlamento e que será un instrumento fundamental –o ten que ser– para desenvolver a outra lei de dereitos por excelencia, que é a Lei da dependencia. A Lei de servicios sociais de Galicia deberá de ser punto de encontro para poder aplicar en plenitude o que é a Lei de dependencia do noso país, aprobada polo Goberno do Estado como as súas señorías saben.

Señor presidente, señorías, a política de vivenda, o dereito a unha vivenda, o dereito constitucional da vivenda, aquí sempre estivo, como lles decía antes, ao servicio do negocio. Felizmente rematouse con esa situación, e rematouse porque hoxe temos a Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, que é unha garantía para que os cidadanos poidan disfrutar en plenitude dese dereito constitucional. Rematouse a época de priorizar o negocio sobre un dereito tan serio como é o acceso á vivenda dos propios cidadanos.

Tamén en materia de medio ambiente, señorías. Os cidadanos teñen dereito a disfrutar do medio ambiente, teñen dereito a disfrutar da súa paisaxe. Hai a Lei da paisaxe e a Lei da

conservación e mellora dos nosos ríos, señorías, aprobada por este Parlamento. Dereitos de cidadanía que os cidadanos hoxe poden exercer en plenitude. Seguramente que isto, señorías, lle sona a todos vostedes.

Recordarán os que estiveron na Ponencia do Estatuto autonomía de Galicia, cando fixemos a Ponencia para elaborar a reforma, a atención que os socialistas galegos puxemos á protección dos dereitos, ao establecemento dun catálogo de dereitos, pero tamén a establecer medidas para que os cidadanos puideran exercitalos en plenitude, o mesmo que acaba de facer o Goberno. Non temos, infelizmente, a reforma do Estatuto, pero eso non foi ningún obstáculo para que o Goberno do noso país, para que o presidente da Xunta de Galicia, impulsara que os dereitos dos cidadanos, os novos dereitos dos cidadanos que impulsou o Goberno do cambio, estén recoñecidos por lei e poden disfrutar deles en plenitude, señorías.

Pero hai máis dereitos, o dereito da igualdade no traballo. ¿Haberá cousa máis fermosa que todos poidamos ser iguais, señorías, cando menos no acceso e no disfrute na actividade laboral? Foi preciso que chegara o Goberno do cambio para que se fixera a primeira Lei de igualdade do traballo entre as mulleres e os homes do noso país, señorías, e hoxe a temos aí, garantizando o dereito do traballo en igualdade na nosa terra.

O dereito á seguridade persoal. Señorías, aí temos a Lei de Policía de Galicia, a Lei de coordinación das Policía Locais. Todo o que ten que ver co noso entramado de seguridade, hoxe conta cunha lexislación clara e efectiva para que os cidadanos poidan disfrutar dese dereito.

Finalmente, señorías, señor presidente, voume a referir ao que ten que ver co diálogo e a cooperación institucional, que era outro dos compromisos que vostede tiña asumido cos cidadanos. Aí o Pacto local, baixo o noso punto de vista, asumiu un papel protagonista fundamental, porque contribuíu a normalizar as relacións entre os concellos e a propia Administración autonómica. Rematouse coas tutelaxes, rematouse coas subordinacións e entablouse un diálogo cooperativo entre a Administración local e a Administración autonómica que sólo pode ter consecuencias positivas para os cidadanos, dado que estamos a falar da Administración que está máis perto deles.

E rematouse coa discrecionalidade, tamén, no trato aos concellos e no desprezo aos cidadanos en función da color política do alcalde que os gobernase. Rematouse, señor Feijoo, con cargo ao Pacto local, que trouxo como consecuencia tamén a Lei de transparencia e a Lei de subvencións, aquela famosa operación da que vostede espero que non se sinta moi orgulloso, cando en plena precampaña electoral vostede asinaba convenios por 38 millóns de euros con alcaldes única e exclusivamente do Partido Popular. *(Aplausos.)* Con eso rematou o Pacto local de Galicia, señor Feijoo, e hoxe, felizmente, as relacións entre os concellos e a Administración autonómica fanse en base a criterios reglados e obxectivos, a través da Lei de transparencia, a través da Lei de subvencións e convenios e a través do respecto institucional mutuo, sin ningún tipo de subordinación e sin ningún tipo de tutelaxe.

Pero no diálogo institucional está incluído tamén o peso de Galicia en España, e ¿por que non decilo?, o peso de Galicia en Europa, señor presidente. E aquí convén facer un apartado, porque estamos falando de cuestións de moito interés para Galicia e para os galegos, porque os recursos sempre son limitados e, polo tanto, deberemos de aproveitalos ao máximo.

Certamente, dende que vostede chegou á Presidencia da Xunta de Galicia, señor presidente, os orzamentos do Estado para Galicia sufriron un incremento notable, pasaron de duplicarse dos que tiñan gobernos anteriores.

Pero o que é máis importante, para nós é importantísimo que chegue o tren de alta velocidade, son importantísimas as autovías, é importantísimo todo aquilo que ten que ver coa mellora das infraestruturas e os seus equipamentos –sin duda, para Galicia e para os galegos tamén–, pero non é menos importante, señorías, a orientación social dos presupostos de cada ano. Poido recordarlles os deste ano, pero podía facelo tamén cos do ano pasado, e os deste ano non supoñen para Galicia solamente autovías ou tren de alta velocidade, supoñen tamén aumentar o 6% as pensións mínimas a máis de 260.000 pensionistas por un importe de 482 millóns de euros, señorías, que veñen a fortalecer a economía das familias do noso país. Eso é a orientación política dos presupostos do Estado. Supón tamén unha aportación de 127 millóns de euros, un 38% máis para a aplicación da Lei de dependencia no noso país. E supón tamén, señorías, uns recursos para a

renta de emancipación de máis de 21 millóns de euros. Espero, espero, señorías, que todos teñan a sensibilidade suficiente para non poñer en cuestión estes orzamentos que o presidente da Xunta de Galicia e o presidente do Goberno de España foron capaces de concertar en función do interese de Galicia e dos galegos tamén. *(Aplausos.)*

Señorías, o cambio en Galicia trouxo moitas cousas positivas, como o presidente ten afirmado esta mañá. Desterrou, desde logo, da vida política, con claridade, a mentira e a manipulación –digo da vida política e da Administración–. Hoxe temos, como se demostrou esta mañá, un presidente que conta a verdade aos cidadanos, un goberno que cumpre os compromisos... Si, si, ustedes é lóxico que se rían porque non están acostumbrados, ¡que lle imos facer!, pero convén que se vaian acostumbrando, voulles explicar por que. Convén que se vaian acostumbrando porque o cambio que impulsaron os cidadanos foi encamiñado tamén para erradicar da vida política de Galicia a mentira e a manipulación aos cidadanos. Os cidadanos queren que se lles diga a verdade en todo momento, señorías, e o demostran cada día e tamén en cada confrontación electoral, xa o verán. Pero mire, teñen aínda algunha oportunidade, porque os galegos e as galegas, que son intelixentes, saben que sin duda os presupostos do Estado son bos, saben que a economía en Galicia, estes tres anos, funcionou mellor e que Galicia medrou máis que España por primeira vez, e saben que ese crecemento económico se trasladou á creación de emprego de xeito inmediato, e saben que creamos máis emprego que a media española, e saben que as cousas funcionaron mellor que no resto de España, señorías. E saben, ademais, que ese crecemento se distribueu en función dunha estratexia que ten que ver con protexer os que menos teñen e atender os servizos para o conxunto dos cidadanos.

Señorías, hoxe coma onte, e seguro que como mañá, é preciso que todos poñamos da nosa parte para chegar a entender-nos. O presidente da Xunta fixo no pasado debate do estado da Autonomía tres propostas para o diálogo, tendeu a mao –tamén o fixo hoxe– para o diálogo, sobre tres cuestións da máxima relevancia: sobre a lingua, sobre o territorio e o autogoberno; seguro que o recordan, foi o pasado debate do estado da Autonomía. Desgraciadamente, sobre a lingua nada que facer. O señor Feijoo parece que non vai con el, nada que non seña establecer crispación e división en torno ao noso ben máis prezado. Sobre o territorio hai unhas directrices que

disque non lle valen por que son copiadas dunhas que fixo el. E, señorías, sobre o autogoberno ¿que quere que lle conte? Ten, eso si, a medalla, pódennlla impoñer me imagino que en Génova, de ser o primeiro responsable político dunha Comunidade Autónoma que foi capaz de vetar a reforma do Estatuto de autonomía do seu país. *(Aplausos.)* E con eso, señor Núñez Feijoo, eu creo que é imprescindible rematar, é imprescindible que vostede remate.

Teño moitas dúbidas, teño moitas dúbidas de que o faiga. É máis, o señor Quintana na intervención anterior facía unha invitación a todos para que nos sumásemos a esta iniciativa de reforma do Estatuto, tamén o facía o señor presidente da Xunta de Galicia. Este portavoz, como vostedes ben saben, eu creo que era non sei se o máis, pero era moi optimista –os que estaban na Ponencia o saben– con respecto a que íbamos sacar adiante a reforma do Estatuto de autonomía, moi optimista. Penso que o saben todos os que estaban na Ponencia. Hoxe, sen embargo, teño que decirlles que nin con eleccións nin sin eleccións, co señor Núñez Feijoo ao fronte do Partido Popular non será posible, estou completamente convencido, porque non cre nesto, non cre neste, e como non cre neste, vai a ser moi complicado. Gustaríame equivocarme, pero dáme a sensación que nin sequera os galegos o van arreglar, fíxense vostedes, señorías, a pesar de que os cidadanos arreglan moitas cousas. Mesmo arreglaron –e aquí facía falta que vostedes tomaran nota– algo en Madrid. Saben vostedes que o que facían na pasada lexislatura, e o que fan nesta despois de pasar polo xuízo dos cidadanos, hai algunhas diferencias, mudaron algunhos comportamentos. Estou completamente seguro que aquí vai a pasar igual; van a mudar algo, non sei se suficiente, algo mudarán. Porque os cidadanos lles ensinarán novamente o camiño e será o camiño de seguir na oposición, e espero que daquela o faigan tendo en conta algo máis os intereses de Galicia e dos galegos.

Remato, señorías, afirmando, señor presidente, que vostede esta mañá falou claro, dende a firmeza e o liderazgo da Presidencia do Goberno do país. Faloulles claro a Galicia e aos galegos a través dos seus representantes. Sen duda, aos socialistas nada nos satisface máis que ver ao presidente do seu país, ao máximo responsable –permítanme que o diga– do noso partido, crendo en Galicia e nos galegos, crendo nas amplias posibilidades que ten este país para facer fronte a calqueira tipo de dificultade. E, desde logo, señor presidente, facéndoo ademais da forma que vostede o fixo, tendendo a man.

Espero, señor Núñez Feijoo, que este debate do Estado da autonomía lle sirva para, agora si, coller esa man tendida do presidente da Xunta de Galicia para remar xuntos e na mesma dirección, para facer fronte ás dificultades, que sen duda as temos, que as teñen o resto das comunidades autónomas e todo o conxunto de España e o conxunto de Europa, e seguramente que, se remamos xuntos, será máis fácil. Se non quere seguir o exemplo do Goberno e do seu presidente ou do Grupo Socialista que o sustenta, xunto co Bloque Nacionalista Galego, siga vostede o exemplo das forzas sindicais e das forzas empresariais do noso país, que eu penso que forman un bo exemplo para todos. E siga o exemplo tamén do comportamento da cidadanía do noso país todos os días.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Rego González.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Núñez Feijoo.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, o debate anual da política xeral que hoxe ten lugar adquire este ano, certamente, unha especial transcendencia. Estamos —como decían algúns voceiros— no derradeiro debate sobre o estado da Autonomía, pero tamén estamos na derradeira rendición de contas ante o Parlamento deste bipartito. Estamos, en consecuencia, na derradeira comparecencia e, por último —por se fora pouco—, na derradeira comparecencia tamén se explicita a propia división do Goberno, porque outra vez máis interveñen dous membros do Goberno en nome dun único Goberno. (*Aplausos.*) Estamos, en consecuencia, ante un Goberno que entra no seu ocaso e, por tanto, este debate non se pode circunscribir só a facer un balance do último ano, nin sequera pretendo facer un balance dos últimos catro, hoxe o que temos que falar é do futuro, dos vindeiros catro anos.

En consecuencia, esta comparecencia para nós ten dous obxectivos: un análise da Galicia que deixa o bipartito e planificar o xeito de afrontar os retos da Galicia do futuro. Por iso, aínda que puidera resultar moi interesante —polo menos para min—, hoxe non me vou a deter a recordar quen estaba

no certo no anterior debate do estado da Autonomía. Non vou a recordar qué se dixo por cada un fai un ano. O presidente do bipartito decía fai un ano que Galicia, no seu Goberno, era quen de competir na liga das estrelas. Eu, máis modestamente, propoñía medidas nos eidos do gasto público dos impostos ante a difícil realidade que xa fai un ano se albiscaba e que hoxe xa ninguén nega.

Este Goberno é responsable en boa medida da situación que hoxe vive Galicia. Durante este mandato, o bipartito tivo moitísimos instrumentos ao seu dispor: tivo tempo —está a contar practicamente cunha lexislatura—, tivo a posibilidade de lexislar —aprobou as leyes que quixo, con independencia de que se consensuaran ou non—, e tivo diñeiro —en catro anos dispuxo dos mesmos cuartos que o Partido Popular en oito—. Gracias ao acordo de financiamento entre o Partido Popular en Galicia e o Partido Popular en España, conseguimos nos últimos catro anos 41.000 millóns de euros, casi 7 billóns de pesetas, é dicir, o dobre do que conseguía o Partido Popular cada ano. En definitiva, podemos afirmar en términos financeiros que o bipartito tivo a oportunidade de facer en catro anos máis ou menos tantas cousas, desde o punto de vista financeiro, que o anterior Goberno en oito.

Creo que todos podemos coincidir en que a actual situación de Galicia ten moito que ver coa acción ou coa inacción do bipartito, pero esta responsabilidade aínda se fai máis evidente xa que, durante todos estes anos, o Goberno de España durante cinco anos estivo presidido por un socialista —por certo, un socialista que ademais foi investido obediamente, nas dúas ocasións, polo voto dos nacionalistas galegos.

¿Como ven hoxe os galegos o noso país? ¿Que pensan da Galicia de hoxe? Un sentir que vén confirmado por todos os estudos de opinión, incluso polos estudos de opinión que con cartos públicos fan os tres departamentos demoscópicos do Goberno.

A suposta Galicia máis forte que escoitamos esta mañá nada ten que ver co que perciben a maioría dos galegos. O sentir maioritario dos galegos se pode resumir en catro puntos: cunde o pesimismo, os galegos senten a crisis e temen que sexa máis profunda e duradeira, consideran que o Goberno está dividido e que esta división ten consecuencias negativas e, en definitiva, medra o desencanto e a decepción con este bipartito. O número de galegos que consideran que as cou-

sas están peor ou van a ir a peor, aínda máis, é moito maior hoxe que fai tres anos. Hoxe máis da metade dos galegos cren que dentro dun ano a situación estará aínda peor que hoxe.

Pero hai máis datos, a confianza dos consumidores e dos empresarios baixou trinta puntos no último ano. En definitiva, despois desta lexislatura cunde o pesimismo e baixa a confianza dos galegos. Máis do 65% dos galegos teñen como primeira preocupación a crise económica, esa crise económica que —cómpre lembralo— foi ocultada aquí polo bipartito e tamén negada, como é natural, polo Partido Socialista Obreiro Español en Madrid.

Case o 45% dos galegos concentran a súa principal inquedanza no paro. O paro está a medrar e, desgraciadamente, Galicia comenza xa a destruír emprego. O bipartito recolleu unha Galicia que creaba emprego e deixa unha Galicia que o destrúe. Esta mañá escoitamos que se crearían 20.000 empregos, non soou a nada novo. Hai un ano tamén escoitamos que se crearían 32.000 e, lonxe dos 32.000 empregos que se comprometeu a crear fai un ano, hoxe hai 15.000 galegos máis no paro que fai un ano. Por primeira vez en quince anos a taxa de incremento interanual de afiliación á Seguridade Social baixou; por primeira vez en quince anos. Ao mesmo tempo, a poboación activa de Galicia creceu un tercio do que creceu a poboación activa de España. Por todo isto, os galegos cren que a crisis vai a ser todavía máis profunda e duradeira.

Máis da metade destes galegos pensan que empeorará a situación económica e tan só o 16% dos galegos cren que esto vai a mellorar. Mentras tanto, o bipartito, imposibilitado xa para negar a crisis, aférrase á bola do chamado plus de resistencia. ¡Que llo digan ás familias galegas! As familias galegas, señorías, teñen un plus de paciencia para afrontar o que lles está caendo encima.

Señorías, os galegos consideran que o Goberno está dividido. Máis do 70% considera que existen divisións na Xunta de Galicia e o 80% dos galegos consideran que esta división ten consecuencias negativas para Galicia. E os galegos somos conscientes de que este Goberno, máis que un bigoberno, é realmente o bigoberno perfecto. En vez de actuar coordinadamente fronte a crisis, presenta dous plans económicos fronte á propia crisis. En vez de reunirse para abordar a crisis económica, se reúnen para abordar a crisis política que eles mes-

mos crean. En vez de xestionar con eficacia os intereses públicos e preocuparse en serio polos problemas da xente, teñen que destinar a maior parte dos seus esforzos a resolver os seus propios conflitos internos. Señor Touriño, vostede investiu todos os seus esforzos nesta lexislatura para intentar ser o presidente do bipartito e se olvidou dunha cousa, vostede tiña que ser o presidente de Galicia. *(Aplausos.)*

Digo que medra o desencanto e a decepción do Goberno bipartito e non resulta estrano, pois a gran maioría dos galegos teñen o convencemento de que este bipartito nada ou pouco está facendo contra a crise. Por iso a maioría dos galegos están desencantados e decepcionados co bipartito; desencantados e decepcionados porque este bipartito, usando todos os instrumentos publicitarios e propagandísticos, se adica fundamentalmente a intentar convencer os galegos das cousas que logo os feitos non deixan de desmentir. A modo de exemplo —un único exemplo— desta decepción, non hai máis que recordar a súa insistencia en convencernos que o AVE a Galicia chegará no 2012. ¿É consciente, señor Touriño, que o 75% dos galegos non o cren? ¿É consciente, señor Touriño, que o 75% dos galegos cren que vostede non nos está decindo a verdade? O bipartito non aproveitou a oportunidade de corrixir os defectos do pasado senón que os multiplicou.

Permítame neste punto que faga unha pequena reflexión personal. Na miña opinión, os gobernos do Partido Popular deron un impulso decisivo á modernización de Galicia, si; avanzamos moito, si; e Galicia mudou para ben, si; pero é certo que durante dazaseis anos producimos algunhas eivas nos nosos comportamentos públicos que cumpría corrixir. E eu, como tantas outras xeracións criadas na democracia, pensei ao principio que quizais corrixiría as eivas e as inercias este bipartito. Pois non, máis ben ao contrario, e en moitos casos a empeoraron, chegando incluso a duplicar os defectos que supostamente debían de corrixir. *(Aplausos.)* Os erros que nós cometimos nos dazaseis anos xa están superados polo bipartito nos seus primeiros dazaseis meses. Adquiriron os vellos vicios do pasado, os multiplicaron e crearon problemas novos. O bipartito está hoxe tan lonxe do que pretendeu ser que agora do único que está cerca é do pasado.

Por todo isto, porque cunde o pesimismo e porque a crisis vai a ser longa, porque os galegos están desencantados e decepcionados co Goberno que debería insuflarlles confian-

za, o que Galicia necesita agora é que lle devolvan a ilusión polo futuro. Os galegos demandan un Goberno unido que saiba devolverlles a confianza, un Goberno unido que saiba devolverlles optimismo, un Goberno unido para superar a crise e ademais para construír unha Galicia mellor. E porque estou convencido de que unha Galicia instalada por fin na vanguarda da modernidade é posible, a pesar destes catro anos malgastados por este experimento fallido que foi o bipartito. Señorías, ¿cales son os retos que a Galicia do futuro terá que afrontar nos vindeiros catro anos?

Sen dúbida xa está detectado o principal problema. O principal problema é hoxe ter un goberno que carece de proxecto político coherente e compartido. Os galegos e as galegas demandan das institucións e da clase política un único proxecto de país. A maioría dos galegos cre que o anterior Goberno do PP tivo un bo proxecto, que foi realizado en boa medida, e por iso mesmo precisaba dunha renovación. O anterior Goberno, despois de dezaseis anos, necesitaba renovar o seu proxecto, e este Goberno, despois de catro anos, esgotouse sen ter proxecto. O bipartito non foi capaz de presentarlle ao país un novo proxecto. A súa obsesión por desfacer a herdanza recibida, de borrar o pasado, de reconstruír o presente desde unha páxina en branco, é absurda. Non se aproveitaron da experiencia recibida, estimaron que debían descualificalo todo, como se dunha etapa negra se tratase, sen matices, sen brancos e sen negros, sen prós e sen contras. O bipartito mirou máis ao pasado para destruílo, non para aproveitalo, que ao futuro. E toda a súa tarefa foi como a estratexia de Penélope, destecer o feito para fiar sobre o desfeito, sen que a tela puidera chegar nunca ao seu acabado. Confundiron a lexítima pugna política co PP co ataque aos intereses xerais da sociedade galega, e agora Galicia necesita dun proxecto, dunha proposta de país, e este proxecto e esta proposta de país nós pensamos que ten que artellarse sobre cinco eixos básicos.

Galicia necesita, en primeiro lugar, unha economía produtiva e un emprego de calidade. Galicia necesita garantir ás familias as oportunidades e garantir a solidariedade cos máis necesitados. Galicia necesita un proxecto a longo prazo de ordenación e vertebración do territorio de verdade. Galicia necesita unha xestión pública e eficaz. Galicia necesita un impulso ao autogoberno, que mellore a calidade democrática das nosas institucións e volver a colocar a Galicia en España e en Europa.

Os galeguistas sabemos que o autogoberno é o mellor instrumento para mellorar o benestar económico de todos os galegos, repitámolo por última vez, e para terminar. No coñecemos ni podemos concebir outro remedio para a crise económica en la época presente que la descentralización regional. Esto decía un galeguista mestre compostelán fai uns anos cando había tamén unha crise económica.

Señorías, nós cremos no autogoberno, non é que creamos, é que trouxemos o autogoberno a Galicia. (*Aplausos*.) É que trouxemos o autogoberno a Galicia. Nós cremos que un goberno, traballando coordinadamente na mesma dirección, ten capacidade e conta con instrumentos para abordar con garantías o futuro de Galicia. O novo Goberno de Galicia debe reunir os axentes sociais e propoñerlle cousas como as que se propuxeron con contidos, con cuantificación presupostaria e con obxectivos. O próximo Goberno deberá poñer enriba da mesa unha proposta para debater, concentrando a nosa economía nos seguintes dez sectores na nosa opinión: na construción naval e na Galicia náutica; no mundo da pedra natural; por suposto, na automoción; en cuarto lugar, os produtos do mar e transformados, incluídos os conxelados e a acuicultura; o sector agroalimentario; o monte e a silvicultura; a confección, a moda e o deseño; en oitavo lugar, a construción e a rehabilitación; en noveno lugar, a tecnoloxía de información e telecomunicación; en décimo lugar, o turismo e o comercio.

Cómpre apostar pola sociedade civil e a iniciativa. A sociedade civil é a verdadeira protagonista do progreso de desenvolvemento dos países libres. O sector público, o Goberno, debe apoiala, canalizala e motivala, e tamén ten que vixiala, garantindo que non se produzan abusos en prexuízo dos consumidores, pero sobre todo, para que os emprendedores creen riqueza, a maior responsabilidade dun goberno é proporcionarlles confianza, certeza e seguridade, xustamente o que vostedes non fixeron. E vou a traer simplemente tres exemplos. Acuicultura, paralizada durante tres anos, nos que perdimos diñeiro, nos que perdimos empresas, nos que perdimos emprego e nos que perdimos o liderato. 5.000 millóns cheos de sombras no concurso eólico. E o culebrón, o culebrón do verán, o fallido adianto electoral; a crise económica, crise política.

É imprescindible o apoio aos xóvenes emprendedores, nadie falou deles, cómpre axudar aos nosos mozos para que coñe-

zan o mundo e aprendan as experiencias de éxito alleas. Hai que abrir máis Galicia ao mundo e non pechala en si mesma. Hai que axudalos a formarse no estranxeiro, pero pensando para que poidan volver á terra. Nunca tantos homes marcharon de Galicia desde o ano 1992. (*Murmurios.*) Para iso, señoría... (*Aplausos.*)... débese apostar pola belixerancia fiscal.

O próximo Goberno de Galicia ten que ter un proxecto de desenvolvemento sostible de verdade. Resulta, sen embargo, descorazonador comprobar o balance do bipartito. O primeiro que deixa o bipartito é a maior catástrofe ambiental desde 1989, xustamente o mesmo ano en que estaba gobernando o Partido Socialista. A pésima xestión dos lumes forestais no único verán desta lexislatura no que non choveu, deixounos 100.000 hectáreas calcinadas. A xestión ambiental se pode resumir, 1.000 feitos, 1.000 anuncios, esa é a do Goberno; a da verdade, 1.000 anuncios e cero feitos.

Licitou unha media de catro depuradoras ao ano, o Partido Popular, 14 ao ano. Sogama, tras recibir innumerables críticas, sigue exactamente igual, cunha variación, agora se soteran, se agochan 500.000 toneladas de residuos ao ano sen tratar. O máis significativo... (*Aplausos.*)... o máis significativo é que, catro anos despois e a pesar dos innumerables anuncios, Galicia sigue exactamente igual, coa mesma superficie protexida. Pasamos de 1.200 hectáreas no ano 1990, a 338.000 no ano 2004. Nin un metro cadrado máis. O balance ambiental do bipartito suma: 0 metros cadrados de novo espacio protexido e 100.000 hectáreas perdidas de verde.

A necesaria reforma da Administración, sen dúbida, é outra das garantías que debemos de comprometer. Máis eficiencia significa que se reforma a Administración; máis coordinación entre as administracións; e é preciso que o novo Goberno incorpore o seu proxecto de país a todos, incluso recibindo os presidentes das deputacións, que se leva todo este tempo sen recibir, de forma bilateral, aos presidentes das deputacións do Partido Popular. (*Aplausos.*)

A Xunta, as universidades, as deputacións, os concellos, deben traballar nunha mesma dirección para facilitar o despegue da internacionalización da nosa economía. O próximo presidente da Xunta terá que impulsar unha auténtica coordinación das administracións públicas e das universidades, e

diremos cómo: a través da constitución de órganos estables de coordinación conxunta. Así, o solo industrial, as infraestruturas, a protección do medio ambiente, os investimentos, a especialización investigadora, deben de realizarse por cada organismo, si, pero de forma coordinada dentro dun plan e un proxecto común para todo o país. O que é evidente é que para coordinar as diferentes administracións, o novo presidente terá obrigatoriamente que ter coordinado o seu goberno previamente. (*Aplausos.*)

É evidente, para as galegas e os galegos que nos están escoitando, que o paro é o principal problema do país. O bipartito está empeñado en maquillar as cifras do paro, pero todos os esforzos de maquillaxe son inútiles. Hoxe as mulleres e os homes que nos están vendo saben que hai moitos familiares que están no paro, e saben que no último ano máis de 15.000 personas ingresaron nas listas do desemprego.

O bipartito non poderá maquillar o paro, non poderá maquillar os comerciantes que están en paro, os gandeiros, os mariñeiros, os traballadores da industria, os traballadores da construción e os traballadores dos servizos que empezan a apuntarse nas listas do paro. Por eso cremos que reducir o desemprego debe ser a prioridade política número 1 do próximo Goberno.

Para reducir o paro non hai fórmulas nin recetas máxicas, nin siquera sirven os carteis electorais espallados por toda Galicia fai tan só uns meses que falaban do pleno emprego; iso sabe facelo moi ben o Partido Socialista Obreiro Español. Nós cremos que hai moito que traballar e pouco de qué presumir. É imprescindible, sin dúbida, políticas orzamentarias públicas con ingresos e gastos realistas. ¿Saben vostedes, señorías, que a Xunta pode rematar o ano cun buraco nas contas públicas de máis de 600 millóns de euros? ¿Saben vostedes, señorías, que nos poden estar ocultando que hai un buraco nas contas públicas, no ano 2008, de máis de 100.000 millóns de pesetas? Deixaron de ingresar ou están a piques, como mínimo, 300 millóns de euros dos tributos propios máis 240 millóns de euros que o Estado lle está sacando á sanidade pública galega.

Porque, señorías, sen unha boa política económica non é posible unha boa política social. E para garantir o noso sistema público de protección social é necesario ter unhas contas saneadas para que os galegos e as galegas poidan disfru-

tar dunha sanidade pública de calidade e que se deteña o proceso de deterioro, que suma 300.000 galegos esperando unha proba diagnóstica médica. E para que o sistema educativo público galego poida ter o funcionamento que garanta o servizo de calidade en todos os seus niveles, precisamente cando, lamentablemente, está a aumentar o fracaso escolar, ou cando os rectores das universidades nos advirten da súa situación.

Para realmente dotar unha política social, hai que encher de contido a baleira Lei de dependencia e no utilizar os maiores –como dixo algún sindicato fai unhas horas– como mercadoría electoral. Eso si, parece que os nacionalistas a esto lle chaman nacionalismo de proximidade. (*Aplausos.*)

A urxencia de sanear as contas públicas esixe dar pasos nesa dirección, e eu reitero, e o volvo reiterar hoxe, é necesario volver á austeridade, é necesario que a Xunta de Galicia presente xa un plan de austeridade. Este Goberno incrementou os gastos burocráticos en 60.000 millóns de pesetas; os gastos burocráticos, sen contar a sanidade e a educación, en 360 millóns de euros en tres anos. É preciso que os próximos orzamentos inclúan un plan de choque a curto prazo para recortar estes gastos burocráticos non produtivos. Non é suficiente con conxelar os salarios dos conselleiros e dos altos cargos; non é suficiente con conxelar os salarios de 4.000 ou 5.000 euros; os salarios de 4.000 ou 5.000 euros, frescos ou conxelados, resultan inaccesibles para a maioría das familias de Galicia, señorías.

Por eso, no Plan de austeridade que propoñemos, hai que reducir as consellerías e as unidades administrativas, primeiro. Segundo, hai que reducir os gastos en vehículos oficiais da Xunta. Señorías, quero anunciar que no futuro se acabaron os Audi na Xunta de Galicia; se acabaron os Audi na Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Non vou entrar eiquí se hai algún Audi na Xunta de Galicia que parece o do presidente dalgunha potencia europea, non vou entrar nese asunto.

Temos, en terceiro lugar, que acometer un recorte drástico no 50% dos gastos de protocolo e representación. Só nestes tres anos, o bipartito incrementou os seus costes de representación nun 33%. Temos que reducir os asesores e persoal de gabinete utilizados para o beneficio exclusivo dos cargos e dos partidos que sustentan o bipartito. Pero ¿vostedes

cren que Galicia se pode permitir que o presidente e o vicepresidente deste bipartito teñan tantos asesores como o presidente Lula da Silva, presidente da nación brasileira, con 200 millóns de habitantes? (*Aplausos.*)

O imprescindible apoio ás familias e ás PEME sigue sendo fundamental. Ás pequenas e medianas empresas hai que devolverlle a posibilidade e o acceso ao financiamento. Os novos emprendedores precisan dun abaratamento dos custos de apertura dos novos negocios. Os comerciantes e os autónomos teñen que estar na prioridade da acción económica do Goberno. E as familias, que ven deteriorada a súa economía personal simplemente porque non poden pagar os intereses, deben de estar na axenda de calquer Goberno.

Non se trata, obviamente, de medidas demagóxicas e populistas, como o aguinaldo electoral de 400 euros; nin se trata de volver a anunciar subvencións para contratar traballadores, medidas escoitadas esta mañá, que xa anunciaron en xaneiro, cando a 30 de xuño estas medidas resultan: dos 153 millóns de euros do programa de fomento de emprego, a 30 de xuño só tiña executado o 10%. De 88 millóns destinados a integración laboral de colectivos desfavorecidos a 30 de xuño, 0; 0 euros comprometidos. (*Aplausos.*)

Trátase de deseñar un plan específico para as persoas, para as familias, para que as pequenas e medianas empresas poidan facer fronte ás súas obrigas. Fixen unha proposta fai algunhas semanas e a volvo reiterar. Cómpre impulsar un incremento das deducións fiscais por adquisición de vivenda habitual para facilitar algo de osíxeno ás familias hipotecadas que non poden aguantar máis. Cómpre pedir e disminuir o 20% o imposto de sociedades das pequenas e medianas empresas, que xeneran o 90% dos postos de traballo en Galicia. A Xunta pode e debe loitar contra a inflación, temos os soldos máis baixos de España e a inflación máis alta de Europa. Cómpre pois, artellar de xeito urxente un plan de loita contra o diferencial da inflación en Galicia, é necesario artellar ese plan.

Por certo, a Administración autonómica, en vez de preocuparse tanto por Merkel, por Sarkozy, polos americanos, como escoitábamos esta mañá, no que debe de centrarse é en analizar as prácticas contrarias á competencia, que son probablemente a raíz do problema dos produtores e dos consumidores; a raíz do problema de que os produtores teñan que

tirar a leite para chamar a atención sobre a súa situación dramática; a raíz do problema dos pescadores, que teñen que devolver o seu traballo ao mar porque non lle compensa o marisqueo que están practicando, e dos consumidores, para os que chegar a fin de mes é simplemente unha misión imposible. Señorías, non haberá unha boa política social –insisto– senón unha boa política económica.

E o terceiro eixo é facer as directrices e ordenar o territorio. Unhas directrices que despois de tres anos, efectivamente, veñen a coincidir un 90% co do documento que deixei na Consellería de Política Territorial. Oiga, se coincide un 90%, ¿que fixeron durante estos tres anos? ¿Que fixeron durante estos tres anos? *(Aplausos.)*

Foi tamén unha lexislatura perdida para o desenvolvemento das áreas metropolitanas de Vigo e da Coruña, un dos grandes incumprimentos do Goberno. ¿Cantas veces se comprometeu personalmente o bipartito en impulsar a área metropolitana de Vigo? Tantas veces como as que votou en contra das propostas do grupo maioritario cada vez que traíamos a configuración da área metropolitana de Vigo. Sería bo saber as verdadeiras razóns polas que este Goberno bipartito lle deu permanentemente as costas a Vigo.

Se falamos de estradas, se a conselleira fora un pouco responsable, hoxe tería inauguradas dez vías de alta capacidade. Solo ten dúas e media. Se fóramos un pouco responsables no Goberno, hoxe deberíamos ter en servizo 230 quilómetros de vías de alta capacidade, e sólo temos 50.

Non vou a falar do AVE. Galicia xa sabe que despois de cinco anos de Goberno socialista e de catro anos socialista e nacionalista en Galicia, o AVE está en vía lenta. Galicia está no furgón de cola do ferrocarril. Magdalena Álvarez segue como ministra de Fomento. ¿Sabe vostede por que segue no seu posto esta ministra tan querida para os galegos, señor Quintana? ¿Será gracias á cooperación intelixente do BNG, que votou a favor de que puidera renovar o seu contrato? *(Aplausos.)*

Precisamos para o territorio un proxecto a longo prazo que supere os vellos localismos. Os países máis avanzados non son os que prohiben ou que paralizan. Os países avanzados son os que son capaces de dialogar co territorio para mellorar o entorno.

Deixamos a piques de rematar o Plan do litoral, porque estábamos de acordo en que hai que protexer o litoral. O bipartito non ordenou o litoral, senón que o paralizou. E agora están, xunto co Goberno central, expropiando centos de casas na costa que foron construídas legalmente fai máis de cincuenta anos. Por iso unha das primeiras tarefas pendentes para o Goberno que veña tras este bipartito será finalizar definitivamente o modelo a longo prazo de ordenación do territorio, dos transportes e de urbanismo de Galicia. Un modelo que pense en Galicia como un espazo único, como o que somos, como unha cidade única. Un modelo que, como dixeran antes, require altura de miras e visión de país. Un modelo territorial no que as 315 pezas do puzzle que se chama Galicia encaixen perfectamente. *(Aplausos.)*

Galicia necesita unha Administración pública eficaz, deso non hai moitas dúbidas. Miremos as promesas e os resultados.

Primeira promesa: reduciremos os entes instrumentais. Resultado catorce máis. A creación da empresa pública Seaga e do Consorcio dos Servizos Sociais teñen máis empregados que toda a Administración institucional creada polo Partido Popular en dezaseis anos. *(Aplausos.)*

Segunda promesa: redución de postos de libre designación. Resultados un 50% máis de asesores do presidente, un 36% máis de asesores das consellerías e máis de 1.500 comisións de servizo a dedo. Non o decimos nós, que tamén, senón que todos os sindicatos maioritarios se acaban de manifestar en contra desta Administración paralela. A Administración e a organización da Administración ten que mirar exclusivamente aos cidadáns. Sin interlocutores claros, a solución dos problemas dos cidadáns complica. Sen coordinación, os problemas non se resolven. É común escoitar a unha persoa que vai á Administración e di: Xa falei con un e agora teño que falar co outro. O papeleo é tal que moitos cidadáns prefiren renunciar ás potenciais axudas da Administración que poñerse a cubrir todos os impresos da mesma.

Pero, en definitiva, para valorar a xestión da Administración do bipartito, solamente vou a citar a un ilustre compañeiro e deputado; bueno, a dous. Permítame a primeira cita. Moi pouco en Sanidade, escaso en Educación, inexistente en Medio Ambiente, nulo en Presidencia e Xustiza, negativo en Traballo, invisible en Economía e cativo en Pesca. Señor voceiro do BNG, noraboa. *(Aplausos.)*

E si me permiten vou a citar a outro deputado. O señor Touriño acusa o BNG de crear unha rede clientelar e caciquil. Sin comentarios, señorías. *(Aplausos.)*

É necesario, polo tanto, e inescusable a reforma da Administración. E obviamente a solución aos problemas dos malos xestores ten un fácil arreglo: se cesarán no próximo Goberno. Pero é máis complexo realmente facer unha Administración moderna, e por eso hai que exercer as funcións de coordinación. O próximo presidente da Xunta ten que asumir a función que lle corresponde no Estatuto de autonomía de coordinar a Administración pública.

É necesario impulsar o principio de responsabilidade dos administrados cambiando a filosofía da Administración. Unha Administración que impide, por unha Administración que facilita; unha Administración que é un problema por unha Administración que é unha solución; e, por suposto, é necesario e imprescindible erradicar as prácticas caciquís da Administración citando o deputado que citei no último lugar, que é o señor presidente.

O acceso ao traballo nos organismos públicos ten que ir por mérito e capacidade. Galicia non quere caciques, nin dos vellos nin dos novos, señorías. Erradicar definitivamente o uso partidista dos recursos públicos. O Goberno galego non pode financiar enquisas, publicidade e propaganda institucional; non pode ter tres organismos –un nacionalista e dous socialistas– facendo enquisas para si. O Goberno non pode seguir manipulando os medios públicos de comunicación en beneficio seu. E como diría o director da Compañía de RadioTelevisión Galega, ¿por que se meten vostedes na miña casa? *(Aplausos.)*

É alarmante a perda de protagonismo de Galicia no escenario europeo. Traballar para recuperar o prestixio das nosas institucións en España é fundamental. Tras décadas nas que Galicia era vista en toda España como un referente e fonte de inspiración das reformas institucionais: a Administración única, conferencia de presidentes, participación da comunidade autónoma na Unión Europea..., hoxe ocupa un lugar certamente secundario.

Hoxe Galicia, no debate de organización territorial de España, non está. Galicia ten que recuperar o liderado no autogoberno e no desenvolvemento do autogoberno. No balance do

proceso de transferencias, ¿onde están as setenta competencias de transferencias do señor Rodríguez Zapatero? ¿Que pasou, por exemplo, coa Policía autonómica que pactamos na Cámara? ¿Que pasou coa Comisión de seguimento para desbloquear o AVE e as autovías que pactamos na Cámara? ¿Que pasou coas axudas materiais para desbloquear o colapso da xustiza en Galiza? Certamente poucas desculpas ten o bipartito, aunque certamente a culpa non é exclusivamente súa. A falla de sensibilidade histórica do Partido Socialista Obreiro Español é lamentable, e hai que devolver a Galicia –como digo– esas cotas de autogoberno que tivemos durante moito tempo.

A perda de calidade democrática das institucións creo que é outra das eivas que temos que resolver. A realidade é que hoxe no Parlamento de Galicia o grupo maioritario da Cámara está máis silenciado que nunca. Probablemente neso consistiría devolver ao Parlamento o centro da vida política.

Os medios públicos de comunicación nunca estiveron tan manipulados, e vou a citar a un ex alto cargo do Bloque Nacionalista Galego. “Lo dije en privado y ahora puedo decirlo en público. La manipulación a la que se somete la información pública en los informativos de la Televisión gallega me parece escandalosa”.

A Administración galega, efectivamente, chegou a tales extremos que a Xunta electoral central sancionou á Compañía de RadioTelevisión Galega anulando o plano de cobertura das eleccións xerais do ano 2008, porque nel se relegaba e se discriminaba o partido máis votado en Galicia, o Partido Popular de Galicia. Algo que non ocorrira... *(Aplausos.)* ...algo que non ocorrira en dezaseis anos dos gobernos anteriores.

E, en terceiro lugar, igual de importante para a calidade democrática é o voto en urna dos emigrantes. O bipartito está a piques de cometer un grave erro ao impedir unhas eleccións limpas con garantías para o 100% da poboación galega. O PSOE está a punto de vetar o voto en urna aprobado unanimemente nesta Cámara.

Señorías, o próximo presidente da Xunta terá, sin duda, que retomar a reforma constitucional do Estatuto de autonomía. O tempo veu a situar a cada un no seu lugar. Resulta que os que entón eran ideas reaccionarias e anti autono-

mistas do Partido Popular en relación co Estatut de Cataluña, agora son evidencias, realidades defendidas polos socialistas españois e galegos. A solidariedade é o cemento da España plural, sentencian agora os nacionalistas que apoiaron o Estatut insolidario de Cataluña. Pero a maioría dos galegos sabe moi ben o que pasou, e o que pasou foi simplemente que o presidente, que agora remata o seu mandato, preferiu manter a estabilidade do bipartito antes de acadar un acordo apoiado como mínimo polo 80% da Cámara, polo 80% dos galegos e das galegas. Un acordo, un acordo... *(Aplausos.)* ...un acordo que estou convencido que non sería do 80%, un acordo que nesta ocasión se incorporarían os nacionalistas. Os nacionalistas non podían quedar novamente fóra. Os nacionalistas non podían votar, como sempre, que non. Votaron que non á Constitución española, votaron que non ao Estatuto de autonomía de Galicia actual, votaron que non á Constitución europea, e estou convencido que neste caso votarían que si á reforma constitucional do Estatuto de autonomía. Estou convencido desto, señorías. *(Aplausos.)*

Gobernouse pendente das imposicións das minorías nacionalistas e incomprendiblemente o bipartito creou un novo problema na educación e, en xeral, na vida cívica galega coa súa política lingüística. Onde había convivencia intelixente, tolerante, o bipartito está a punto de xerar un conflito lingüístico. O galego debía apoiarse e fomentarse con intelixencia, con persuasión, co uso racional e coa forza da convicción. Impoñelo á forza é contraproducente, vai en contra do propio talante do máis propio do galego, que é a filosofía de convencer e non a filosofía de vencer. O galego e o castelán son linguas irmás e todo cidadán debe ter o dereito a coñecer para expresarse segundo a súa libre opción. O próximo presidente da Xunta deberá recuperar o consenso que nunca se debeu perder en torno á lingua. *(Aplausos.)* Nunca.

Esta mañá volvimos a escoitar algo do consenso na lingua. Hai meses eu mesmo propuxen nesta Cámara un consenso artellado en catro garantías do bilingüismo cordial. A primeira, a garantía do equilibrio entre as dúas linguas. A segunda, a garantía do coñecemento dos dous idiomas. A terceira, a garantía da liberdade de uso. E o cuarto, a garantía da elección dos pais. E o bipartito votou outra vez en contra deste consenso que emana do Plan de normalización lingüística. *(Aplausos.)*

Coa mesma vontade de consenso e de acordo o próximo presidente claro que terá que retomar, e fará a reforma constitucional do Estatuto, é dicir, unha reforma galeguista e constitucional. Estamos esperando desde maio do ano 2007, que propuxemos retomar a reforma galeguista e constitucional e o presidente do bipartito dixo que non, que sería na seguinte lexislatura. Agora hai outros voceiros que queren empezar mañá. Sen ningún problema. Traigan mañá unha proposta cerrada, completa, entre os socialistas e os nacionalistas e empezamos esta noite se queren, señorías, esta noite, a falar en serio da reforma constitucional. *(Aplausos.)*

Galicia precisa dun goberno unido e dialogante, dun goberno sustentado nas maiorías e respectuoso coas minorías. Pero máis alá de como debe funcionar un goberno ante a crise, tamén falo de como debe reaccionar un país. Debemos recuperar a unidade que nunca debimos de perder. Posiblemente entretido en falar co seu socio de coalición, o actual presidente do bipartito esqueceu convocar o partido maioritario de Galicia.

No que nesta mañá escoitábamos calificar como Galicia do diálogo, o presidente do partido maioritario só foi recibido en dúas ocasións durante toda a lexislatura polo presidente do Goberno bipartito. Unha a petición miña e outra en relación coa reforma estatutaria.

Sempre, e máis na actual conxuntura, a unidade dentro dun goberno, pero tamén a unidade dun país e a enerxía que se precisa para facer fronte con forza ás adversidades, é fundamental. Por iso non me gustaría deixar esta tribuna sin apelar a buscar novamente a unidade de todos os partidos.

Señorías, señores presidente do bipartito e vicepresidente, reunámonos xa, xa. *(Aplausos.)* Xa temos problemas, e sobre todo xa temos temas, para paliar a crise económica. Reunámonos xa e comecemos a recuperar o consenso acadado nesta Cámara en torno aos orzamentos do Estado e á execución real do diñeiro das autovías e do AVE que se adereda con Galicia desde o ano 2005 por non execución. *(Aplausos.)*

Reunámonos xa. Reunámonos xa e consensuemos xa a proposta de Galicia no financiamento autonómico. Reunámonos xa e recuperemos os 241 millóns de euros que o Goberno Socialista de Madrid lle quere recortar á sanidade pública de Galicia.

Señorías, reunámonos xa, na miña axenda só están os problemas aos que debe facer fronte Galicia, por iso a miña axenda está á plena disposición dos representantes dos outros partidos para que Galicia intente solventalos. Recuperemos os consensos. Empecemos ese diálogo recuperando os consensos que xa temos acadados na Cámara; eso sería bo, sen dúbida, para todos. *(Aplausos.)*

Señorías, defender Galicia é antes de nada defender ás galegas e aos galegos. Galicia son todos os homes e as mulleres que cada mañá se erguen para ir a traballar. Galicia son todos os homes e as mulleres do rural, que tamén madrugan os domingos porque as marelas non saben que é día de festa. Tamén son os homes e as mulleres que aproveitan os fins de semana para descansar cos seus. Galicia son todos os homes e as mulleres que fan marabillas para chegar a fin de mes. Son todos os mozos e as mozas que van ás escolas e ás universidades para recibir unha educación que os eduque en liberdade. Galicia son todos os homes e mulleres que viven na nosa terra e se expresan en galego e todos os que se expresan en castelán. Galicia tamén somos todos os homes e mulleres, con independencia do idioma que libremente decidan escoller. *(Aplausos.)*

A maioría de Galicia, que o grupo maioritario representa, non buscou ningunha outra cousa durante esta lexislatura que axudar o Goberno. O único que lamento é que o bipartito non aceptara ningunha proposta de acordo. Agora Galicia está a punto de pechar un ciclo, por iso quixen defender desde esta tribuna os intereses dos galegos normais, dos galegos que nos escoitan, dos galegos que saben perfectamente cales son os seus problemas; en definitiva, dos galegos de boa fe. Quixen converter a miña intervención nunha proposta sobre como debe actuar o futuro Goberno, que camiño debe de seguir, que prioridades debe de elixir e que erros non pode volver a cometer.

Só quixen, e o fixen intencionadamente, referirme directamente a vostede, señor Touriño, en dúas ocasións. A primeira delas, para recordarlle que durante estes anos debeu tratar de gobernar Galicia como a súa única prioridade e non perder o tempo en disputas internas no seu Goberno. E a segunda delas, para recordarlle que faltar á verdade, como volveu a facer esta mañá, falando do AVE no 2012, mina, ata facela desaparecer, a credibilidade de calquer presidente. *(Aplausos.)*

O que quixen foi poñer de relieve os erros imperdoables do presidente do bipartito que Galicia, na nosa opinión, en plena crise, non pode permitirse por máis tempo: o erro imperdonable de non ter gobernado; o erro imperdonable de non poder confiar nalgúen; o erro imperdonable de non poder confiar nalgúen que incumpriu os seus compromisos. Nalgúen capaz de votar en Galicia unha cousa e en Madrid a súa contraria. Nalgúen que non fala de crisis cando a hai e, sen embargo, si fala do AVE cando non o hai. Pero sobre todo non quixen personalizar o debate. O que de verdade precisan os galegos, o que de verdade esperan os galegos, o que de verdade é útil, é o que eu intentei facer, que é falar de futuro. E cando falei de futuro, señor Touriño, non o mencionei. *(Aplausos.)*

Sen dúbida queda moito país por facer e queda moito por facer polo país. A tarefa que o próximo presidente da Xunta terá que acometer é inxente. E terá que facelo no peor dos entornos económicos, pero sen dúbida terá que facelo. Unha tarefa que non será sinxela, pero unha tarefa que nos ilusiona a aqueles que levamos a Galicia no corazón.

Aqueles que temos Galicia como a nosa única prioridade. Aqueles que, coma min e como á maioría da Cámara, profesamos desde fai moito tempo o mesmo ideario galeguista que nos une. A primeira necesidade de Galicia, señorías, é contar cun goberno unido, cun goberno firmemente liderado, cun goberno dialogante e cun goberno que traballe cun único e ilusionante proxecto. Un proxecto integrador respaldado por unha ampla maioría social. Un proxecto respaldado pola maioría; eso si, por unha maioría que respectará sempre as minorías.

Un proxecto que eu...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Núñez Feijoo.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: ...—moitas gracias, presidenta— coa axuda do meu partido, un partido que día a día se gaña ser a maioría de Galicia, estou disposto e preparado para lideralo.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias. Moitas gracias. Moitas gracias, señor Núñez Feijoo.

Por favor, silencio. Por favor, por favor, silencio. Por favor, silencio. Silencio, por favor.

Señores Lobeira, Aymerich, Santalices e Negreira, se teñen algo que falar entre vostedes, lles prego que aproveiten agora, que imos interromper o Pleno. Ou que o falen, se non, fóra do hemiciclo.

Vamos a suspender a sesión dez minutos, como está previsto, e dentro de dez minutos iniciamos de novo a sesión.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Señoras e señores deputados, reiniciamos a sesión coa resposta do señor presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Señora presidenta. Señorías.

Teño que empezar por decir, señor Feijoo, que teño a convicción de que vostede quixo realizar hoxe aquí unha especie de debate de investidura, aquel que non pudo realizar cando as últimas eleccións, porque, evidentemente, non lle deixou facelo o señor Fraga Iribarne. *(Aplausos.)* Veu vostede a buscar unha oportunidade confundindo este debate, sen dúbida, de tempo e de lugar, porque non están convocadas eleccións en Galicia a pesar das súas profecías, unha vez máis, fallidas, cando nos decía que o PSOE convocaría as eleccións en Galicia cando máis lle conviñeran.

Confundiou usted o espazo e o tempo do debate porque non están convocadas as eleccións. Este non é un debate de candidatura alternativa, o será no seu momento; previamente hai que pasar por unhas eleccións, cando toquen, no próximo ano, e aínda queda moito camiño por percorrer. E o principal dos camiños non é a convocatoria a sementar a desconfianza, un cántico ao pesimismo de país. A responsabilidade que esperaba de vostede —e o volvo a convocar de novo— é para remar xuntos e traballar con propostas dialogadas para afrontar os grandes retos que ten este momento Galicia, e o principal é saír adiante da crisis económica, a creación de emprego e manter firme o timón de mando en torno ás políticas sociais.

Nada deso estivo na súa intervención, que de maneira sorprendente, realmente cambiando o termo, non foi quen de facer un debate a fondo sobre o balance que presenta o Goberno democrático en Galicia co seu presidente ao fronte, e o que fixo foi unha especie de mala fotocopia, desordenada, un batiburrillo inconsecuente do seu posible programa electoral, ¡mal vamos!, e demostra realmente que está vostede moi verde como candidato e como alternativa. *(Aplausos.)* Moi verde, señor Feijoo, moi verde.

Unha mala fotocopia, porque vostede —e llo digo sen acritude ningunha— estivo desorientado, confuso. Si, compromete con palabras grandilocuentes que o que ten que facer o próximo presidente da Xunta de Galicia é o que está a facer este dende o primeiro momento. Sabe toda Galicia que a miña primeira chamada foi para os sindicatos, foi para os empresarios do país. A convocatoria co triunfo e éxito de Galicia, da súa cidadanía e da súa sociedade civil para o diálogo social, para as primeiras medidas de apoio ao emprego tomadas no inicio da lexislatura, non agora, e logo reforzadas no último Acordo pola competitividade.

Vostede proclama aquí: Hai que convocar ao diálogo social. E cre que, por repetir esto... Ou non se entera do que estamos a facer ou dificilmente se entende qué pretenden facer esta tarde vostedes aquí.

Falou da economía produtiva, cando realmente, se algo ten cambiado neste país, é un modelo hacia unha economía baseada na educación, na innovación, unha economía baseada na protección do territorio e no desenvolvemento sustentable. E vén aquí e a gran cuestión do próximo Goberno é falar da aposta polo cambio de modelo, do investimento productivo. Veu facer aquí un mal remedo, e solamente teño para min ou que non se entera, por algunha razón, do que está a facer o actual Goberno, ou quixo realmente ocupar un papel que hoxe non lle corresponde.

Mire, á hora da verdade o que hai que decir, se me permiten que o diga cun mínimo grado de respecto ao que ten que decir o que está na tribuna, o que lle teño que decir é que vostede preside, dirixe, un partido claramente inmovilista e pechado e anclado no pasado, e lle vou a decir por qué.

¿Sabe por que? Porque en todas e cada unha das propostas de cambio, de progreso, de renovación neste país, en todas

vostedes votaron en contra. Os cambios máis importantes levados no terreno social, económico e político durante estes tres anos polo Goberno que presido contaron co voto en contra do señor Núñez Feijoo e a maioría Popular. *(Aplausos.)* En contra todos, en contra todos.

Mire, as mulleres teñen hoxe en Galicia un papel e unha relevancia nidamente superior á que tiñan hai tres anos. Os seus dereitos están mellor amparados, teñen máis oportunidades de emprego e hai unha Lei de igualdade no traballo entre homes e mulleres que contou co voto en contra enéxico do seu Grupo Popular; unha Lei contra a violencia de xénero, integral, que contou coa súa falta de apoio nesta Cámara.

O litoral galego ten hoxe un nivel de protección como nunca tivo na historia da nosa comunidade. Erguemos un dique de contención contra a especulación, contra a depredación, contra o ataque ao noso borde litoral. Un dique de contención que hoxe agradece todo o país, estou seguro que agradece todo o país, porque nos ten permitido que non vexamos o territorio da nosa costa erguido de grúas baleiras e de xente en paro; unha medida positiva. E esa lei contou co voto en contra do Partido Popular.

Votaron en contra da Lei de medidas urxentes para a promoción de vivenda, e creamos por primeira vez na historia da comunidade un elemento positivo, como é que os grandes concellos do país dediquen ao menos o 60% de suelo urbanizado para facer vivenda protexida. Estamos cambiando unha política para crear un espazo realmente de oportunidade para a xente máis nova, para as rentas de familias medias e baixas, atacando o principal problema do problema da vivenda, que é a carestía do precio do suelo.

En Galicia non hai falta de vivenda libre, en Galicia o que hai é que creceu o prezo de vivenda nos últimos dez anos, mentres ustedes gobernaban, un 160%; si, un 160%. E creceu de forma exponencial o precio do suelo residencial. Por eso estamos a botar en falta adoptar agora unha política que pretende modificar —e modificará, sen lugar a dúbidas— eses parámetros, esas coordenadas, para que poda haber unha promoción de suelo a precio razonado sobre o cual podamos erguer unha auténtica política de vivenda protexida. E vostedes volveron a votar en contra desa lei.

En Galicia acabamos de aprobar leises tan importantes ou acabamos de traer ao Parlamento leises tan importantes

como a Lei de servizos sociais, unha lei que marca un antes e un despois, que crea un auténtico Sistema Galego de Bienestar Social, que levanta ese cuarto piar do sistema social; con dificultades claro, porque vivimos nun tempo de dificultades. Pero de novo vostedes volveron a taponar co seu voto inmóbil, co seu voto de retroceso, co seu voto de pasado, os cambios do progreso deste país en todas e cada unha das condicións. Eso é o que significa de verdade o seu liderazgo.

Vostede, señor Núñez Feijoo, ten convertido —je mire que xa é mérito!— nun partido máis pechado e máis inmovilista o Partido Popular de Galicia que o que comezou no seu tempo e no seu momento Manuel Fraga Iribarne. E mire que é difícil, ¿eh?, ¡mire que é difícil!, pero esa é a realidade. Polo tanto, dificilmente pode aparecer usted en condicións, como pretende, dun lider de Estado que vén agora aquí a presentarse como alternativa.

Rachou —o cual é máis problemático todavía— todos e cada un dos consensos básicos, os tirou pola borda. Vostedes, durante os primeiros anos, coma sempre nunha posición obediente, submisiva, a Mariano Rajoy e aos ditados de Génova, empezaron con aquilo —o recordan todos, ¿verdad?— de “España se rompe”; despois seguiu o que era a utilización da loita contra o terrorismo como un arma de desgaste, de confrontación e de división que nunca debeu de ser empregada. Despois veu o intento de apropiarse dos símbolos nacionais e da bandeira como elemento de referencia patria. Despois terminou por vir o que é agora a guerra das linguas, a utilización daquelo probablemente máis sagrado, aquilo que nos une, que nos conforma como país, que dá identidade, buscando un elemento de exclusión e de división.

Eu me pregunto, señor Núñez Feijoo, ¿como é posible que vostedes a súa maior contribución a este país sexa unha mensaxe permanente de catastrofismo, de confrontación, de división e de exclusión? ¿Cre vostede que sobre esa base se pode construír e edificar o futuro do país? ¿Vostede cre que ese é o camiño? ¿Que é esperable incluso da oposición, de quen esperamos unha oposición dura, unha oposición firme, pero unha oposición construtiva, que saiba cando hai que remar e traballar na mesma dirección, e que non estea anclada na cantinela que empezou dende o primeiro día, co Goberno enfermo e o presidente inexistente? Pero se o estaba decindo aos tres meses de estarse conformando un gober-

no que vostede nunca recoñeceu e que aínda non recoñece agora, porque non asume que hai unha maioría parlamentaria de cambio, de renovación e de progreso que está a facer a maior transformación social da historia deste país. Non o quere asumir e non o está disposto a asumir.

Mire, o decreto do 50% –falo da normalización lingüística– non é máis que a aplicación legal, estrita, taxativa, do Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, presentado nesta Cámara polo anterior goberno de Manuel Fraga Iribarne, do que formaba parte o señor Núñez Feijoo e varios dos deputados actuais do Grupo Popular. Este plan, como digo, foi aprobado por unanimidade das tres forzas parlamentarias. Este plan foi aprobado por unanimidade das tres forzas parlamentarias... Moi gracioso, si, pero pouquiña fariña, porque o plan foi aprobado cos seus votos, e terán que explicar a esta cidadanía por que agora toman a posición de rebentalo, de botarlle lume e querer utilizar a lingua como un arma de exclusión.

A opción plurilingüística do Goberno que presido é clara. O Goberno non aposta por unha Galicia monolingüe, nin tan sequera por unha Galicia bilingüe, o Goberno aposta por unha Galicia que quere unha cidadanía plurilingüe, capaz de dominar non só o castelán e o galego, senón de dominar dende o principio da iniciación do ensino e rematar co pleno dominio e uso dunha lingua estranxeira, que hoxe en día é fundamental. A nosa proposta lingüística busca a superación dun momento histórico e dun déficit histórico, donde os galegos e as galegas teñen dificultade para competir precisamente pola rémora no dominio dos idiomas.

O galego, señorías, non é un problema, é unha ventaxa desta comunidade. Vai sendo hora que deixemos de ver o idioma galego como un lastre para o conxunto da cidadanía, (*Aplausos.*) como un inútil xarrón chinés que hai que ter guardado nunha estantería. O galego, señorías, supón unha ventaxa competitiva, se o queremos dicir así, da nosa comunidade; unha ventaxa competitiva para saír ao mundo, para entendernos en Iberoamérica, para entendernos e ter unha maior capacidade de asimilación na utilización de linguas.

O problema como lingua co galego solamente o ten ¿saben quen? o Partido Popular, e en particular o señor Núñez Feijoo, porque intenta con cada consenso que racha, buscar unha ventaxa partidaria, buscar un elemento de división e de rédito electoral. É un mal camiño que é necesario que voste-

de rectifique, porque é un mal servicio ao noso país. E o PP debe aclararse e lle digo que se aclare, e ten unha magnífica oportunidade para facelo hoxe aquí, debates de investidura á parte, que todavía non toca. Eu emprazo ao señor Núñez Feijoo a que diga con claridade se quere ou non quere derogar a Lei de normalización lingüística que vostedes votaron. Emprázoo a que diga con claridade si xa deixou de estar de acordo co Plan de normalización lingüística porque agora non toca e se, polo tanto, van a reformar ou pretenderían reformar, nesta Cámara o que aprobaron hai só uns cantos anos. Diga con claridade se está a favor dese modelo de apartheid lingüístico que algúns propugnan en nome da liberdade, e dun alumnado separado e distribuído en aulas distintas por razóns de lingua. (*Aplausos.*) É necesario que vostedes se aclaren, que digan con verdade en sede parlamentaria o que pretenden. E non podo entender, sinceramente non podo entender, que a única teima que ten o Partido Popular, un partido cunha ampla representación e apoio popular, sexa desgraciadamente buscar a confrontación, elementos de exclusión, elementos de división. Nunca o deberon de facer co terrorismo, nunca deberon de facelo con España, nunca deberon de facelo coa bandeira, pero nunca o deben facer coa lingua da nosa comunidade, ¡non hai dereito! Lles quero afirmar que o castelán é un patrimonio de todos os españois, polo tanto é o noso patrimonio en calquer caso, o digo con rotundidade, e o patrimonio tamén do presidente da Xunta de Galicia. E o galego é un patrimonio de todos os galegos, e por ende e por extensión tamén é un patrimonio da España plural e da España constitucional, e polo tanto temos a obriga de defendelo e temos a obriga de contribuír á súa plena normalización.

Vexo que lles incita e que lles excita seguir ensañando. (*Risos.*) Si, lles incita e lles excita seguir sembrando a cizaña, a división, dentro do noso pobo. Pero o noso pobo é maduro, sereno e reflexivo. Supo acertar ao longo da súa historia, supo acertar cando os mandou a ustedes á oposición, e seguirá acertando facendo que vostedes sigan na oposición mentras non aprendan a unha convivencia plural a unha convivencia de sumar e non de buscar problemas para restar, dividir e facer confrontación permanente no noso país. Racharon vostedes ese consenso.

E logo chegamos ao Estatuto de autonomía e, claro, saben ben que o presidente da Xunta –logo o reiteraba o vicepresidente– facemos pedra, afirmación angular, da imprescindibili-

ble e inquebrantable necesidade de que Galicia conte cun novo Estatuto de autonomía de Galicia. O quero reiterar diante desta Cámara, Galicia non pode deixar esa asignatura pendiente sin resolver. As condicións son escasas, firmes e claras: un Estatuto de todos, un Estatuto de consenso, útil a toda Galicia, a todos os galegos e a todas as súas forzas políticas. É o meu compromiso. Un Estatuto de primeira, un Estatuto donde Galicia non quede nin un milímetro por debaixo. Un elemento competencial, un elemento de recursos dos elementos que deben de fortalecer o noso autogoberno, eso é así. Pero claro, cando o Estatuto de autonomía —e hai que decilo con claridade e reitalo na Cámara—, vivimos o que eu diría un dos maiores exercicios de travestismo político por parte do señor Núñez Feijoo na súa historia política. Me remito aos feitos. Comparecía o señor Núñez Feijoo... Non, ¡escoite!... Comparecía o señor Núñez Feijoo —a primeira comparecencia súa— como conselleiro de Política Territorial e Vivenda. Era a data, se non me falla a vista, 11 de marzo, *Diario Oficial de Galicia* é o documento que teño na man, do 2003. Decía o señor Feijoo —daquela facía concurso de méritos—: os que estamos na vida pública sabemos o que é o exercicio de concurso de méritos. Empezaba de conselleiro de Política Territorial e quería chegar a onde está, na oposición, sentado ao fronte do Partido Popular. Decía daquela: Nós —cito literalmente— cremos na capacidade creadora e transformadora da sociedade, no feito galego dentro desa nación de nacións que é España.

Esta era a afirmación de quen hoxe o lidera, España como nación de nacións. ¡O que había que escoitar! ¿Verdade señor Núñez Feijoo? ¿Que ten cambiado neste período? Vostede entrou nesta Cámara no ano 2003 afirmando que España era unha nación de nacións, hoxe eso é anatema. Tocou a corneta José María Aznar, tocou a corneta Mariano Rajoy, tocou a corneta o Partido Popular, e quen sae perxudicada é Galicia e os galegos. E vostede por esa razón, xustamente por esa razón de travestismo político —donde dixen digo, digo diego—, todo lle vale. Lle valía aquilo para chegar aí e agora lle vale o contrario para impedir que Galicia conte cun novo Estatuto de autonomía da nosa terra. É así, é así, señor Feijoo. (*Aplausos.*)

Bueno, antes eramos unha nación de nacións. Cando chegou o momento da verdade, resulta que a sola mención, que é o único que fixemos, ¿verdade, señor Quintana?, na proposta de Estatuto que negociamos finalmente en Monte Pío e que

intentamos resolver despois do magnífico traballo da Ponencia parlamentaria, do himno galego, aquel himno galego que falaba de Breogán e da nación, pero entón era anatema. O himno galego se convertiu agora, polo Partido Popular, nesa vontade inmovilista, nun himno excluyente, separatista e de alto peligro, non pode ser citado no Estatuto de autonomía de Galicia. Ese é o impedimento real da reforma, e o sabe toda Galicia, o saben todos os cidadáns.

Bueno, financiación autonómica. A financiación autonómica decía á mañá, e reitero hoxe, que é un dos grandes temas que temos diante, no que estamos a traballar. Unha financiación autonómica que reitero que é fundamental, porque é evidente que a autonomía descentralizada, o sistema autonómico, aínda que temos hoxe moitos recursos gracias á magnífica negociación do Partido Popular, resulta que gracias a eso estamos todos de acordo, empezando polos líderes populares, presidentes de comunidades autónomas, de Valencia, que necesita ser revisado imperiosamente. Era tan bo, tan bo, tan bo, estamos tan ben, tan ben, tan ben, que o temos que revisar inmediatamente porque non chegan a nada os recursos para as competencias que temos as comunidades autónomas. E claro que temos un problema financeiro todas as comunidades autónomas, porque temos tarefas imprescindibles na prestación dos grandes servicios públicos. Son as comunidades autónomas as que prestamos a educación, as que prestamos o sistema sanitario, as que estamos creando coa dependencia unha Lei de servicios sociales e un sistema de servicios sociales ata agora inexistentes; as que temos que afrontar os retos da Axenda de Lisboa, e por eso o presidente Zapatero asumiu dende o primeiro momento que era necesario revisar o sistema de financiamento autonómico.

Eu convoco e volvo a reiterar a oferta que fixen hoxe pola mañán. Estamos —ese é o encargo que ten o conselleiro de Economía e o está a cumprir, o saben perfectamente— buscando diálogo, transparencia, acordo e consenso para abordar a financiación autonómica, e eu invito o señor Feijoo a seguir nesa dirección e nesa liña. Me alegra o que di o vicepresidente porque vai xustamente nesa dirección. Temos que introducir na revisión do modelo de financiación autonómica —o dixemos sempre e o reitero agora— os elementos diferenciais de custo que ten Galicia cando hai que falar de poboación axustada, axustada polas necesidades de gasto, que implican unha maior fragilidade financeira para o sistema de dependencia polos custos de dispersión e polos custos

de avellentamento; que implican unha maior fraxilidade financeira para o sistema sanitario. Estamos traballando nesa dirección e estamos abertos. Implico e invito o señor Feijoo a seguir traballando nesa dirección que está liderando baixo a súa responsabilidade o conselleiro de Economía –porque así llo pedín– para traballar xuntos na Cámara, para poder plantear un feito ou unha proposta unitaria do conxunto das forzas políticas ao fío da revisión do modelo de financiación autonómica.

É a posición –non descubran o Mediterráneo– que mantén o Goberno; é a posición que mantén a maioría parlamentaria que sustenta a acción do Goberno e que hoxe quero, de novo, reiterar unha apelación ao diálogo e ao consenso nesta Cámara. Pero asúmao, faga unha proposta positiva, non se coloque á contra, non busque o desgaste polo desgaste.

Realmente, se hai algo que chama a atención da súa intervención de hoxe, é que despois de recoñecer aparentemente que o principal problema que ten o país é o emprego, o des-emprego, o paro e a crisis económica, de ter no diagnóstico –que é imposible non ter– que cando estamos na economía global, en plena crisis e derrumbe do sistema financeiro internacional, que a situación é altamente preocupante, vostede solamente fixo dúas cousas: non propoñer realmente nada en relación coa crisis; pasar de puntillas, parecía que escapara coma fuxindo do fume, escaldado como o gato que escapa. Realmente, da proposta que fixo o presidente da Xunta en nome do Goberno dun programa de medidas urxentes e extraordinarios de apoio ao emprego e á actividade, para descalificalas en dúas palabras, pasar de lado e dedicarse a outra cousa.

Á hora da verdade, sobre a crisis, nada de nada. Apelacións esotéricas e populistas para as cámaras de televisión sobre as amas de casa, os parados etc., que sirven e que comparto plenamente se foran acompañadas dun debate, dunha reflexión e dun compromiso de verdade para sumar e non para restar e para dividir, e se vostede expuxera aquí algunha medida de verdade en torno á crisis económica. Por certo, mo esquen- cía de dicir ao principio e o reitero agora, usted en tres anos, á parte de opoñerse a toda medida de progreso, de cambio e de renovación, faltou a primeira vez que subira a esta tribu- na, nun debate como o de hoxe, a facer propostas de verda- de. Esperamos as súas propostas, e claro, vén agora, cando lle parece que veñen as eleccións no ano que vén, a tratar de

colar pola porta de atrás esta mala fotocopia que hoxe nos presentaba aquí neste batiburrillo inconsistente de medidas.

Non falou de verdade da crisis económica, foi o que fixo, e logo fíxoo con algo que o descalifica, señor Feijoo, non se pode intentar falar da crisis apelando e sementando, unha vez tras outra, unha convocatoria á desesperanza, ao pesi- mismo e á catástrofe. O seu discurso está impregnado dunha posición crítica dicindo que este país está sumido na decepción, sumido no pesimismo, vai pola costa abaixo, e non quere recoñecer nada do que de verdade está a ocorrer no país.

Díciolle vostede o outro día aos militantes do Partido Popular que tivesen confianza. Reclamaba aos militantes do seu partido, nun acto electoral de fai tres días, unidade e confianza para afrontar as eleccións ao Parlamento. Está vostede xa, realmente, hoxe é o mellor retrato, en plena campaña electoral. Pois ben, eu dígolle con claridade e con tranquilidade e lle recomendo que non é razoable, que non é bo, que pida vostede a confianza aos seus militantes para afrontar as eleccións e que, sin embargo, semente a des- confianza en cada intervención no país, en Galicia, e nas posibilidades de saír adiante. Non é razoable. *(Aplausos.)* Eu pídlle, señor Feijoo, que apele á confianza non só pen- sando nas eleccións e nos resultados do seu partido, senón para afrontar e para ganar a batalla da crisis, que esas son as auténticas eleccións que temos diante. Ganar a batalla da crisis, eso é o fundamental, e para eso debería vostede de empezar por recoñecer algunhas cuestións. Recoñecer que estamos nun marco claramente dunha crisis global. Voste- de é un iluminado, un adiantado, dice que xa o sabía fai anos, pero falta todavía que o dixera agora. Non me impor- ta, fai anos xa o sabía todo, pero falta todavía que recoñe- za por primeira vez diante desta Cámara que estamos dian- te dunha crisis que se sitúa no terreno da economía global, que é exterior a Galicia, aínda que Galicia está a sufrila en primeira liña, como non pode ser doutra maneira. E como presidente recoñeza dende o primeiro momento, dende o primeiro momento, que fomos o primeiro Goberno de España, Goberno de España incluído e gobernos das comu- nidades autónoma incluídos, en tomar medidas. Medidas importantes e que están tendo efectos para que Galicia res- ponda mellor e estemos nunha mellor situación. Pero a vostede o cegan as ganas de chegar e o nega, e eso lle resta toda a lexitimidade e toda a credibilidade.

Estamos diante dunha crisis con epicentro nas teorías e nas posicións prácticas e políticas máis duras da dereita, da dereita conservadora e dos neoliberales. Unha crisis de cobi-za, unha crisis especulativa e unha crisis nacida da ausencia de regulacións nos mercados financeiros internacionais. Unha crisis que tira por baixo, señor Feijoo, os paradigmas, os exemplos e as políticas fundamentais ás que vostede se adhire e ás que se adhire o Partido Popular e os partidos con-servadores durante anos e anos e que pon patas arriba xustamente a súa alternativa. (*Aplausos.*)

Vostede se afoga nos seus propios datos, quere poñer todo patas arriba, e por aí non vamos a ningún lado. Tería que empezar por recoñecer que a crisis é global, que a crisis se sitúa donde se sitúa, facer un diagnóstico acertado e logo empezar por recoñecer o que pasa en Galicia. E claro, resul-ta... Catro ou cinco cousas simplemente moi rápidas lle quero dicir.

En Galicia hai, historicamente, un cambio de signo na axen-da do crecemento do país, un cambio de signo histórico. Mire, nos últimos doce trimestres da economía galega, en dez deles o 85% Galicia creceu sempre por enriba de Espa-ña e moi por enriba da Unión Europea. En dez de doce, o 85%, eso é innegable. En 22 trimestres entre o ano 2000 e o ano 2005, cando vostedes gobernaban, en 22, no 75% deles, na inmensa maioría Galicia creceu sempre por debaixo de España e por debaixo da Unión Europea. Dezaseis de vinte e dous, esa é a realidade. Que vostede pretenda seguir negando unha vez tras outra este cambio de modelo, este cambio de tendencia, na dinámica de crecemento e de com-portamento da economía o descalifica como líder para, de verdad, poder pensar en términos de futuro.

Galicia está á cabeza das comunidades autónomas de Espa-ña – á cabeza, señor Feijoo, non lle debían doler prendas, debería alegrarse– que converxen en renta e en bienestar, con máis velocidade e aceleración con España e con Europa.

En apenas tres anos, entre o catro e o sete, recortamos máis de catro puntos en converxencia en renta con España e máis de sete con Europa, nun proceso acelerado, inédito e sen parangón en anos anteriores. Polo tanto, estamos crecendo máis, estamos achegándonos a España e a Europa a un ritmo inusitado e sen precedentes. ¿Vostede non o quere recoñecer? Bueno, pois moi ben, sigamos nesa liña e nesa dirección.

Logo veu aquí a dicir e a desmentir outra realidade que esta-mos a vivir e que non é bon que minta, que non a asuma. Mire, o peso do número de parados de Galicia e o número de parados que hai en España non parou de diminuír de forma intensa, como nunca na historia da comunidade, en vinte e cinco anos. Lle vou a dar simplemente a gráfica do peso relativo do paro galego.

No ano 2004 Galicia aportaba a España un 8% dos parados –un 8%, señor Feijoo– no último semestre. En plena crisis económica, Galicia aporta a España o 4,6% dos parados en España. Esta é a curva de descenso do paro e da aportación de paro da nosa comunidade.

Se quere llo digo doutra maneira. Entre o segundo tri-mestre do ano en curso, plena crisis, e o segundo trimes-tre do ano 2005, trimestre contra trimestre, temos 30.000 personas menos en paro en Galicia. E vostede sigue vindo aquí a negar a evidencia e a contar contos que non son verdad. Galicia viña de estar máis de tres puntos en paro por enriba de España e hoxe estamos dous puntos por debaixo en paro en España. (*Aplausos.*) E, por certo, temos reducido drasticamente a taxa de paro feminino. Polo tanto, hai un descenso incluso na crisis, no número de paro e estamos hoxe todavía moito mellor que no ano 4 e que no ano 5.

Ocupados. Galicia nestes tres anos ten alcanzado o maior nivel de ocupación da historia da Comunidade, é dicir, que temos máis emprego que nunca; que temos máis xente traballando que nunca. E se quere, non, se quere tamén llo podo ensinar. ¿Cal é a evolución do emprego en Galicia? Non lles gusta, pero é bon que a entendan e que a miren. Mire, estabamos aquí, estabamos eiquí en baixo cun millón cen mil ocupados. Estamos agora en 1.200.000; a curva de crecemento da ocupación historicamente non ten precedentes. (*Pronúncianse palabras que non se perci-ben.*) Si, esta é a realidade, a vostedes lles dá igual, a min-ten e a denegan, pero eso non serve para facer unha opo-sición razonable e construtiva. Galicia alcanza neste perí-odo os maiores niveles de ocupación, de emprego e de traballo: 88.000 empregos creados nos últimos tres anos. E falo en términos reais e xustamente en tempo real con datos da crisis polo medio: 80.000 empregos creados en tres anos. Bueno, vostedes esto non o queren entender, non o queren recoñecer.

Hoxe presenteí aquí, en nome do Goberno, un programa de medidas extraordinarias de apoio ao emprego e á actividade económica. Un programa dotado –recordo– con 430 millóns de euros, que ten como obxectivo incentivar a contratación de 20.000 novos traballadores o ano que vén, dentro desa tónica de creación de ocupación e de emprego, que levamos 80.000, señor Feijoo, non o esqueza. E no marco dese programa hai medidas moi importantes. As empresas recibirán unha subvención de 10.000 euros por cada contrato indefinido que asine un traballador que leve máis dun ano en paro, de tal forma que a xente que vai entrando en paro con motivo da crisis económica pode ter a oportunidade e a esperanza de que hai un Goberno que traballa cos recursos de todos para incentivar o emprego e para que poidan volver a recuperar ese emprego e paliar a situación de crisis. Unha oportunidade de emprego de seis meses de duración agora aos parados de longa duración, aqueles que é máis difícil que se incorporen ao mercado de traballo. Ou os incentivos ás microempresas, ás de menos de dez traballadores, que é onde hai máis dificultades de financiación e de emprego. Estamos en disposición de cubrirlle hasta o 60% do custe salarial durante dous anos. A vostede todo eso non lle importou, preferiu vir aquí a facer o seu programa electoral cando todavía non tocaba nin era o lugar.

Puxemos en marcha medidas financeiras moi potentes, 150 millóns de euros para aliviar a carga de débeda que dificulta a actividade das pequenas e medianas empresas; 200 millóns de liñas de préstamos para inversión procedentes do Banco Europeo de Inversión. E hoxe lles podo dicir que no contexto das medidas que vén de anunciar o Goberno de España, que son positivas, eran necesarias e xa era hora que se tomaran, hai un importe total de axudas financeiras da Xunta de Galicia a disposición das empresas que alcanza xa os 1.572 millóns de euros de financiación, de axudas financeiras en avales, en préstamos, en diversas formas, para permitir afrontar a situación de crise. Vostede deso non sabe, deso non contesta, prefire fuxir.

Eu quero reiterarlle, señor Feijoo, a invitación que lle fixen á mañán formalmente, a reitero. Lla reitero –decía– como presidente da Xunta de Galicia, de todos os galegos e de todas as galegas, como presidente do Goberno da Xunta. E lla fago ao líder da oposición, ao señor Núñez Feijoo, para que nos encontremos canto antes, para dialogar, para impulsar e para poder compartir e remar xuntos e traballar na

misma dirección. Creo que é importante –o reitero– e o dixen á mañán e o volvo a reiterar agora. Pero para eso hai que ter un diagnóstico acaído e razoable, vontade de chegar a acordos e non de utilizar permanentemente os discursos como unha coartada electoral e vir a facer campaña electoral dende a tribuna do Parlamento, porque non toca, señor Feijoo.

Falou vostede dos presupostos do Estado e das actitudes duns e doutros. Permítanme algunha reflexión ao respecto. Vostede –decía antes eu e reitéroo agora– fixo un exercicio de travestismo político da nación de nacións que era España, a esta España que impide que podamos poñer no Estatuto de autonomía de Galicia aquilo que é de xusticia e de dignidade, que somos o que somos, o que non se pode negar, señor Feijoo. E agora, cando falamos de inversión do Estado, vostede que foi –e o Partido Popular de Galicia– un ente submisos aos designios de Madrid cando gobernaban vostedes en Madrid, nos vén a contar non sei qué milongas. Pois, mire, lle vou a dicir dúas cousas, porque vostede na única referencia personal ou a segunda que me facía dicía non sei qué do AVE 2012. Llo vou a explicar, llo vou a explicar cun pouquiño de calma, a ver se é posible que o termine de entender. Mire, os presupostos do Estado, os presupostos do Estado neste momento, no trámite parlamentario –poderán mellorar, me gustaría que o puideran facer–, aportan 2.020 millóns de euros en inversións para Galicia. Eso exactamente duplica o mellor presuposto que fixeron ustedes cando o famoso Plan Galicia que tanto lles gustaba e tanto lles enchía. É dicir, temos o dobre, o dobre de recursos que tiñamos co mellor presuposto de vostedes, que era de 1.045; temos o 8,1% –xa non o 8, o 8,1%– da tarta de inversión do Estado, eso quere dicir un 32% máis do noso peso demográfico; eso quere dicir un 53% máis do noso peso económico, eso quere dicir que a inversión per cápita en Galicia é de 729 euros por cidadán e que en España é de 549. Agora estamos 33 puntos por riba da media, con vostedes estábamos 25 puntos por debaixo da media. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza, notoria, evidente e intensa.

Me comprometín co presidente do Goberno o 31 de xullo no pazo da Moncloa a que estes orzamentos tiñan que ter os recursos necesarios para contratar todos os tramos do AVE que nos faltaban, para facer verdade a chegada no ano 2012; e están comprometidos. E todos vostedes saben, e non o poden negar, que temos un presuposto de 250 millóns de

euros para contratar o que falta entre Ourense e Lubián, 250 millóns de euros presupostados entre Ourense e Lubián, que nos permiten contratar e blindar, polo tanto, ese tema cos orzamentos. De Lubián a Medina temos 140 millóns de euros, algo máis de 140 millóns de euros, que permitiu tamén contratar e licitar todo o que falta. Polo tanto, os orzamentos son unha garantía, un certificado de garantía, de que é posible ese obxectivo.

E lle vou a decir algo que vostede entendo que non entendera porque nunca o practicou. O presidente da Xunta de Galicia está obrigado dende o primeiro día –e non deixarei de facelo– a poñer un obxectivo e unha meta e un horizonte que é o único que está permitindo que nos orzamentos da comunidade, ano tras ano, teñamos o 8% que reivindicábamos todos antes e a garantía de que agora podamos licitar a totalidade dos contratos do AVE, xustamente porque estamos erguendo a bandeira do 8% e porque estamos erguendo a bandeira do 2012; senón, señor Feijoo, con vostedes non estaría nin no 15 nin no 20 nin no 25, (*Aplausos.*) porque non habería tren de alta velocidade a Galicia. (*Aplausos.*)

Vexamos. Estou encabezando, non vou a renunciar baixo ningún concepto, señor Feijoo, non vou a dar un paso atrás, quero aproveitar este debate para decírllo a Galicia enteira. Galicia ten un presidente que non se vai arredrar na defensa dos intereses de Galicia, na defensa do interés xeral da comunidade, porque sabe que ten unha maioría e un Goberno que o respalda ao cen por cen. Si, é unha maioría parlamentaria que o respalda, comprendo que vostedes o sigan sen aceptar, é o exercicio mellor que os descalifica para o futuro para poder gobernar nun prazo razoable. Porque non entenden nada e siguen sen querer entender que hai unha maioría e un goberno que apoia ao seu presidente e que o presidente traballa arreo con eles, e non vamos a renunciar nunca a ese horizonte e a ese compromiso que sacamos e arrincamos do presidente do Goberno de España. Incluído o tren de alta velocidade con Portugal, non o quero deixar de mencionar. Ese tren, agora que nos consideramos Europa, [...] presidente da Xunta de Galicia que ten posto o mellor do país ao servizo dunha boa relación con Portugal, co seu primeiro ministro e unha leal colaboración cos dous gobernos: co de España e co de Zapatero. E en todos e cada un dos cumios internacionais que celebramos dende Évora a Badajoz quedou confirmada a vontade e o compromiso do primeiro ministro do Goberno portugués para poñer no mesmo

parangón de prioridade a conexión de Madrid con Lisboa, Lisboa con Madrid, e a conexión de Porto con Vigo e con Galicia en alta velocidade. O mesmo nivel de prioridade. Por certo, lles teño que decir, porque así está na prensa e así mo explicaba sufragamente o primeiro ministro Sócrates, coa oposición lamentable popular e da dereita, partido equivalente ao Partido Popular, o partido da dereita portuguesa, que un día e outro día tamén descalificaba como un proxecto grandioso e inconsecuente traer a alta velocidade de Porto a Galicia. Esa é a contribución dos seus amigos de ideoloxía e de partido en Portugal, señor Feijoo, non o esqueza, lévelle o recado, e sobre todo asúmao vostede en primeira liña.

Mire, neste momento está –quero informar á Cámara– a saída sur de Vigo en información pública; está en fase de estudio informativo a conexión hasta a fronteira, todo eso por parte española. E por parte portuguesa está en trámite de declaración de impacto ambiental a conexión dende Braga hasta a fronteira; e temos fondos europeos por valor de 249 millóns de euros para facer o tramo central da conexión entre Vigo e Ponte de Lima. De Braga a Porto está en marcha o acondicionamento da liña para cumprir co obxectivo pactado, que ese tren de futuro chegue no ano 2013 e nun tempo de recorrido non superior a unha hora entre Vigo e Porto. E, mal que lles pese, será unha realidade para este país e un triunfo que conseguiremos.

A inversión do Estado en Galicia, cando un mira os gráficos e mira os cuadros, parecera comparecer outro tempo, outro lugar, outro país; parecera a de vostedes a inversión da prehistoria. Esa da que vostede se sente tan orgulloso, a que lle serviu para darlle a medalla de ouro a Cascos, tiña o seguinte tenor, señor Feijoo, o seguinte tenor. Mire donde estaba a inversión do Estado, donde empezaba no ano 2001, si, donde estábamos, donde rematamos con vostedes en 1.045 millóns de euros, e como ten subido exponencialmente hasta chegar aos 2.020 millóns de euros neste tempo. Creo que o cuadro llo debería facer sumir nun proceso de sinxela autocritica, señor Feijoo, eu creo que chegou o momento de que faga autocritica e responda desto, da inversión do Estado que había e da inversión do Estado que hai agora. Porque realmente é demoledor para todos e para todas ver estas cifras. Creo que si, honradamente creo que si, que sería bo que vostedes entenderan que hai uns presupostos de Estado que apostan polo gasto en pensións e por subir as pensións mínimas, que apostan por subir as becas, que apostan polo

gasto en dirección á mocidade, que apostan pola educación e pola independencia. En definitiva, vostedes o cuestionan agora dicindo, bueno, é que eso que se presuposta, non se licita nese contrato, non se adxudica. E de novo é bo volver á verdade, o debate parlamentario debe servir para eso.

Mire, no cuadrienio cando gobernaban vostedes en Madrid, na última lexislatura de Aznar, licitaron según o SEOPAN, non sei se o SEOPAN tamén minte ou engana, para vostedes todo... Como dividiron a Galicia... Porque vostedes acaban de escoitar, o señor Feijoo veu dividir a Galicia entre galegos normais e os outros. A verdade é que é grave, ¿non? É bastante lamentable esa división, señor Feijoo. Os galegos normais, que son os que lle botan a vostede, claro, esa é a conclusión, e os galegos –digamos con suavidade, que me gusta– que non son normais, que deben ser os que votan a maioría parlamentaria que hoxe dirixe o país.

A verdade é que fixo vostede hoxe unha intervención notoria e notable por tanto desatino. Pero sigamos, cuadrienio Aznar, 1.983 millóns licitaron vostedes con Rajoy, con vostedes aquí; 1.983 foron o que contrataron, contratación, licitación. Nos primeiros catro anos do Goberno Zapatero, 5.023 millóns de euros, é decir, 2,53 veces maior de licitación e de contratación de obra.

Se quere falar da inversión executada, non da licitada, lle dou máis datos. A inversión executada en ferrocarriles se ten multiplicado por 3,1, tamén con datos do propio SEOPAN. Polo tanto, non veñan a enmarañar, a enredar e a embarrar o campo. Recoñezan o punto no que estamos; eu recoñecerei que temos moito que avanzar e moito que mellorar e que é nese traballo no que estamos.

Pero mire, hai moitas máis cousas. Vostede non pode dar apenas unha lección en case nada, polo tanto, hoxe por hoxe non pode ser alternativa en nada.

Falemos de infraestruturas, falaba vostede dos presupostos do Estado e as xestións de infraestrutura da nosa comunidade. Bueno, o domingo 6 de febreiro a prensa de Galicia recoñecía nunhas declaracións de Mariano Rajoy –¿o coñece, verdade?, a Mariano Rajoy e ás declaracións–: Rajoy se compromete a eliminar el peaxe de Rande y a rebajar más tramos en Galicia. Era o compromiso de Mariano Rajoy. Bueno, o único que pasaba é que o decía ao mesmo tempo

que se ampliaba a prórroga da peaxe, se metían 25 anos máis de peaxe para todos os galegos da Autopista do Atlántico. Eran unhas declaracións curiosamente en período preelectoral, despois, unha vez máis, nos esquecíamos.

Claro, o señor Núñez Feijoo, noutra intervención gloriosa daquelas do comezo nos dicía literalmente: As autoestradas seguirán sendo galegas –como ben se ve– e seguirán sendo públicas –como ben se ve–. Nos decía tamén que unha hipotética retirada de peaxes sería nefasta para a comunidade autónoma. A verdade é que non se entende nada de nada, máis que eso de que todo lle vale, unha cousa e a contraria; é unha oposición insolvente e inconsistente donde un as poida atopar.

Mentras tanto, ¿cal era o seu modelo? Á parte da privatización, á parte da venda da autopista, á parte de todo eso que sabe toda Galicia que fixeron de forma vergoñenta, e que nunca se debeu de producir, vostedes teñen un modelo de financiación que realmente é como para saír correndo.

Mire, na autovía, agora autopista. A Coruña-Carballo e en Puxeiros-Val Miñor, señor Feijoo –e desto vostede si que sabe–, a Xunta recadou dos galegos, puxo dos orzamentos de todos os galegos o 76%. E despois de recabar o 66% de cuota de toda Galicia a través dos orzamentos, para o 24% restante que faltaba creou un peaxe; iso si, a concesionaria, o único que tivo que poñer foron 50 millóns de euros. Os galegos puxemos 150 e a concesionaria 50, un negocio redondo para as arcas públicas e para os intereses da comunidade. Despois de ter financiada practicamente a autovía A Coruña-Carballo e Val Miñor con fondos de todos, agora temos que sufrir e pagar un peaxe que agora si reivindicamos todos que debiera ser levantado. (*Aplausos*.) Triste realidade e triste incoherencia. Pero eso o facían cunha man, coa outra regalaban fondos á Administración central do Goberno amigo, de Cascos, Fraga, Rajoy, etc. E a autovía Santiago-Dozón, a actual autopista Santiago-Dozón nesa parte, que era un tramo de interese xeral do Estado, de responsabilidade do Estado, vostedes firmaron un convenio polo cal de novo os galegos, para un tramo de interese xeral do Estado, de responsabilidade do Estado exclusiva e competencia exclusiva do Estado, puxemos 60 millóns de euros a fondo perdido. E Fomento liquidou a cuestión con 60 millóns de euros de anticipo reintegrables que recibiu a concesionaria.

Vostedes cunha man utilizaban os fondos da comunidade, mal utilizados, e coa outra man regalaban ao Estado do Goberno amigo o que nunca deberon haber regalado. Ese é o modelo de herencia de financiación que vostedes reciben.

A verdade é que, para concluír nesta materia, lle teño que decir que á hora da verdade, claro, a vostedes en dezaseis anos non lles deu tempo a facer case nada, e agora, claro, ten que vir a conselleira do ramo a inaugurar aquilo que fixeron vostedes, porque, claro, a vostedes en dezaseis anos non lle deu tempo. Vostedes en dezaseis anos fixeron 27 quilómetros de autovías –27, nin un máis– libres de peaxe. Agora, nos próximos catro anos, se executarán –xa van 80– 254 quilómetros máis. En total Galicia vai dispoñer de 281. Na rede de quilómetros de vías de alta capacidade multiplicaremos por catro, e teremos en total 624 quilómetros de rede de alta capacidade. Porque puxemos en marcha unha política que está realmente cambiando o país en todas as direccións oportunas.

Miren, non quero estenderme excesivamente, pero si lle quero dicir algunha cousa máis.

¿Protagonismo europeo? Bueno, lle citaría e sería bo que se entrevistara coa comisaria europea de Política Rexional, lle podo facilitar o contacto, con Danuta Hübner. escoitaría o que ten dito, poñendo a Galicia como exemplo, si. É que vostede debería estar orgulloso do que lle pasa a este país. A oposición non significa botar cinzas e lumes sobor de todo. Danuta Hübner ten dito en Bruxelas, en Portugal e en Galicia, que Galicia hoxe é un modelo de comunidade pola reorientación que temos feito dos fondos europeos, cambiando os criterios de chuvia fina do Goberno anterior por criterios que están priorizando a sociedade do coñecemento, a sociedade da innovación, e de verdade servindo dobremente de motor e motriz para ter os resultados económicos que estamos a ter.

Galicia é a segunda rexión europea –a segunda en toda Europa– capaz de crear unha nova agrupación de cooperación transfronteriza, Galicia-norte de Portugal, con sede en Vigo, que significa que se antes cooperábamos cada un nun sitio, en Porto-Lisboa ou en Santiago-Vigo-A Coruña, agora vamos cooperar xuntos e vamos ter un instrumento de nova xeneración para cooperar xuntos ao mesmo tempo. En definitiva, unha comunidade adiantada e innovadora no concur-

so da construción europea e da utilización dos fondos europeos.

Señor Feijoo, non vale a política de todo vale. Non vale enredar, embarrar o campo permanentemente. Vostede vén e dice: Non o Goberno firmou un pacto local, se esqueceu e non o cumpriu. É mentira, simplemente mentira.

Mire, período 2002-2005. escoite: 270 millóns de euros. Período 2006-2009, 430 millóns de euros acumulados; 160 millóns de euros máis, o 60% máis de fondos da comunidade en dirección a ese Pacto local inédito e que vostedes non foron capaces de firmar, tampouco lles deu tempo en dezaseis anos de Goberno.

No ano 2005 recibimos 62 millóns presupostados para os concellos de Galicia, 62,1; no ano 2008 deixamos presupostados e están executados 119,5 millóns de euros. Duplicamos –pasa igual que cos presupostos do Estado– os recursos e as transparencias, en dirección aos concellos. A educación asume os gastos nos centros de ensinanza primaria; o gasóleo en todos os centros xa está asumido e a limpeza está asumida. O coste anual de ambas medidas é de 6,3 millóns de euros, e hai un compromiso progresivo dos outros gastos. Na sanidade pretendemos que a partir do 1 de xaneiro de 2009, en función das posibilidades, iremos asumindo os gastos dos centros de saúde. En definitiva, hai un cambio: os xulgados de paz, os Grumir, a posta en marcha dos novos servizos desde a Consellería de Presidencia en colaboración cos concellos.

Antes había unha política clientelar, de asfixia financeira, preferían ver os concellos vindo polos despachos das consellerías, co carnet na boca, a pedir a dádiva e a limosna. Nós cambiamos de fondo esa política, e hoxe os concellos, que teñen dificultades, máxime en situación de crise, igual que ten a comunidade autónoma e ten o Estado e ten todo o mundo, hoxe os concellos se ven diante dun Goberno que os respecta, que colabora e dialoga con eles, e que por riba de todo ten introducido –mediante leis como a da transparencia e as leis de subvencións– criterios claros e consecuentes no comportamento coa Administración local.

Dice vostede cambiar a Administración pública. Lle darei algún dato tamén. ¿Sabe cal era a taxa de temporalidade cando chegamos na Administración pública? Do 24,77, moi

por riba da media nacional; un 25% de precariedade, de temporalidade, na función pública; o 36,6 se falamos de laborales. ¿Sabe cal é o acordo ao que chegamos e onde estamos? Nun 8% de taxa de temporalidade e precariedade en tres anos de Goberno.

A libre designación. A libre designación antes, para os niveis 28 e para altos cargos, era barra libre, se designaba libremente. Acabamos de introducir unha modificación na Lei de función pública que fai que o sistema normal e xeneralizado de cobertura nos niveis 28 dos altos postos de dirección en toda a Administración sexa necesariamente por concurso. Eso afecta a máis de 1.053 empregos da nosa comunidade.

Estamos reducindo a precariedade de forma rápida, de forma moi importante, na educación, donde a taxa de temporalidade agora é menor do 6%, e na sanidade onde temos reducido a temporalidade en máis dun 40%. Esa é a verdade, e cando falan de dependencia e de aplicación da Lei da dependencia, hai que dicirlle algo moi simple aos cidadáns galegos, que mentras vostedes gobernaban non había dependencia nin Lei da dependencia, pura e simplemente, que non había ese servizo. (*Aplausos.*) E calquera indicador, calquera indicador de calquera tipo de estatística, poñía a Galicia na cola e no furgón da cola dos servizos sociais en España.

Tíñamos un profundo déficit histórico, o que herdamos de vostedes, e agora estamos poñendo en marcha unha Lei de servizos sociais, un Sistema Galego de Benestar, en cooperación activa –con prisa pero activa– co Goberno de España, que é o Goberno que acaba de aprobar a Lei de dependencia para toda España. Claro que hai dificultade financeiras de aplicación, ¡claro!, e máxime nunha circunstancia de crise. Pero agora hai un sistema, hai uns dereitos e unha vontade política –llo quero dicir á Cámara– irrenunciabile para cumprir con esas políticas, porque son unha oportunidade para a igualdade e a xustiza social. E digo máis, non se trata só de cumprir a lei, senón que o compromiso vai moito máis alá. É un compromiso de futuro, sostido no tempo, porque queremos cambiar radicalmente a sociedade, queremos axudar realmente e radicalmente á vida das familias, e á capacidade e dignidade da autonomía das persoas afectadas nunha situación de dependencia. Polo tanto, lles podo asegurar que é un compromiso que nunca o deixaremos de cumprir e no que traballaremos arreo, con todas as nosas forzas, con toda a nosa prioridade. Me gustaría contar con vostede tamén para esa tarefa.

Concluyo decindo simplemente que a folla de ruta está clara e está trazada. Que me gustaría contar con vostedes e coa oposición, por unha vez, neste tramo final.

O fundamental de Galicia, neste momento, é a resposta á crisis. Dende logo, como presidente do Goberno non me vou despistar. A principal preocupación de Galicia é o emprego, manter a ocupación, recuperar o país e sacalo adiante nesa dirección.

O emprego, o apoio ao investimento produtivo. As medidas que empezamos a tomar en xaneiro do ano en curso, cando nacía a crisis; e hoxe lle propuxen á Cámara un novo salto e un novo impulso nesa dirección. Apelo de novo á proposta que lle fixen de encontrámonos de sumar esforzos, de remar xuntos, de traballar nesa dirección; con vocación de diálogo e, se é posible, de consenso.

Comprendo que ten que facer un reciclaxe, que leva tres anos sen facer unha sola proposta e tres anos de desgaste e de confrontación a tope. Me gustaría que pudiera usted cambiar nesa dirección e sumarse ao esforzo que lle propoño e que creo que o país necesita.

A segunda prioridade donde se debe plasmar todo isto é nos orzamentos da Xunta, que están en pleno proceso de elaboración e que traeremos por cuarto ano consecutivo en tempo e forma á Cámara, non o dubiden. Porque vostede, unha vez máis, con esa cantinela do goberno dividido, o goberno enfermo, o goberno sen presidente, deste goberno desastroso que decepciona e apela ao pesimismo permanente, non deixa de ser o goberno que ten producido a maior iniciativa lexislativa parlamentaria da historia da comunidade; non deixa de ser o goberno máis estable da historia desta comunidade e non deixa de ser o goberno que, ano tras ano, trae uns orzamentos que están a servir ao país, e os volveremos a traer con tres criterios. O criterio da austeridade e do rigor, o criterio do apoio ao investimento produtivo, á creación de emprego e o apoio á economía produtiva, e o criterio de que ninguén quede atrás na nosa comunidade e que a política social ocupe o espazo epicentral que deben seguir soportando os servizos públicos, os que xa están consolidados e os nacentes, como a atención á dependencia e os servizos sociais.

O terceiro reto está claro, é a financiación autonómica. E de novo reitero esa chamada e esa apelación para sumar esfor-

zos e traballar nesa dirección: a crisis, os orzamentos e o financiamento da autonomía, e por eso estamos traballando na Cámara e con Madrid para lograr que Galicia teña máis recursos, que os cidadáns galegos teñan mellor financiación e que podamos afrontar os problemas que temos por diante.

Esas son as prioridades, o dixeron no seu día, o dixeron no inicio do debate e o quero reiterar a estas alturas da contestación. Me gustaría que vostede reciclara o suficiente para que puidéramos avanzar nunha dirección de futuro nesa reforma do Estatuto que tantas e tantas veces temos falado.

Eu, como dixeron antes —e concluyo—, non vou a renunciar a ela nunca, en ningún caso, porque sei que é necesaria para Galicia e para os galegos, pero teño para min que serán os cidadáns galegos os que resolvan este problema nas próximas eleccións.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor presidente da Xunta.

Lles vou a pregar que guarden silencio e que respecten ao intervinente na tribuna, neste caso o presidente da Xunta, como aos voceiros, e sobre todo que respecten aos cidadanos que nos están vendo a través da Televisión de Galicia. Lles prego respecto, e, polo tanto, que guarden silencio.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Quintana González.

Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Feijoo, vostede equivocouse. Vostede veu aquí a facernos un discurso de “si yo fuera presidente” (*Murmurios.*) que, bueno, que está moi ben, entre nostálgico e extemporáneo, pero, francamente, creo que non era o lugar.

Vostede, claro, unha vez máis fala moito do Goberno dividido, que non se entende. Moita división aquí, pero vostede, por se acaso, o Congreso do partido non o fai antes das eleccións, non vaia ser o caso, ¿non? (*Aplausos.*) Os que estamos

divididos somos estes. E hasta aí a súa decisión. Pero home, por non facer o congreso do partido, virnos a botar aquí o que lle tiña que botar a esos señores e que o tiñan que escoitar eles, e que o teñamos que escoitar todos, paréceme demasiado, ¡paréceme demasiado! Vostede, como non fixo o congreso, dixo: Home, que oportunidade, a tribuna do Parlamento e televisado. Esta é a miña. E nos botou o discurso que era para outro lado.

E claro, todo quedaría en algo extemporáneo se non fora que, señor Feijoo, caendo a que está caendo, coa crise que estamos padecendo, vir eiquí a facer un discurso electoral, paréceme amoral, amoral.

Os cidadáns galegos precisaban outra cousa de vostede. Nós propuxemos aquí unhas medidas, plantexamos un itinerario de goberno. Pode que esteamos equivocados. Presente vostede outro. Pero vostede non veu aquí a facer eso.

E non o fai porque a vostede fállalle a documentación, entre outras cousas. A min sempre me estrañou que documentación base que vostede utiliza para todas as súas aseveracións nesta Cámara, porque lanza afirmacións rotundas, mesmo sesudas, e un pensa en que fontes económicas ou filosóficas se está baseando. E despois sempre bota mau aquí e saca un recorte de prensa, esa é a documentación que vostede utiliza para as súas afirmacións.

Hoxe cambiou a técnica, hoxe utilizou unha enquisa. Dice que aquí facemos moitas. Debeuse celar, tivo envexa e dixo: vou facer unha para min. E trouxo a súa, e nos pasou dez minutos contando a súa enquisa.

Eso si, hai un dato da enquisa que vostede non dixo. Porque enquisas, efectivamente, hai moitas pero hai un dato no que todas coinciden, as que lle fan a vostede, as que nos fan a nós, todas coinciden, e é que, sendo vostede o líder dun partido que atesora unha gran cantidade de voto, sigue a ser vostede o líder peor valorado de todos. (*Aplausos.*) Ese si que é un dato que a vostede lle debía de facer pensar, a ver si resulta que non estou acertando. Pero non, vostede sigue igual e para diante.

De todos xeitos eu quedome, da súa intervención, con algo importante que dixo na valoración do Goberno e tamén con algunha proposta de cambio que vostede plantexa.

Hai unha valoración ao respecto das accións do Goberno que me chamou poderosamente a atención, e é que vostede se mostrou tremendamente enfadado polo feito de que este Goberno conseguira administrar o dobre de recursos que tiñan vostedes.

Conselleiro de Economía, se estas son as críticas, a próxima será proporlle a vostede a consecución dunha medalla e dunha estatua. Porque, que todas sean así. Efectivamente, fomos capaces de administrar máis recursos e utilizamos un tempo de bonanza económica para pór en marcha mecanismos utilizando o autogoberno que hoxe permiten que Galiza poda estar máis protexida ante a crise. Non a podemos evitar, pero temos outros recursos. Se esa é a valoración e a crítica que vostede ten que facer, veñan moitas máis como ela.

Agora que mellor foi a proposta de cambio. A proposta de cambio hai que tela en consideración. A súa proposta de cambio para o futuro é quitar os audis. Pero, señor Feijoo, se os audis que hai na Xunta de Galiza comprounos vostede. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Que é o que ten... ¿Que é o que pasa? ¿Que lle cambiou o gusto pola marca (*Risos.*) ou é que ten compromiso con outra marca? ¿Cal é a razón fundamental de, para unha persoa tan conservadora como vostede, proceder a un cambio tan rotundo? Se son eses os cambios, dende logo, pouco cambio é.

Eso si, cando vostede conseguiu durante minuto e medio, non máis, intentar aproximarse a algunhas medidas posibles, ou cando menos intencións, ao redor da crise económica, as cousas entón foron bastante peor. Porque vostede mencionou algo que eu considero moi importante, a necesidade de xerar confianza. E fundamentalmente a necesidade de que o Goberno xere confianza e os partidos políticos xeremos confianza, nun momento como este, diante da empresa galega, destinada a xerar emprego e ser un baluarte imprescindible para enfrentar a crise.

Pero ¿que é o que nos propón vostede para xerar esa confianza? Pois que no concurso eólico, un concurso publicado no *Diario Oficial de Galiza* con toda a reglamentación e os pasos establecidos para tal menester, vostede, como gran contribución á seguridade xurídica, o que nos propón é que paremos o concurso e que lle digamos ás 170 empresas que non valeu de nada todo o que fixeron. Esa é a confianza que vostede quere xenerar.

¿Por qué en vez deso non dice o que realmente pretende? ¿Que ten vostede en contra do concurso eólico? ¿Ten vostede en contra de que no concurso eólico agora, ¡xa era hora!, polo menos o 10% dos beneficios da explotación eólica vaian reverter á Administración galega, que representa ao conxunto dos cidadáns de Galiza? ¿Está vostede en contra deso? Suba e díga. ¿De que está en contra? ¿De que sexa obrigado agora, cando alguén fai un proxecto de explotación eólica, que ademais de facer ese proxecto enerxético poña en marcha ou incentive outros proxectos industriais para xerar emprego? ¿Está en contra deso vostede agora, en momentos de crise, de que se utilice a enerxía de Galiza para xerar emprego e para crear riqueza? Díga, porque eu creo que realmente é deso do que vostede está en contra. ¿Por que? Porque vostede o que pretende é gobernar, se tivera oportunidade, igual que gobernou nos dezaseis anos anteriores, beneficiando aos catro de sempre, sen ningún beneficio para Galicia. (*Aplausos.*) ¿Eso é o que vostede nos propón? ¿Eso é o que vostede nos propón?

E claro, como quere seguir xerando confianza para o empresario, se mete vostede polo terreo resbaladizo do sector mineiro. Oiga, señor Feijoo, é que o sector mineiro deste país ten unha importancia capital para a xeración de emprego, efectivamente. Somos unha grandísima potencia nese ámbito e durante dezaseis anos vostedes mantiveron a ese sector na alegalidade, imposibilitándolle o seu crecemento empresarial. Claro, era unha cousa complicada, porque vostedes, a súa técnica de goberno, a que tiñan agora e a que polo visto queren seguir facendo, é a de mirar para outro lado. Como dicía o seu xefe de antes, “que as cousas sigan así”, non tocarlle a nada. E non tocarlle a nada significaba condear o sector a unha situación precaria.

Claro que son difíciles estas cousas, o mellor é mirar para outro lado. Aquí houbo un goberno valente. Un goberno que se sentou co sector, que pactou e que coordinou con eles un marco legal e o trouxo a este Parlamento para aprobalo. Vostedes, que non foron valentes no seu momento, polo menos podían apoiar a proposta cando eiquí chega. E en vez deso, o que fixeron foi meter paus na roda, e agora falan de confianza á empresa. Estarán todos alucinados, ¿de que confianza me quere falar vostede?

Vostede o que si dixo con toda claridade, e eso é de agradecer, que vostede, de gobernar –que Dios non o queira–,

seguiría facendo o mesmo de sempre. (*Murmurios.*) Seguiría facendo o mesmo de sempre. Porque claro, agora que é necesario aumentar a protección social, ¿vostede que nos vén a recordar aquí? Que o Consorcio para os servizos de igualdade e de benestar ten moito persoal, ten moito persoal. Consorcio no que participan concellos gobernados por vostedes. Ten moito persoal, claro que ten, porque se dedica a facer galescolas e centros de día. Como vostedes non as facían e non tiñan ningún centro de día público, non había persoal que tivera que atender. Agora o hai, porque eso é o fortalecemento dunha rede pública que vostede, unha vez máis, manifesta eiquí estar disposto a destruír, e non o vamos a permitir baixo ningún concepto.

Señor Feijoo, eu do que lle teño que estar eternamente agradecido, nunca será suficiente o meu agradecemento a vostede, é cando utiliza esta tribuna para magnificar a presenza do Bloque Nacionalista Galego en Madrid. Síntome, de verdade, tremendamente honrado e creo que non me merezo tantos halagos, nin o BNG tampouco. Porque, fíxese vostede, vostede se empeña en afirmar aquí —e eu desde logo non o negarei— que o Bloque Nacionalista Galego, con dous deputados no Congreso dos Deputados, é capaz de manter a unha ministra no seu posto. Eu non sei se vostede se dá conta de que todo o mundo hoxe o que pregunta é: ¿E como é que o BNG con dous deputados é capaz de manter a ministra e o PP con once non é capaz de quitála? (*Aplausos.*) ¿Como é posible eso? ¿Como é posible eso? (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois por unha razón, porque a democracia é fundamentalmente decidir, ter a posibilidade de decidir, e vostede, señor Feijoo, non ten esa posibilidade. Non ten esa posibilidade nin en Madrid nin eiquí. Vostede ten que facer o que lle manda o señor Rajoy e, polo tanto, non ten esa posibilidade de decidir. e, polo tanto, a súa representación alí, vostede, coa súa tozudez, acaba converténdoa en inútil. ¿Vostede quere que sea útil a súa presenza alí e poder dicir desde a tribuna da súa representación o mesmo que dice da do BNG? Faga o mesmo que o seu compañeiro de Navarra. Eu animo a que utilice agora, eiquí, o seu próximo turno para anunciar á Cámara que os once deputados do Partido Popular de Galicia no Congreso están dispostos a votar a favor dos presupostos do señor Zapatero se contempla aquilo que é necesario para Galiza.

¡Dígaol! Porque eso é o que realmente vale. Eso é o que realmente vale. ¿De que vale que vostede nos veña decindo que

hai que perder non sei que, non sei canto e máis, e máis, se vostede en realidade o que nos di é: “É igual o que nos dé o señor Zapatero, que nós estamos obrigados a votar en contra”. Cando un ten esa postura non ten nada que ofrecer, non ten nada que negociar.

E non se esqueza de algo, señor Feijoo. Galeguismo non é pedir moito a Madrid. Eso, en todo caso, é ambición, que sempre é boa. Galeguismo é estar disposto a colocar a Galiza por diante de calquera outra disciplina. Eso é o que vostede non fai e é o que vostede debería de pensar en facer. E galeguismo, señor Feijoo, é totalmente incompatible, totalmente incompatible, coas posturas de negación e de acoso á nosa lingua, á nosa cultura, ao noso patrimonio identitario. É totalmente incompatible. E é imperdoable, é imperdoable, señor Feijoo.

Vostede sabe que toda esa campaña da suposta imposición baséase nunha mentira. Porque, a pesares dos inxentes esforzos de normalización lingüística no ámbito educativo, a pesares de todos eses esforzos, dáse a día de hoxe, igual que se deu sempre, unha realidade: Non hai un só neno castelán-falante, cuxos pais sexan casteláns falantes, que vaia ao sistema educativo e volva a casa convertido ao galego pechado e os seus pais, castelán-falantes, non sepan por qué o seu fillo non lle fala no idioma que eles lle ensinaron. ¡Non hai nin un só caso! E non fai falta que llo diga eu, pregúntelle aos seus compañeiros de bancada. ¿Cantos centos de nenos e nenas galegas, aos que os seus pais fálalle en galego na casa por que si, como dicía Celso Emilio, por que si e porque lles peta, porque é o idioma que eles elixen, cantos nenos galego-falantes, cando se inclúen no sistema educativo volven á casa falando en castelán para pesar dos seus pais, que lle ensinaron a falar galego e que querían que falaran en galego? Esa é a realidade a día de hoxe, e vostede con esa realidade nos vén a falar eiquí dos dereitos dos castelán-falantes e da imposición do galego. É inmoral, señor Feijoo, é inmoral o que vostede está facendo, ¡é inmoral! E o está facendo sabendo que minte, o está facendo sabendo que minte, pero pensa que pode rebañar por aí uns cantos votos. E xa o dixo publicamente: hai que facelo porque esto pode dar votos.

Eu dígolle unha cousa, señor Feijoo. Se o fai para conseguir votos, fágao. Pero sepa que está a condear ao seu partido a ser partido de oposición toda a vida, porque no que eu teña

de responsabilidade, mentres vostede segue nesa liña, democraticamente utilizarei todas as miñas posibilidades para que vostede no teña poder nin na Xunta de Galicia nin en ningunha institución deste país. *(Aplausos.)* ¡Así de claro! ¡Así de claro!

E para rematar...

A señora PRESIDENTA: Perdón un segundo, señor Quintana.

Lle vou a pedir aos deputados e ás deputadas que se comporten con educación. Simplemente eso. Que se comporten con educación. Vostede tamén, señor Castro. Gracias.

O señor QUINTANA GONZÁLEZ: Vostedes saben a que me refiro e o valorarán na súa xusta medida. Porque o certo é que, cada vez que en materia de autogoberno eu desde esta tribuna, en nome do BNG, lle propoño diálogo, vostede me contesta sempre con condicións, e o diálogo ten que ser un diálogo sen condicións. Cada vez que propomos diálogo para chegar a un acordo para que Galiza teña un novo Estatuto, vostedes contestan sempre con condicións. A primeira vez que o fixemos, no debate de investidura, desde esa escada o señor Fraga, coa súa aquiescencia, dixo: “Si, si, si, pero se o Estatuto é constitucional, como nós dicimos, non sei canto...”. Condicións. Xa pondo condicións. Despois, cando empezamos a traballar: Si, si, dialogamos, pero o nivel competencial non pode romper non sei que unidade...”. Outra condición. E agora que lle fago unha nova proposta de diálogo, porque é o momento para facela, porque entendín que no seu partido algo cambiara, vostede me contesta tamén con condicións. A condición é que previamente o Goberno teña unha postura. Estou seguro de que, se o Goberno propón unha postura, vostede diría: “Así non hai dereito. Xa se uniron eles e agora queren que traquemos o que eles fan. Vostede sempre ten algunha condición.

¿Por que non vai...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Quintana.

O señor QUINTANA GONZÁLEZ: ¿Por que non vai a un diálogo franco, directo e sen condicións? Eu acabo de exporlle eiquí cinco ámbitos nos que, dende o meu punto de vista, dende o punto de vista do BNG, deberíamos de circunscribir o diálogo, pero se vostede ten outros, dígaos, que serán tan

respectables como os meus. E o Partido Socialista terá os seus. Vostede si que sabe unha cousa, e é que, habendo tres posturas diferentes a este respecto nesta Cámara, hai dúas forzas políticas que en canto empezan a traballar conxuntamente nesta materia chegan a acordos. E vostede non pode deturpar a historia. Había propostas diferentes do PSOE e do BNG, pero en aras do interese de Galiza fomos capaces de chegar a unha postura común. Foi vostede o que, mantendo posturas ultramontanas, foi incapaz de sumarse ao consenso. Agora ten unha oportunidade de rectificar. Rectifique polo ben de Galiza e, ¿por que non? polo ben de vostede.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Quintana.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señor presidente da Xunta, a verdade é que quedou claro ou vai quedando claro neste debate que certamente hai Goberno, hai un bo Goberno, hai un bo presidente, e eu penso que tamén vai haber un xefe da oposición por longo tempo. Dáme a sensación que eso tamén quedou claro e polo tanto non hai ningún problema, por eso o señor Núñez Feijoo non tiña prisa en convocar eleccións.

Por certo, señor Núñez Feijoo, ¡oiga!, vostede que é tan afeccionado ás encuestas, cando as lea, para os deste lado seguro que non fai falta, para os cidadanos tampouco, pero para os seus compañeiros, como lle aplaudiron, parece que é conveniente que llas lea todas. Léalle todo o que pon a enquisa. E léalle que pon a enquisa cando se lle pregunta por quen considera o líder político máis fiable para afrontar a crisis económica en Galicia e explíquelles que vostede aparece en último lugar na confianza dos galegos. ¡Vaia explicándollo! E explíquelles tamén, cando se lles pregunta aos galegos en quen confiarían para salir da crisis económica que vive o noso país, que vostede ocupa o último lugar tamén, señor Núñez Feijoo. ¿Explicoulles eso aos seus compañeiros? Se llelo explica, igual lle siguen aplaudindo. Pero as enquisas hai que llas todas. Porque vostede que presume tanto e que

foi tantas cousas xa neste país, mesmo chegou a afirmar que lle naceran os dentes na Administración, señor Núñez Feijoo, non parece que goce da confianza dos galegos en ningunha das enquisas que se teñen presentado e publicado. En ningunha. Polo tanto, ¡hombre! Falar de enquisas e das eleccións está ben, pero faiga o favor de lelas todas.

Bueno, xa sabemos que vostede, como se lle acaba de decir aquí, pretende solventar a crisis con chascarrillos e algunha ocorrencia. Eso si, e retirando os Audi... por certo, que previamente comprou. E eu digo, se non lle gustan, ¿para que os comprou? Díxollo hai un momento o señor Quintana, pero con razón. Se a vostede non lle gustan os Audi, o señor Albor tiña Citroën, tiñan Citroën. E vostedes chegaron e compraron Audi. Será porque lles gustaban. Ahora pretenden vendelos. ¿Quéreme decir vostede que cuestión pretende utilizar? ¡Non quererá pasar ao Jaguar ou a algo polo estilo! Gustaralle... digo o Jaguar porque o seu compañeiro Cacharro Pardo tiña na Deputación de Lugo. Por eso lle digo que igual lle gusta ese tema. *(Aplausos.)* Igual lle gusta. Non o sei. Seguramente que... pode ser.

Miren, señorías, dende logo dende o Grupo Parlamentario Socialista temos moi claro que este debate foi certamente útil para Galicia e para os galegos, porque demostrou con moita claridade que hai un presidente e un goberno preocupado e é ocupado en afrontar os seus problemas, en facer fronte á crisis que estamos a vivir como o noso contorno internacional, con seriedade e con rigor, buscando a complicidade dos galegos e das galegas, dos seus axentes económicos e sociais e tamén do propio líder da oposición, aínda que eu, señor presidente, teño moitas dúbidas de que finalmente sexa posible, porque o señor Núñez Feijoo está noutra cousa. Está noutra cousa como estaba o señor Rajoy na pasada lexislatura. Os cidadanos fixéronlle evolucionar un pouco pasando polas urnas e mandando ir novamente á oposición. E agora, sin duda, dulcificou un pouco as súas posicións. Ocurriralle tamén, seguramente, ao señor Núñez Feijoo cando pase polo filtro dos cidadanos nas urnas.

A o señor Núñez Feijoo hoxe non lle gusta nada ou case que nada. Non lle gusta o Plan de acuicultura que protexe o noso territorio. Ocupa a Rede Natura practicamente testimonialmente, menos do 2%, e gustáballe o que ocupaba o 28%. Non lle gusta a protección social dos cidadanos, non lle

gusta a gratuidade dos libros de texto, non lle gusta que a agricultura galega e o desenvolvemento rural se produza en condicións para que poidan desenvolver toda a súa potencialidade sen ningún tipo de problemas e que se poida desenvolver aí toda a capacidade de emprendemento que existe no noso territorio. Non lle gustan as directrices de ordenación territorial. Non lle gusta o Plan director de estradas. Non lle gusta nada que teña que ver con Galicia e cos galegos. Por non gustarlle, non lle gusta ao señor Núñez Feijoo, por exemplo, que a economía galega teña crecido máis nestes tres anos que a economía española. Non lle gusta que nestes tres anos se teña creado máis emprego e de máis calidade que no resto de España.

Eso si, señor presidente da Xunta de Galicia, diálogo co señor Núñez Feijoo, todo o que vostede queira, o noso apoio, sin duda. Agora ben, para aplicar as políticas do Partido Popular en materia de emprego, haberá que pensalo. Por unha razón, porque hai comunidades autónomas nas que as están aplicando. Fíxense vostedes, e miren: Galicia hoxe ten unha taxa de paro —e os socialistas non estamos contentos con ela— do 8,33%, señor Núñez Feijoo. Por moito que vostede minta e manipule este dato é un dato oficial que vostede non vai a poder desmentir. Murcia ten o 11,33%. Coñece vostede quen goberna alí ¿non? Valencia o 11,59%; Castilla-León, o 9,29%; e Madrid, que é a xoia da corona, o 8,87%, señor Núñez Feijoo, e subindo.

Polo tanto, fíxese vostede por donde as receitas súas e as do seu partido non parece que vallan para moito. Pero ¡claro! se vamos á avaliación do conxunto do Estado, non cabe duda que nos últimos meses hai, con motivo da crisis económica, impactos no tema do propio emprego, e a avaliación para o conxunto do Estado é do 30,14%, practicamente o triplo do que é para a economía galega, pero en Murcia, señor Núñez Feijoo, é do 59,69%; en Valencia, o 44,69; en Madrid o 31% e en Castilla-León o 20%.

Polo tanto, señor presidente, diálogo e acordo co señor Núñez Feijoo, todo. Para sentar as políticas de emprego, máis bien poquito, porque as recetas do Partido Popular teñen estes resultados.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Rego González.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Feijoo.

Silencio, por favor.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Moitas gracias, señora presidenta.

Efectivamente me quedou por desvelar o resultado das enquisas que parcialmente din. As enquisas que todos os partidos políticos temos, incluída a Xunta de Galicia, dice: Primeiro, que o Partido Popular gañará as eleccións, que o Partido Socialista perderá as eleccións e que o Bloque Nacionalista Galego perderá as eleccións. *(Aplausos.)*

Certamente, señorías, eso é o único que me quedou por engadir, e lamento que o señor Rego rompera esa proposta de pactos subterfuxio do señor Pérez Touriño.

Os galegos normais, señor Touriño, son os que non minten. *(Aplausos.)* É dicir, a maioría das galegas e dos galegos son normais porque non minten, e os que minten, como o seu propio indica vostede saberá como se chaman.

Señoría, vostede me dixo que fixera un debate de investidura –o cual llo agradezo– e admais me chamou catastrofista, travesti, pesimista, irresponsable. Señoría, ¿en que quedamos? ¿Como vai facer alguen un debate de investidura desde o punto de vista catastrofista, pesimista e irresponsable? Señoría, eu a verdade é que estiven a punto de equivocarme e pensei por un momento que este era realmente o debate de investidura. Estiven a punto de equivocarme, señoría, porque non me propuxeron nunca, en tres anos e medio de lexislatura, tantos pactos, tantos acordos, tantas reunións como me propuxeron esta tarde, señor Touriño. Moitísimas gracias.

Señoría, vostede incluso me chamou presidente verde. Pois eu llo agradezo, señoría, eu vou a protexer a Galicia verde e tamén a Galicia azul, señoría, as dúas vou a protexer.

Mire, señoría, dice que vostede que nós votamos en contra de todo. Bueno, o señor Rego dixo que o 50% das resolucións as habíamos pactado, incluso o 41% das leis as habíamos pactado, pero vostede dixo que votáramos que non a Lei integral da violencia de xénero, e se aprobou por unanimidad. Vostede dixo que votáramos que non a Lei de servicios

sociais, e aínda non se aprobou na Cámara. Vostede dixo que votáramos que non a Lei galega de muller no traballo...

A señora PRESIDENTA: Perdón, un segundo.

Señor Núñez Feijoo, non vou a tolerar nin sequera que o seu grupo lle impida a vostede facer o uso da palabra.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Moitísimas gracias, presidenta.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Decía que a Lei galega da muller no traballo nós a votáramos en contra. Non, non, señor Touriño, era vostede cando estaba na oposición que votou en contra da Lei galega da muller no traballo. *(Aplausos.)* Si, señoría, si señoría. O problema é que, señor Touriño, vostede polo Parlamento non vén moito, nin cando agora preside o bipartito nin cando estaba na oposición. O que desde logo non fixen nunca foi poñerlle mocións de censura cando este país tiña un problema como consecuencia dunha catástrofe, e vostedes plantexaron dous, señor Touriño. Eu non o fixen en toda a lexislatura nin o vou a facer.

Señoría, vostede me dice que a vivenda vai ben. Efectivamente, o Consello Galego da Xuventude di que o esforzo para adquirir unha vivenda desde que cambiou o Goberno subiu trinta puntos, do 42 ao 71,9% do salario. Ao Consello Galego da Xuventude supoño que vostede o coñece.

Señoría, me dixo vostede moitas cousas: que tirei pola borda os consensos básicos. Lle propuxen dez durante esta lexislatura, dez consensos básicos. ¿Lle propuxen un pacto polas infraestruturas? non ¿Lle propuxen un pacto polo sector forestal despois da queima masiva dos montes? Non. ¿Lle propuxen un pacto polos servicios sociais? Non. ¿Lle propuxen un pacto pola xustiza? Non. ¿Lle propuxen un pacto pola independencia da Compañía de Radiotelevisión Galega? Non. ¿Lle propuxen retomar o consenso rachado na lingua e na educación? Non. ¿Lle propuxen un pacto pola sanidade? Non. ¿Lle propuxen un pacto polo voto na emigración seguro e en urna? Non. ¿Lle propuxen un pacto polo financiamento autonómico que vamos a ver como queda.

Señor Touriño, un pouco de respecto.

Mire, señor Touriño, vostede me bota a culpa a min polo Decreto de ensinanza lingüística. Pero ¿por que non lle bota vostede a culpa ao Consello Consultivo de Galiza, que dixo que era un decreto ilegal? ¿Por que, señor Touriño? E me dice vostede se vou a volver ao consenso. Xa llo propuxen. Señor Touriño. Neste grupo non manda ninguén, no seu non teñen ningunha política lingüística, porque a política lingüística do seu Goberno non está no seu partido, está no Bloque Nacionalista Galego, ese é o problema que ten vostede, señor Touriño.

Sobre se vamos ou non a derogar a Lei de normalización lingüística. Non. Se vamos ou non a derogar o decreto de Touriño e Quintana. Si, ¿está claro? A Lei de normalización lingüística, non. O decreto imposto de Touriño e Quintana, si, ¿está claro, señor Touriño? ¿Está claro? De acordo.

Me dice vostede que eu estou nun claro concurso de méritos para ocupar a oposición. Pero, señor Touriño, eu desde logo xa me declaro que non vou a ser capaz de ter tanta facilidade como vostede. ¡Se estivo sempre na oposición! Señor Touriño, eu levo dous anos e medio, tres anos e medio, na oposición; vostede leva sempre na oposición. E sobre todo lle digo unha cousa, señor Touriño, vostede se retirará da vida política galega sen gañar nunca unhas eleccións democráticas en Galicia. Por gañar, nin sequera me gañou a este humilde deputado na provincia de Pontevedra, onde vostede tamén perdeu as eleccións autonómicas no ano 2005.

Mire, señoría, me di que eu veño aquí aos debates do estado da Autonomía a non facer ningunha proposta. Lle fixen dez propostas e simplemente nin as recorda. Pero como non teño tempo e vostede si, eu non llas vou a recordar simplemente porque non é necesario, lea o *Diario de Sesións*.

Mire, señoría, quero volver falar do paro. Por un momento volveu vostede á liga das estrelas, pola mañá e agora pola tarde. Mire, a poboación ocupada medrou en Galicia a metade do que medrou en España. A poboación ocupada medrou en Galicia un 3,7 e en España un 6,4, ese é o seu resultado. O seu resultado é que o 46% dos mozos e das mozas galegas teñen hoxe un contrato temporal. O seu resultado é que cando colleu un Goberno había un 8,65% de paro e agora hai un 8,3 e cando acabe a lexislatura en Galicia haberá máis paro que cando vostede colleu a presidencia bipartita da Xunta de Galicia. Ese é o resultado, señor Touriño, (Aplau-

sos.) non hai outro resultado. Alá vostede e as súas propias enquisas; son as enquisas do INE e as enquisas do Ministerio de Traballo.

Mire, vostede alá co seu pasado, eu teño o meu. Eu non vou a prescindir del, pero si lle recordo unha cousa. Vostede outra vez trouxo aquí as contas da leiteira e os contos da leiteira sobre os presupostos do Estado. Pero mire, na memoria e no pasado de cada un está o que está. Na súa memoria, no pasado, como secretario xeral de Infraestruturas do Ministerio de Fomento, este é o mapa, o veto do AVE a Galicia, o AVE que acababa en Valladolid, señoría. Eso, como é natural, é o seu problema e non é o meu problema. E ademais, sobre o pasado e sobre o presente, ¿sabe cal é o seu balance? Vostede acabará a Presidencia da Xunta con cero quilómetros de tren de alta velocidade rematados en Galicia, ese é o balance. Lamento que non lle guste, pero ¡que lle vamos a facer!

Mire, señor Touriño, sobre as contas da leiteira e os contos da leiteira, non me fale vostede a min, convenza vostede o señor Jorquera do BNG. Eu comprendo que xa quedan poucas personas que falen con liberdade no BNG, pero o señor Jorquera está decindo o que está decindo, que non lle gustan as contas. Polo tanto, señor Touriño, agora que xa o profesor Beiras e o profesor Camilo Nogueira nin sequera van polos congresos do Bloque, fale vostede polo menos co señor Jorquera, que ao mellor pode chegar a algún acordo nesa redacción.

Mire, señor Touriño, a comisaria di que o felicitou, probablemente, o que pasa é que na transferencia da presidencia do grupo de traballo Galicia-Norte de Portugal que vostede deixou non veu ningún comisario da Unión Europa, non veu ningún ministro portugués, probablemente, señoría, porque o felicitan por carta, pero desde logo a vostede non lle veñen nin os comisarios nin os ministros portugueses.

Mire, señor Quintana, brevemente, non teño tempo, xa sabemos para que vale o Bloque en Madrid, hoxe quedounos claro. O Bloque en Madrid vale para manter unha ministra no Goberno de España. Está clarísimo, señor Quintana, ¡mire para que vale o Bloque en Madrid! Mire, señor Quintana, me dicen vostedes por que non fixen un congreso. Miren señorías, a min non me preocupa ganar os congresos, ¿a min sabe o que me preocupa? Gañar as eleccións. A vos-

tede lle preocupa gañar os congresos, a min gañar as eleccións. *(Aplausos.)*

Por certo, hai un titular fundamental, a súa assemblea, a assemblea histórica de unidade do BNG, donde non estivo presente o 40% do partido. Señor Quintana, noraboa, noraboa por esa assemblea histórica do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Durante este debate, como puideron comprobar, señorías, estivemos a escoitar constantemente referencias ao Partido Popular de Galicia e referencias sobre a miña persoa. Eu sinto por quen o pretendía, eu non quixen entrar nese xogo porque non é o que lle convén nin ás galegas nin aos galegos. Na boca do bipartito está constantemente Feijoo, e na boca de Feijoo está constantemente Galicia. Esta tarde, o discurso do bipartito estivo constantemente situado naqueles que tivemos estes anos a responsabilidade de exercer a leal oposición, e en contraste, o noso discurso situounos en como debe actuar o próximo Goberno. Uns falaron da pasada oposición e outros falamos do futuro Goberno. Para o Partido Popular de Galicia, Galicia é todo, si non existira Galicia, non existiría o Partido Popular de Galicia. E queremos –comprendo que hai algúns que nos dicen que nos comportamos con UPN para pactar co PSOE, pero, hombre, se co PSOE xa pacta vostede, señor Quintana, non me mande vostede pactar co PSOE.

Ben, decía que queremos unha Galicia aberta e competitiva para todos; queremos unha Galicia con oportunidades para todos; queremos unha Galicia vertebrada e ben comunicada, concebida desde unha visión compartida de país; queremos unha Galicia cunha administración eficiente, onde realmente exista transparencia; queremos unha Galicia con máis calidade democrática, máis participativa e respectada polo conxunto de España e no exterior. Confeso que, nos dous debates anteriores, as intervencións dos membros do bipartito xiraran en torno ao meu partido e á miña persoa, pero neste non vou a dicir outra cousa, me alegro. Me alegro porque, cando estemos a punto de abrir unha nova etapa política, a superar o noso pasado máis recente, que é o bipartito, si que entendo que sexa este partido o que é o centro do debate do estado da Autonomía esta tarde. Moitísimas grazas, llo agradezo expresamente. *(Aplausos.)*

Señorías, temos un proxecto para desenvolver por un goberno unido, e un goberno unido que busca a unidade de Galicia.

Insistimos na unidade porque é necesaria; insistimos na unidade porque é básica e insistimos na unidade porque é a unidade, no a división, a que Galicia precisa para avanzar e superar o momento de crise no que estamos vivir. E por iso, porque cremos que é a fórmula responsable, levo varios meses pedindo esa unidade. O pedín cando propuxemos a comisión para desbloquear o AVE das autovías; o pedín cando propuxemos que o Goberno central invertira o 100% do presupostado en Galicia, o pedín cando plantexei un financiamento autonómico de verdade, consensuado con todas as forzas; o pedín cando estou pedindo os 240 millóns de euros do Estado, que non nolo quiten, para a sanidade pública de Galicia; e o pedín pola limpeza do voto de todos os galegos e as galegas. Por suposto, dos galegos e das galegas da emigración. E hoxe novamente volví a propoñer a unidade, pero atopeime coa mesma resposta que en anteriores ocasións. Pero eu insisto, insisto. Pechemos esta lexislatura como temos que desenvolver a seguinte, con unidade fronte aos problemas.

Deamos o primeiro paso. Xa lle dixen, empezamos a falar xa. Lle vou a propoñer o primeiro paso unidos, deste camiño, para afrontar a crise. Pactemos os orzamentos do ano 2009, señores do bipartito. Este é o primeiro paso. Pactemos os orzamentos do ano 2009, empecemos xa. É evidente que estes orzamentos non van a ser executados por este Goberno, polo tanto, se queremos pactar, pactemos xa, empecemos o camiño da crisis, comencemos a facer ese camiño da crisis pactando os presupostos do ano 2009.

Señorías, creo que é posible, creo que é posible este acordo, do mesmo modo que creo que é posible que haxa un goberno que governe de acordo entre si. É posible, é posible que en Galicia volvamos a ter un goberno que governe de acordo entre si, e sinceramente creo que é posible que dentro de catro anos haxa un Goberno que poida presentar un balance máis rico que o que hoxe o bipartito quixo maquillar sin demasiado éxito. Sen demasiado éxito porque os cidadáns viven a realidade sen ningunha capa de maquillaxe. En resúmen, o que eu hoxe afirmo é exactamente o mesmo que afirma a maioría dos galegos: O bipartito presenta un balance de Goberno ben cativo. O dicionario di que a palabra nada, que a utilicei efectivamente en máis dunha ocasión, significa en ningunha ou en moi pouca cantidade, e esa é –insisto– a percepción maioritaria de Galicia. O bipartito non fixo nada ou o fixo en moi pouca cantidade, por iso, con

todo o respecto do mundo, con toda a educación do mundo, con toda a responsabilidade que me dá saber que estou falando en nome da maioría de Galicia, lle digo gracias por nada. Adeus bipartito.

Moitas gracias.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Núñez Feijoo. Moitas gracias.

Silencio, por favor. Por favor, silencio.

Para o turno de contrarréplica ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):

Señora presidenta, señoría, correspóndeme poñer o punto final, o peche do debate do estado de Autonomía. Direi moi rápida e brevemente dúas ou tres cousas ao señor Núñez Feijoo e logo me dedicarei a tratar de poñer o punto de peche e facer o balance final do debate.

Algunha pequena aclaración do señor Feijoo, Danuta Hübner non é un comisario da Unión Europea, é unha comisaria da Unión Europea, que alomenos en dúas ocasións estivo en Galicia e tiveron a oportunidade de conversar amplamente en profundidade con ela. Como sempre, ten o señor Núñez Feijoo o don da inoportunidade. ¿Por Galicia non veñen comisarios da Unión Europea? Mira ti por donde, onte pola mañán tiveron a oportunidade de desayunar e recibir no meu despacho de Monte Pío o comisario europeo de Pesca. Unha vez máis, esa oportunidade que tan ben o caracteriza.

Bueno, non hai ningún quilómetro do ave en servizo. Señor Feijoo simplemente hai 50 do ave atlántico en pleno servizo e en pleno rendemento. E bueno, remata o debate do estado da Autonomía, que me parece máis importante, sin que o señor Núñez Feijoo falara da crisis económica e falara dos problemas reais dos cidadáns. Veu aquí a facer un discurso en clave preelectoral, a esibirse como candidato de un posible novo Goberno. Non estamos nese tempo, estamos nun tempo de traballo, de resposta, para rematar unha lexislatura facendo que entre todos, a ser posible, entre todos, Galicia salga adiante da crisis.

Permítame dúas ou tres afirmacións fundamentais. Creo que no debate de hoxe puidemos facer un diagnóstico de avaliación que demostra que a crisis é unha crisis global, unha crisis profunda, de desorden financeiro internacional, con epicentro en Estados Unidos e que invade e prolonga un clima de recesión aos países centrais da Unión Europea. A el non é allea Galicia, e por eso a miña preocupación como presidente da Xunta non pode ser outra que a de convocar e tomar todas as medidas necesarias para que Galicia faga fronte en condicións á crisis económica que nos golpea.

Temos unha Galicia, aínda que o Partido Popular non lle guste, e menos ao señor Feijoo, mellor preparada, máis fuerte, para facer fronte ás dificultades da crisis económica. Temos unha Galicia que creceu máis e mellor. Hoxe temos o maior volumen de emprego e de ocupados da nosa historia. Hoxe temos a menor taxa de paro dos últimos vinte e cinco anos; máis emprego feminino que nunca, máis mulleres que nunca traballando, en definitiva, un país máis forte, un país cun plus de resistencia, un país que creceu e liderou nestes anos a converxencia con Europa e con España como resultado do esforzo conxunto da cidadanía. Se algo aprendemos neste período, e debéramos de sacar todas conclusións, señor Núñez Feijoo, é que Galicia é un país que demostra o que sabe, que demostra que pode, que demostra que xunta avanza, avanza e progresa a pesar das dificultades e para eso foi clave o diálogo social, para eso foi clave a sociedade civil, e cada día que pasa me sinto máis orgulloso de todas as galegas e galegos, dos empresarios e dos sindicatos do país, que se puxeron a facer aquilo que non fixo o Partido Popular en tres anos de oposición, poñer unha sola medida positiva enriba da mesa e sumarse ao necesario consenso e búsqueda de solucións. Eso si o fixeron os empresarios e os sindicatos coa Xunta de Galicia e o seu presidente ao fronte, e o resultado dese diálogo social é que hoxe temos unha Galicia en mellores condicións, máis fuerte e máis capaz para falar da crisis, e sobor de todo para responder da crisis. Porque efectivamente apostamos pola economía produtiva, porque efectivamente apostamos por poñer a educación no centro da nosa preocupación e no centro das nosas marchas programáticas, igual que a innovación. Multiplicamos dúas veces e medio a aportación á investigación das universidades; apostamos pola educación cos ordenadores nas aulas, de doce a cinco; apostamos por anticipar o idioma en lingua estranxeira e o aprendizaxe de inglés; apostamos por levar adiante a gratuidade dos libros de texto, ampliar os come-

dores e apostamos, en definitiva, por unha ensinanza multi-lingüe e unha ensinanza de futuro no noso país.

Apostamos por medidas potentes no ámbito do transporte público, cunha alternativa que nos próximos meses entrará en vigor en todas as grandes cidades de Galicia, para facer un transporte público –agora si– novo, cunha tarifa única, cunha tarxeta única e que permita reducir o transporte en tempo, en riesgo e en capacidade, cunha redución de tarifa superior ao 52%.

Apostamos por unha política de vivenda protexida –ahora si–, cunha lei que mobilizará o 40% do suelo de Galicia nas grandes cidades para facer vivenda a precio asequible e a un precio razonable.

Apostamos, si, pola Galicia social, unha Galicia profundamente solidaria, para crear o Sistema de Benestar Social inexistente, que nos deixaron vostedes en herencia o máis grave déficit social. Apostamos por un novo modelo territorial, saneando as rías e os ríos, protexendo as nosas concas, limpando e construíndo unha Galicia verde e limpia, cun plan de saneamento integral das rías e esa lei dique de contención da especulación no borde litoral marítimo da nosa comunidade.

Estamos a cambiar o país. O estamos a cambiar coa axuda da maioría inmensa dos cidadáns, os que nos votaron e os que non nos votaron. E hoxe me sinto presidente, máis que nunca, de todas as galegas e de todos os galegos.

Para concluir iste debate quero dicir con firmeza e decisión que o meu único interese se chama Galicia, sempre Galicia. Que a miña única lealtade, por enriba de todo, é coa defensa como presidente dos intereses xerais da nosa comunidade; que a miña única preocupación son os galegos que hoxe sufren, as amas de casa, os xóvenes, os que entran en paro, en definitiva, a xente da nosa terra que pode ter máis dificultades. Por eso, señor Feijoo, dediquei o grueso central desta intervención a poñer enriba da mesa un programa de medidas de apoio ao emprego e de apoio á actividade económica; un programa de medidas de máis de 430 millóns de euros, que significa que a Xunta de Galicia neste momento tomará medidas, por enriba das que viñan tomando, co apoio da Cámara, para facer posible que todo traballar en paro dun ano ou máis de duración teña un incentivo a súa empresa de

10.000 euros para poder ter un contrato indefinido na súa terra e saír do risco de situación de paro ou da realidade do paro. En definitiva, un programa potente, con materias en política de produción de emprego e de axuda á financiación das empresas.

Neste momento hai máis de 1.700 millóns de euros de financiamento á disposición das pequenas e medianas empresas, as que teñen máis dificultade, para que ningún proxecto viable na nosa terra quede asfixiado ou imposible de saír adiante por falta de financiación. Unhas medidas que van en correspondencia coas que hoxe mesmo anunciaba a Unión Europea no Ecofin e as que anunciaba o presidente do Goberno de España no ámbito do Goberno para toda a nación. Medidas positivas e medidas ás que convoco que se sumen, que nos encontremos nun pacto de unidade, de diálogo e de confianza para sacar adiante unha Galicia que, segura das súas propias forzas, teño a convicción que debe de saír adiante.

A miña apelación final, o mesmo que á primeira hora da mañán, é unha apelación á unidade e á confianza, pero non para afrontar as eleccións, señor Feijoo, unidade e confianza para saír adiante da situación de crisis, para afrontar a crisis e para responder diante dela cunha prioridade fundamental e cunha folia de ruta trazada. Os orzamentos serán presupostos de austeridade, serán orzamentos de austeridade, serán orzamentos que priorizarán que ninguén quede atrás, que priorizarán a política social, que priorizarán o emprego e a loita a favor do investimento produtivo. E a financiación autonómica o meu compromiso sigue a ser abordada desde o diálogo e o consenso de toda a Cámara, xuntos, para lograr ter os recursos que Galicia necesita, e poden ter a convicción que o vamos a conseguir, igual que o tren de alta velocidade, no período comprometido, porque temos os mellores presupostos da historia da comunidade, que duplican os que tiñamos no seu tempo, uns presupostos que agora nos permitirán que o ano que vén podamos licitar e contratar todos os tramos que nos faltan do AVE, e reitero o meu compromiso con esa vontade inquebrantable e inescusable de diálogo, de confianza e de unidade.

O convoco, unha vez máis, a esa dirección, e espero que por unha vez estea á altura dos tempos e das circunstancias.

Parabéns e moitas grazas. Parabéns aos grupos parlamentarios que apoian a acción do Goberno que presido, grazas

polo seu apoio, pola súa lectura crítica e construtiva e por estar sumando esforzos nunha vontade imparable e inquebrantable de cambiar o país, de cambialo dende os postulados de progreso e de modernidade, dos progresos de emprego e de igualdade, dunha Galicia máis xusta e máis solidaria.

Nada máis e moitas gracias.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor presidente.

Sería convinte que aqueles deputados que xa non teñan interés no pleno abandonen o hemiciclo para que o resto se poidan enterar da información que vai a dar a presidenta.

Os grupos parlamentarios poden presentar propostas de resolución hasta as once horas de máñá, día 8, no Rexistro Xeral da Cámara. Unha vez esgotado o prazo –repito, as once da mañá–, a Mesa, ás doce horas, procederá á cualifi-

cación e distribución aos grupos de todas as propostas admitidas para o seu estudo antes de que se reinicie a sesión.

A sesión se reiniciará ás dezaseis trinta, é decir, as catro e media da tarde, e como xa fixemos na anterior ocasión o ano pasado, as propostas de resolución serán mandadas por vía telemática, de xeito inmediato, aos grupos parlamentarios para que dispoñan vostedes do maior tempo posible.

Se algunha proposta de resolución tivera dificultades de cualificación, posteriormente pola Mesa se lles comunicaría con tempo suficiente.

Boas noites e moitas gracias.

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e cinco minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25